

# Informe de seguimento 2012



XUNTA DE GALICIA



# Informe de seguimiento 2012

Plan de acción integral para as  
persoas con discapacidade de  
Galicia 2010-2013

**Xunta de Galicia**

Consellería de Traballo e Benestar

Secretaría Xeral de Política Social

2012

Edición:

**Xunta de Galicia**

**Consellería de Traballo e Benestar. Secretaría Xeral de Política Social**

Elabora:

**ESTRATEGA consulting**

Coordinación:

**Rosa Torrado**

## ÍNDICE

1. Introducción.....	6
2. Posta en marcha do proceso de seguimento do plan .....	8
3. Programación de actuacións 2012 .....	11
4. Resultados 2012.....	13
4.1. Área 1. Protección dos dereitos .....	15
4.2. Área 2. Igualdade de xénero e transversalidade .....	22
4.3. Área 3. Accesibilidade .....	38
4.4. Área 4. Promoción da autonomía persoal .....	51
4.5. Área 5. Educación.....	65
4.6. Área 6. Formación e emprego.....	74
4.7. Área 7. Recursos no ámbito dos servizos sociais.....	88
4.8. Área 8. Saúde e atención sociosanitaria.....	98
4.9. Área 9. Atención temperá .....	104
4.10. Área 10. Cultura, deporte e tempo de lecer .....	111
5. Resumo estatístico.....	122
5.1. Grao de actividade por área.....	122
5.2. Persoas beneficiarias. Distribución por sexo .....	126
6. Anexos .....	126
Anexo I. Listaxe de vogais asistentes á 2.ª reunión da Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013	
Anexo II. Relación de persoas de contacto por departamento/organismo responsable para o seguimento 2012 do plan	
Anexo III. Datas de recepción dos formularios de seguimento 2012 por departamento/organismo responsable	
Anexo IV. Resumo da execución de actuacións 2012	



## 1. INTRODUCCIÓN

Este documento recolle os datos relativos ás actuacións executadas durante o exercicio 2012 no marco do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, a partir dos indicadores de seguimento definidos para cada actuación deste plan.

As estratexias de seguimento e de avaliación de plans de acción constitúen unha peza fundamental no deseño e na planificación de políticas sociais, xa que actúan como instrumentos que reforzan o seu desenvolvemento e que facilitan a toma de decisións. A súa previsión e definición convértense nunha tarefa primordial en todo proceso de elaboración de plans de intervención no ámbito social. Neste sentido, o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 prevé un sistema de seguimento e de avaliación que se describe no seu capítulo IV (versión dispoñible na web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-discapacidade>).

O plan configurouse como un marco de actuación do Goberno galego para conseguir que as galegas e os galegos con discapacidade gocen dunha cidadanía plena e que participen activamente na vida comunitaria. Un dos elementos que o definen é o seu carácter transversal e integral. Participan no seu desenvolvemento todas as consellerías da Xunta de Galicia e as secretarías xerais da Presidencia, xunto co movemento asociativo do sector.

Foi este o primeiro plan de acción integral do Goberno galego en materia de discapacidade e con el preténdese garantir unha intervención eficiente, eficaz e coordinada para conseguir unha mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias que acentúe a súa inclusión e a súa plena participación social. Consegir unha sociedade accesible, na que todo o mundo participe, responde ao interese do conxunto da poboación.

Fundamentado nos dereitos humanos, o plan deseñouse coa colaboración dos principais axentes involucrados, dende os diferentes colectivos profesionais que traballan no ámbito da discapacidade, ata as entidades sociais e representantes das corporacións locais, ademais dos diferentes departamentos da Administración autonómica. Esta peculiaridade do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 fai aínda máis necesaria unha especial dedicación ao labor de seguimento e de avaliación. O elevado número de organismos implicados e as numerosas actuacións do plan (un total de 305) xustifican sobradamente a necesidade dunha metodoloxía que permita unha recollida rigorosa e coordinada da información relativa á execución do plan para realizar un seguimento de xeito continuado e permanente durante todo o seu período de vixencia e unha posterior avaliación final.

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Política Social, asume estas tarefas e responsabilízase das funcións de impulso e seguimento, en colaboración co resto dos departamentos responsables en cada unha das áreas de actuación e co apoio dunha asistencia técnica especializada en consultoría da área social e de planificación e xénero.

A elaboración de informes de seguimento con carácter anual forma parte do procedemento de seguimento e de avaliación e debe ter lugar unha vez finalizada a anualidade de referencia e o proceso de recollida da información facilitada polos organismos implicados nas actuacións programadas para esta anualidade.

Este correspóndese co informe de seguimento 2012 e presenta a mesma estrutura adoptada nos informes precedentes (2010 e 2011), como se acordou tanto polo Grupo coordinador de seguimento e avaliación do plan coma pola Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013. Polo tanto, presenta unha estrutura en capítulos segundo se relata a continuación:

- ✿ No primeiro capítulo, descríbense os traballos realizados como parte do proceso de seguimento propiamente dito e que garda relación directa coas funcións asignadas ás estruturas creadas con motivo do seguimento e da avaliación do plan de discapacidade (Grupo coordinador de seguimento e avaliación etc.). Esta parte do proceso implica un intenso traballo que esixe un importante e continuado esforzo por parte do departamento impulsor do plan.
- ✿ Deseguido, preséntase un resumo estatístico das actuacións do plan por áreas e a súa programación para 2012 (capítulo 3), que actúa como epígrafe introdutoria do capítulo par deste informe –“Resultados 2012”– das actuacións programadas.
- ✿ No capítulo 4, dáse conta do alcance da actividade do plan, así como dos resultados acadados a partir dos indicadores de realización e/ou dos resultados definidos para cada actuación. A información distribúese en varias epígrafes, tantas como áreas de intervención integran o plan de acción, e seguen a mesma estrutura e orde deste para facilitar a súa lectura e comprensión. O contido de cada área adáptase ás actuacións que a integran e que estaban programadas para esta anualidade (ademais doutras posibles de nova incorporación) e a información que se presenta é a facilitada polos organismos responsables a través dos formularios especificamente elaborados para o proceso de seguimento.
- ✿ No seguinte capítulo preséntase, como resumo, o grao de actividade/execución por área de intervención, de forma que é posible realizar unha análise comparativa entre áreas.

Por último, o informe recolle unha epígrafe de anexos que complementan o seu contido e que ofrecen datos de grande interese, sobre todo en relación coa resposta/actividade de cada departamento administrativo implicado.



## 2. POSTA EN MARCHA DO PROCESO DE SEGUIMENTO DO PLAN

En resposta ás directrices que marca o plan de acción na epígrafe relativa ao seguimento e avaliación (capítulo IV), ao inicio do período de execución do plan desenvolvéronse numerosas accións que contribuíron a sentar as bases do procedemento para levar a cabo o seguimento do plan durante todo o seu período de vixencia, tal e como quedou explicado no informe de seguimento 2011: **constitución do Grupo coordinador de seguimento e de avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013** (creado o 25 de xaneiro de 2011) e da **Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013**, creada polo Decreto 122/2011, do 16 de xuño.

O 16 de maio de 2012, ás 11: 30 h, na Sala Grande da Secretaría Xeral de Política Social do Edificio administrativo San Caetano, tivo lugar a sétima xuntanza do grupo coordinador coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sexta xuntanza do Grupo coordinador de seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.
2. Aprobación do informe de seguimento 2011.
3. Planificación do proceso que se ha seguir ata a Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia.
4. Rolda de intervencións.

Elabórouse un resumo de contidos desta xuntanza que se lles remitiu a todas as persoas asistentes e procedeuse segundo os acordos adoptados.

Non obstante, debido a diversas cuestións ligadas á Administración autonómica, pero alleas ao propio desenvolvemento do plan, a reunión en sesión ordinaria da Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010- 2013, correspondente a 2012, quedou demorada e celebrouse o día 31 de xaneiro de 2013, segundo a seguinte orde do día:

- ✿ Aprobación do informe de seguimento do Plan de acción integral para as persoas discapacidade de Galicia 2010-2013, correspondente á anualidade 2011.
- ✿ Proceso de recollida de información para o seguimento das actuacións realizadas no 2012: modelos que se han utilizar, procedemento que se debe seguir, prazos para a remisión de datos e data prevista para a redacción do informe de 2012.
- ✿ Data de presentación do informe de seguimento do 2012 para a súa aprobación e previsións para o seguimento do 2013.
- ✿ Rolda de intervencións.

Así mesmo, remitiúselles ás persoas integrantes da citada comisión previstas no artigo 2 do Decreto 122/2011, do 16 de xuño, xunto coa convocatoria, a seguinte documentación:

- ✿ Borrador do informe de seguimento do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010- 2013, correspondente á anualidade 2011.



- ✿ As alegacións/comentarios realizados por Cermi Galicia ao informe 2011 e ao plan en xeral, coas respostas facilitadas dende a Secretaría Xeral de Política Social.
- ✿ As alegacións/comentarios realizados por Cermi Galicia ao informe 2011 e ao plan en xeral, coas respostas facilitadas dende a Secretaría Xeral de Política Social.

## 7) Proceso de recollida de información para o seguimento 2012

A continuación describíense, de forma resumida e cronoloxicamente, os pasos que se deron ata acadar a información necesaria para elaborar este documento de resultados 2012.

### Con relación á tramitación/validación do Informe de seguimento 2011:

- O 24 de maio de 2011 remitíuselles a todos os departamentos o borrador do informe de seguimento 2011, aprobado polo Grupo coordinador de seguimento e avaliación do plan, co obxectivo de contar coa conformidade de cada departamento, polo menos na parte (área e actuacións) que lles competese máis directamente. O prazo para a remisión de posibles observacións/alegacións/correccións fixouse no 1 de xullo.
- Nesta ocasión, recibíronse alegacións por parte de UXT Galicia de similar natureza ás recibidas con motivo do informe 2010, ás que se sumou un importante volume de comentarios realizados dende o movemento asociativo a través do Cermi Galicia. Esta foi unha das razóns de que se pospuxese a elaboración da versión definitiva do informe de seguimento que se debería levar á comisión, xa que a Secretaría Xeral de Política Social tomou a decisión de completar información relativa a algunhas actuacións, aínda cando esta superaba a solicitada a través dos indicadores de seguimento definidos e inicialmente aprobados para o seguimento do plan.
- Ao longo do mes de setembro, procedeuse a ampliar o informe nalgunha actuación e obtívose un segundo borrador que se completou posteriormente ata acadar a súa versión definitiva (outubro de 2012), que se presentou e aprobou a Comisión para o seguimento e avaliación do plan de discapacidade celebrada, como se sinalou anteriormente, na súa convocatoria do 31 de xaneiro de 2012.

### Con relación ao seguimento 2012 propiamente dito:

- Do 13 ao 15 de febreiro de 2013, procedeuse á remisión personalizada dos formularios de seguimento 2012 a cada un dos organismos implicados, revisados e actualizados a partir dos acordos aprobados na Comisión do 31 de xaneiro con relación a indicadores dunha parte das actuacións. Como novidade respecto dos formularios 2011, incluíuse un campo máis en cada formulario co título de “Actuacións non recollidas no plan e/ou que non se adaptan á estrutura de recollida de información”, cuxo obxectivo era recoller as actuacións realizadas polos distintos departamentos que lles afectase, directa ou indirectamente, ás persoas con discapacidade e que non estivesen recollidas no plan e/ou cuxa información resultase de difícil inclusión no formato da ficha. En definitiva, o obxectivo era ter constancia de toda a actividade realizada en 2012 en materia de discapacidade, aínda cando non estivese prevista no plan.
- O 27 de febreiro, enviouse un recordatorio para a remisión da información aos departamentos que non remitisen o formulario a unha semana de finalización do prazo, fixado no 5 de marzo. Este



prazo ampliouse á vista dos formularios recibidos ata esa data e da falta dalgúns departamentos cruciais.

- De forma progresiva, procedeuse á revisión de todos os formularios e ao seu rexistro como paso previo á análise da información por áreas de intervención e á presentación dos resultados neste informe de seguimento, pero a diferenza dos seguimentos anteriores non se procedeu (salvo excepcións) á remisión dos requirimentos e/ou consultas naqueles casos nos que era preciso aclarar dúbidas sobre a información facilitada e/ou nos casos en que o formulario de comunicación de datos estaba incompleto ou non debidamente informado. E xa no terceiro ano de execución do plan, considerouse que é responsabilidade de cada departamento comunicar debidamente a información, e non se insistiu tanto no envío de información, motivo polo que nesta ocasión nove departamentos non remitiron formalmente o seu formulario.

En anexos inclúese unha táboa na que se dá conta das datas de petición e de recepción da información 2012 por departamentos. Trátase dun cadro resumo de carácter informativo sobre as datas nas que o grupo coordinador recibiu os formularios de datos. Segundo este cadro, dun total de 42 departamentos/entidades consultadas recibíuse resposta de 37, o que supón un nivel de resposta do 88,1 %.<sup>1</sup>

**As comunicacións con e entre departamentos participantes estableceuse a través da conta de correo web creada** para o intercambio de información relativa ao seguimento do plan: [plangalegodiscapacidade.benestar@xunta.es](mailto:plangalegodiscapacidade.benestar@xunta.es). A través desta conta, remitíronse un total de 42 formularios para o seguimento 2012 a outros tantos departamentos administrativos, incluído Cermi Galicia (entidade representante do movemento asociativo no ámbito da discapacidade, primeiro na elaboración do plan e agora no seguimento deste). A través deste medio, tamén ten lugar a comunicación do Grupo coordinador de seguimento e avaliación do plan cos organismos participantes. Os contidos desta comunicación son de moi diversa natureza: petición/achega de datos, consulta/resolución de dúbidas, notas informativas sobre actuacións e indicadores, recordatorios de tarefas etc.

O primeiro borrador do informe de seguimento 2012 someteuse á valoración do Grupo coordinador de seguimento e avaliación do plan na súa oitava xuntanza, celebrada o 24 de maio de 2013. Unha vez aprobado o seu contido e enfoque, e logo de incorporarse as observacións deste, remíteselles a seguinte versión (do 27 de maio) a todos os departamentos e organizacións participantes para proceder á súa validación e/ou remisión de comentarios ou posibles modificacións, e mesmo para completar datos aqueles departamentos que non remitiron o formulario de seguimento.

Unha vez rematado o prazo para realizar as correspondentes observacións (que se fixou no 29 de maio, aínda que se recibiron datos ata o día 31), procedeuse a facer as modificacións correspondentes, das que resultou unha nova versión do informe que se presentou e aprobou na Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia na súa terceira convocatoria, celebrada o 30 de xullo de 2013.

---

<sup>1</sup> Non obstante, se se conta a Escola Galega de Administración Pública, da que non se recibiu formalmente o seu formulario cuberto a través do correo xenérico asignado para o seguimento do plan, pero da que si se obtivo información puntual por outras vías diferentes, o número de departamentos sería de **38** e a porcentaxe de resposta do **90,5 %**.

### 3. PROGRAMACIÓN DE ACTUACIONES 2012

Segundo consta no documento do Plan acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, o seguinte cadro recolle o número de obxectivos específicos e de actuacións por cada área de intervención, e sinálase na última columna o número de actuacións programadas para 2012 en cada área, así como o seu peso porcentual sobre o total de actuacións do período 2010-2013, tamén en cada área e no conxunto do plan.

**Táboa 1. ÁREAS DE INTERVENCIÓN: NÚMERO DE OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, NÚMERO TOTAL DE ACTUACIONES, NÚMERO DE ACTUACIONES PROGRAMADAS EN 2012 E PESO PORCENTUAL**

ÁREA	N.º de obxectivos específicos	N.º total de actuacións	Actuacións programadas 2012	
			N.º	%*
1 PROTECCIÓN DOS DEREITOS	3	18	9	50,0 %
2 IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE	4	28	16	57,1 %
3 ACCESIBILIDADE	4	51	33	64,7 %
4 PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL	4	34	30	88,2 %
5 EDUCACIÓN	6	28	23	82,1 %
6 FORMACIÓN E EMPREGO	5	47	33	70,2 %
7 RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS	3	30	20	66,7 %
8 SAÚDE E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA	3	22	15	68,2 %
9 ATENCIÓN TEMPERÁ	3	16	9	56,3 %
10 CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER	3	31	22	71,0 %
<b>TOTAL</b>	<b>38</b>	<b>305</b>	<b>210</b>	<b>68,9 %</b>

\*Peso porcentual sobre o número total de actuacións do período de vixencia do plan 2010-2013.

Nos seguintes gráficos, obsérvase o peso porcentual das actuacións 2012 sobre o total do período de vixencia do plan, que varía entre áreas, dende un 50 % na área 1 –“Protección dos dereitos”–, ata o 88,2 % na área 4 –“Promoción da autonomía persoal”–. Se se considera o plan no seu conxunto, en 2012 estaba programada actividade no 68,9 % das actuacións.



**Gráfico 1A.** PORCENTAXE DE ACTUACIÓNS PROGRAMADAS EN CADA ÁREA PARA O EXERCICIO 2012 SOBRE O TOTAL DO PERÍODO 2010-2013



Fonte: Elaboración propia.

**Gráfico 1B.** PORCENTAXE DE ACTUACIÓNS PROGRAMADAS EN CADA ÁREA PARA O EXERCICIO 2012 SOBRE O TOTAL DO PERÍODO 2010-2013. DISTRIBUCIÓN POR ORDE DECRECENTE DO SEU VALOR PORCENTUAL.







Fonte: Elaboración propia.

## 4. RESULTADOS 2012

Este capítulo constitúe a parte central do informe de seguimento, xa que é aquí onde se recollen os resultados das actuacións do plan desenvolvidas durante o exercicio 2012. Para a súa exposición **procédese a analizar os datos acadados por área de intervención e non por departamento administrativo**<sup>2</sup>.

Así pois, este capítulo divídese en dez subcapítulos, tantos como áreas de intervención ten o plan, máis un último que é un resumo estatístico. Cada **subcapítulo** presenta a seguinte estrutura:

-  Unha **parte introdutoria** na que se recorda o obxectivo xeral e os obxectivos específicos de área e na que se sinala o número de actuacións programadas para a anualidade 2012 nesta área e os departamentos responsables da súa execución. Tamén se dá conta das posibles actuacións non programadas neste exercicio, pero que se incorporaron a esta anualidade, pola non execución na anterior ou pola continuidade da actividade.
-  A seguir, inclúese un **cadro de todas as actuacións programadas** neste exercicio, distribuídas por obxectivo específico, no que se describen para cada unha delas os **resultados** acadados. Para iso tómanse **como referencia os indicadores de realización e/ou de resultados que recolle o plan e a información/datos que para cada indicador achegaron os organismos ou as entidades responsables**. Nalgúns casos, engádense outra información de interese ou explicacións que axudan a entender a actividade realizada (a partir dos datos facilitados ao Grupo coordinador de seguimento e avaliación por cada organismo/entidade), sobre todo no caso das actuacións competencia da Secretaría Xeral de Política Social, o departamento impulsor e coordinador do plan. Este cadro constitúe a parte fundamental de cada subcapítulo.
-  Despois do cadro, **resúmese o nivel de actividade de área** para o que se toma como criterio de medida a porcentaxe de actuacións con actividade en 2012 respecto do total de medidas previstas para ese exercicio.
-  Por último, o **punto 4.11 sintetiza os niveis de actividade** acadados a través de datos estatísticos: números absolutos e porcentaxes.

Ademais, engádense algunhas actuacións de **nova incorporación** non previstas na última modificación de 2011, pero que se recolleron grazas ao proceso de seguimento por departamento.

---

<sup>2</sup> O proceso de recollida de información programouse por departamento/entidade, pero a análise de resultados establécese tomando como elemento estrutural de referencia a área de intervención. Para coñecer o nivel de participación/execución por departamento, **consultar o anexo 4**.



**Moi importante:**

**Nota 1:** Neste informe 2012, e para o nomeamento dos departamentos da Xunta de Galicia implicados, respéctase o nome das consellerías e dos departamentos vixente en 2012 tras a reorganización de consellerías que se efectuou mediante o Decreto 1/2012, do 3 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Isto decídese así porque o informe se corresponde co exercicio 2012 e será no seguimento 2013 cando se utilicen os nomes correspondentes coas novas reestruturacións realizadas a principios de 2013.

**Nota 2:** As actuacións programadas para 2012 e sen resposta polo momento do departamento responsable estanse a contar como executadas ou con actividade, á espera do peche definitivo do informe. Pasarán a ser non executadas na versión final en caso de que non se conte coa información pertinente.

**Código de cores (sombreados) utilizados nas táboas de resultados**


Actuación programada para 2011 e incorporada ao seguimento 2012 por non execución (agás algún caso que é por continuidade noutra anualidade máis).

Actuación non executada/sen actividade en 2012.

Actuación sen datos por non obter resposta do departamento responsable (ben por non remitir o formulario ou ben por non cubrir datos nesa actuación concreta).

## 4.1. ÁREA 1. PROTECCIÓN DOS DEREITOS

A área 1 de intervención do plan, "Protección dos dereitos", ten como obxectivo garantir e promover os dereitos das persoas con discapacidade.



Está conformada por un total de **18 medidas** para lles dar consecución aos tres obxectivos específicos definidos para acadar ese obxectivo xeral de área:

1. Promover información, formación e asesoramento dirixido ás persoas con discapacidade, familiares, profesionais implicados/as e á sociedade en xeral, sobre os dereitos e a protección xurídica.

2. Garantir e promover a accesibilidade das persoas con discapacidade e familiares á xustiza e a unha axeitada

protección xurídica.

3. Desenvolver políticas públicas que garantan, de xeito efectivo, os dereitos das persoas con discapacidade de acordo coa Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

Do total das medidas de área, **nove** tiñan prevista actividade para o **exercicio 2012**. A estas hai que lles **sumar catro actuacións programadas só para 2011 e non executadas** nesta anualidade, que se incorporaron novamente nos formularios de seguimento 2012. **En total, realizouse o seguimento de 13 actuacións.**

Os **departamentos responsables** das accións programadas son os seguintes: 1) Secretaría Xeral de Política Social; 2) Fundación galega para o impulso da autonomía persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia - Funga; 3) Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo; 4) Secretaría Xeral de Medios; 5) Dirección Xeral de Xustiza; 6) Universidades; 7) Compañía de Radiotelevisión de Galicia - CRTVG; 8) Cermi Galicia.

Na seguinte táboa, recóllense os resultados destas actuacións a partir dos indicadores de realización e/ou de resultados que o plan recolle para as medidas programadas, distribuídas nos tres obxectivos específicos de área.





## ÁREA 1. PROTECCIÓN DOS DEREITOS

**Obxectivo específico 1. Promover información, formación e asesoramento dirixido ás persoas con discapacidade, familiares, profesionais implicados/as e á sociedade en xeral, sobre os dereitos e a protección xurídica.**

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>1.1.4.</b> Promover a realización de accións informativas (mediante charlas ou semellantes) sobre os dereitos e os deberes das persoas incapacitadas xudicialmente, das súas persoas titoras e do resto de familiares, así como dos e das profesionais para evitar conflitos derivados do descoñecemento nesta materia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Secretaría Xeral de Política Social</li> <li>✱ Fundación galega para o impulso da autonomía persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia – Funga</li> </ul>	<p><b>N.º de accións informativas previstas:</b> 6</p> <p><b>N.º de accións informativas realizadas:</b> 4</p> <p><b>Nome e descrición das accións informativas realizadas e lugar/entidade de realización:</b></p> <p>1. <u>Xornadas sobre protección xurídica e discapacidade:</u> organizadas pola Fundación Gavela nas instalacións da EGAP (Santiago de Compostela), os días 3 e 4 de maio. A intervención da Funga concretouse na presentación da fundación, na explicación da súa actividade, na forma de funcionamento e particularidades da intervención dunha fundación pública no proceso xudicial de modificación da capacidade de obrar, así como no exercicio ou na prestación dos apoios xudicialmente encomendados.</p> <p>2. <u>Xornada de modificación da capacidade:</u> organizada pola Asociación DOA na cidade de Vigo, o día 8 de outubro. A intervención da Funga consistiu no mesmo que na xornada descrita no punto anterior.</p> <p>3. <u>Charla técnica sobre incapacitación:</u> impartida na súa totalidade pola Funga no centro Geriatros Noia, o día 20 de novembro, a solicitude deste centro. A charla ía dirixida a profesionais do eido social e consistiu en abordar, dende o punto de vista técnico e práctico, o proceso de modificación da capacidade de obrar, o exercicio das funcións tutelares e a explicación do funcionamento da Funga e das súas particularidades na intervención no proceso de modificación da capacidade e do exercicio das funcións tutelares.</p> <p>4 <u>V Xornadas para familiares de persoas con alzhéimer e outras demencias:</u> organizada pola Asociación Afamon, o día 22 de novembro, en Monforte de Lemos. Nestas xornadas, dirixidas principalmente a familiares e cuidadores e cuidadoras de persoas con alzhéimer, a intervención da Funga consistiu en presentarse, darse a coñecer, explicar o seu funcionamento e actividade, concretar as súas particularidades na participación no proceso xudicial de modificación da capacidade de obrar e no exercicio dos cargos tutelares e ofrecer a súa colaboración e información ás persoas que o precisen.</p> <p><b>N.º total de persoas participantes:</b> 272</p> <p><b>Mulleres:</b> 224  <b>Homes:</b> 48</p> <p><b>-Porcentaxe de persoas titoras sobre o total de asistentes:</b> sen dato.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  Sen custos directos</p>



<p><b>1.1.5.</b> Darlle continuidade ao programa de adopcións especiais, dirixido especificamente a asesorar, formar e acompañar as familias adoptantes de nenos ou nenas con especiais dificultades, entre elas as derivadas dunha discapacidade.</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de adopcións especiais realizadas: 3</b></p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 51.065 €</p>
<p><b>1.1.6.</b> Incluír no Plan de formación anual que se realiza a través da Escola Galega de Administración Pública accións formativas sobre menores con discapacidade.</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Política Social</p> <p><i>Actuación programada para 2011 e non executada. Volveu incluírse nos formularios de seguimento 2012.</i></p>	<p><b>N.º de accións informativas previstas: 1</b></p> <p><b>N.º de accións formativas realizadas: 0</b></p> <p><b>N.º de persoas formadas: 0</b></p> <p>Presentouse o curso Xénero e discapacidade, destinado ao persoal técnico que traballase no ámbito da familia e dos menores, para formar parte do plan de formación continua da EGAP, pero non se aprobou, aínda que se considera actuación con actividade, xa que o departamento responsable presentou o curso no seu plan formativo.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>1.1.7.</b> Promover accións formativas en materia de discapacidade en distintas disciplinas universitarias vinculadas ao ámbito xurídico, así como proxectos de fin de grao para poder dispor nun futuro de profesionais con formación e sensibilización neste ámbito.</p> <p>✱ Universidades</p>	<p><b>UDC</b> En proceso de recompilación de información, xa que é complicado obter un rexistro dos datos dos proxectos de fin de grao, ao non existir un rexistro xeral de facultade e ao ter que consultar por departamentos/titulacións etc.</p> <p><b>USC</b> Non se coñecen datos</p> <p><b>Uvigo</b> Sen resposta nesta actuación.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>Obxectivo específico 2. Garantir e promover a accesibilidade das persoas con discapacidade e familiares á xustiza e a unha axeitada protección xurídica.</b></p>	
<p style="text-align: center;"><b>Actuación</b></p> <p><b>1.2.1.</b> Establecer un protocolo de actuación para os xulgados no que se establezan os mecanismos que eviten situacións de indefensión e que lles garantan ás persoas con discapacidade un trato en igualdade de condicións que o resto da poboación de acordo coa súa idade e coas súas capacidades.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Xustiza ✱ Cermi</p> <p><i>Nota: Cermi elabora o documento e difunde a Dirección Xeral de Xustiza.</i></p> <p><i>Actuación programada para 2011 e non executada. Volveu incluírse nos formularios de seguimento 2012.</i></p>	<p style="text-align: center;"><b>Resultados segundo indicadores</b></p> <p>Actuación non executada.</p> <p>Correspóndelle elaboralo a Cermi Galicia, para a posterior difusión por parte da Dirección Xeral de Xustiza. Este centro directivo informa que segue sen recibir da organización citada o protocolo para a súa difusión nos diferentes xulgados.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>



<p><b>1.2.2.</b> Prestarlles o apoio necesario para garantir unha información accesible (braille, intérprete de linguaxe de signos e outros sistemas alternativos da comunicación) ás persoas con discapacidade nos procedementos xudiciais nos que sexan parte procesual.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Dirección Xeral de Xustiza</li> </ul>	<p><b>N.º total de intervencións de apoio realizadas:</b> 28 Corresponden na súa totalidade coa interpretación de lingua de signos en procedementos xudiciais.</p> <p><b>N.º de persoas ás que se lles prestou apoio mediante procedementos accesibles específicos:</b> 33</p> <p><b>Mulleres:</b> 17 <b>Homes:</b> 16</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 13.802,31 €</p>
<p><b>Obxectivo específico 3. Desenvolver políticas públicas que garantan, de xeito efectivo, os dereitos das persoas con discapacidade de acordo coa Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.</b></p>	
<p><b>Actuación</b></p>	<p><b>Resultados segundo indicadores</b></p>
<p><b>1.3.1.</b> Promover a inspección das fundacións tutelares privadas e os centros de atención dependentes destas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ SXT, da Consellería de Traballo e Benestar</li> </ul>	<p><b>N.º de inspeccións efectuadas:</b> 6</p> <p><b>Porcentaxe de fundacións tutelares privadas inspeccionadas sobre o total de fundacións tutelares privadas:</b> 21 %</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen custos directos</p>
<p><b>1.3.2.</b> Regular o exercicio de potestade sancionadora prevista no título I da Lei 49/2007, do 26 de decembro, que establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade, na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul> <p><i>Actuación programada para 2011 e non executada. Incluíuse novamente nos formularios de seguimento 2012.</i></p>	<p><b>Publicación da norma reguladora:</b> Esta materia régúlase no anteproxecto da Lei de accesibilidade, colgado na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar (do 22 de maio de 2012). <a href="http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Proxectos/Anteproxecto_de_Lei_de_Accesibilidade_de_22052012.pdf">http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Proxectos/Anteproxecto_de_Lei_de_Accesibilidade_de_22052012.pdf</a></p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado</b> Sen custos directos</p>
<p><b>1.3.3.</b> Poñer en marcha un sistema de arbitraje para a resolución de queixas e reclamacións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade por razón de discapacidade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a constitución dunha xunta arbitral.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p>Actuación non executada por tratarse dunha materia exclusiva da Administración estatal.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>1.3.4.</b> Desenvolver medidas para a difusión da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Cermei</li> <li>◆ Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>N.º de actuacións de difusión previstas:</b> 1</p> <p><b>N.º e descrición de actuacións de difusión realizadas:</b> Á finalización de 2012, estaba en proceso a elaboración dun compendio de normativa aplicable en materia de accesibilidade para a publicación e consulta na web.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>

**1.3.5.** Elaborar un documento de recomendacións para garantir unha atención axeitada das persoas con discapacidade que se atopan institucionalizadas por parte do persoal dos respectivos centros (trátase de lograr unha mellor atención das persoas que están internadas e de facilitar as pautas sobre como se deben tratar estas, en función da tipoloxía de discapacidade).

- \* Secretaría Xeral de Política Social
- \* Cermi

*Nota: Cermi elabora o documento e a SX de Política Social difunde aos centros.*

*Actuación programada para 2011 e non executada. Incluíuse novamente nos formularios de seguimento 2012.*

Actuación non executada tampouco en 2012.

**Orzamento destinado:**

**N.º de accións de sensibilización previstas:** sen dato.

**N.º total de accións de sensibilización executadas:** 2

**- N.º de campañas/anuncio:** 1

O día 3 de decembro de 2012, con motivo do Día Internacional das Persoas con Discapacidade, a Secretaría Xeral de Medios levou a cabo a campaña institucional de sensibilización social Sen diferenzas. Esta campaña saíu publicada en distintos xornais galegos líderes (*La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Progreso, La Región + Atlántico, El Correo Gallego*) e outros non líderes (*La Opinión Coruña, El Ideal Gallego, Diario de Ferrol, Diario de Arousa, Diario de Bergantiños, Diario Pontevedra*).

Así mesmo, difundíuse en radio a través de distintas emisoras: Radio Galega, Ser Santiago, Ser Coruña, Ser Lugo, Ser Ourense, Ser Pontevedra, Ser Vigo, Onda cero, Europa FM, Cope, c100, Radio Voz etc.

**- N.º de xornadas/congresos/seminarios:** 1

O 15 de marzo de 2012, a Secretaría Xeral de Medios, organizou na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela un seminario sobre "Lectura fácil nos medios de comunicación", dirixida especialmente ao alumnado desta facultade.

O seminario desenvolveuse co seguinte contido e participación:

- A responsable de comunicación de Down Galicia falou sobre "O tratamento da discapacidade nos medios de comunicación".
- A coordinadora de Donw Ferrol-Teima abordou o tema "Lectura fácil" para as persoas con discapacidade.
- Na última parte do seminario, coa participación do alumnado da facultade e do público asistente, levouse a cabo un taller práctico de tradución a lectura fácil sobre novas de xornais e tamén notas de información aos medios da propia Xunta de Galicia (un texto de información sobre o Servizo Xurídico en liña para mulleres e vítimas de violencia de xénero).

**N.º de persoas participantes:** 65

**Mulleres:** 35

**1.3.6.** Diseñar e executar accións de sensibilización social sobre as persoas con discapacidade, considerando a perspectiva de xénero e reforzando a súa imaxe positiva, libre de estereotipos, e a súa contribución á sociedade.

- \* Secretaría Xeral de Medios (*coa colaboración, se procede, da Secretaría Xeral de Política Social e da Secretaría Xeral da Igualdade*)



	<p><b>Homes:</b> 30</p> <p><b>N.º de persoas con discapacidade participantes:</b> 12</p> <p><b>Mulleres:</b> 5</p> <p><b>Homes:</b> 7</p> <p><b>Outros:</b></p> <p>No mes de maio, publicouse no xornal <i>AL DIA/ Galicia G9</i> un artigo sobre a importancia de coidar o tratamento da discapacidade nos medios de comunicación.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> Campaña Sen diferenzas: 93.938,96 €. Seminario: 700 €</p>
<p><b>1.3.8.</b> Incluír programas nos diferentes medios audiovisuais que promovan actitudes e condutas positivas cara ás persoas con discapacidade, de maneira especial no caso das mulleres, para conseguir unha visibilización axeitada deste colectivo.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>✱ Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar</li><li>✱ Secretaría Xeral de Medios</li><li>✱ Compañía de Radiotelevisión de Galicia - CRTVG</li></ul>	<p><b><u>SXT da Consellería de Traballo e Benestar</u></b></p> <p><b>Programas previstos:</b> Convivir en igualdade.</p> <p><b>Programas efectivamente desenvolvidos:</b> 48 edicións do programa Convivir en igualdade (no marco dun convenio da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar coa Radio Galega).</p> <p><b><u>CRTVG</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- 8 rapaces de Aspanas Ourense formaron parte da carroza de Xabarín que participou na Cabalgata dos Reis Magos de 2012 desta cidade.</li></ul> <p><b><u>TVG:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- En diversos espazos informativos recolléronse máis dun cento de noticias emitidas, reelaboradas e redifundidas, con temas de sensibilización cara ás persoas con discapacidade.</li></ul> <p>N.º de persoas receptoras: audiencia da CRTVG, estimada en 1 millón de persoas por día.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Capitán Aspanitas. Creouse un sitio na sección infantil da web da CRTVG, que inclúe tres curtametraxes. Persoas receptoras: todas as usuarias da páxina web da CRTVG. Trátase dun proxecto pioneiro de integración laboral promovido por Aspanas, co que a asociación busca darlles emprego a persoas con discapacidade de Ourense. Os beneficios deste proxecto destinaranse tamén á promoción de vivendas comunitarias.</li></ul> <p><b><u>Radio Galega:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Emisión dun número importante de informacións e reportaxes sobre discapacidade.</li><li>- 250 programas de Convivir en igualdade. A emisora pública ofrece a diario este programa con contidos específicos sobre discapacidade, centrados en Galicia. Ademais, Convivir en igualdade foi galardoado co V Premio Solidario ONCE-Galicia, na categoría de Comunicación.</li></ul> <p>N.º de persoas receptoras: audiencia media diaria de 245.000 persoas.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> SXT da Consellería de Traballo e Benestar: 43.000 € CRTVG: 22.200 €</p>

**RESUMO:**

- ✿ Á vista da información dispoñible, pódese falar da execución de sete das medidas programadas para 2012 na área de “Protección dos dereitos”. Se se ten en conta que unha das actuacións (a 1.1.7) non se pode dar como non executada por non contar con datos ao respecto e, ademais, se se prescinde dela para a realización dos cálculos estatísticos, estaríase a falar de sete actuacións con actividade dun total de 8 (aínda que eran nove as programadas), o que implica unha execución do **87,5 %**.
- ✿ A actuación non executada é a 1.3.3, da Secretaría Xeral de Política Social.
- ✿ Doutra banda, se se consideran as catro actuacións de 2011 que se incluíron no seguimento de 2012, co obxectivo de comprobar a súa posible execución, obsérvase que en dúas delas si houbo actividade; é o caso das actuacións 1.1.6 e 1.3.2, ambas as dúas da Secretaría Xeral de Política Social. Pola contra, non houbo (ou non se ten coñecemento) actividade ningunha en relación coas actuacións 1.2.1 e 1.3.5, responsabilidade de Cermi Galicia. Isto supón que, dun total de 12 actuacións, se rexistrou actividade en 9, o que implica un nivel de actividade do 75 %.

**Gráfico 1. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 1<sup>3</sup>**

Fonte: Elaboración propia.

<sup>3</sup> Non se está contabilizando para os cálculos de grao de actividade a actuación 1.1.7, xa que non están dispoñibles os datos das universidades.

## 4.2. ÁREA 2. IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE

A área 2 do plan conta con **28 actuacións** coas que se busca garantir a igualdade de oportunidades para as mulleres con discapacidade para a súa plena participación na vida social, cultural, económica e política. As actuacións definidas están distribuídas para lles dar consecución a catro obxectivos específicos:

1. Establecer os mecanismos para facer posible a transversalidade de xénero na implantación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.
2. Promover a participación das mulleres con discapacidade nos diferentes ámbitos para o que se vai incidir na mellora da súa autoestima, na concienciación das familias e da sociedade para evitar a súa sobreprotección e practicar unha socialización igualitaria libre de estereotipos sobre xénero e discapacidade.
3. Previr e actuar ante calquera tipo de violencia exercida sobre as mulleres con discapacidade.
4. Promover o dereito ás relacións afectivas das mulleres con discapacidade, ao tempo que se garante o seu dereito ao libre desenvolvemento da maternidade.



Para a **anualidade 2012** estaban programadas **16 actuacións**. Os organismos que se debían responsabilizar da súa execución son os seguintes: 1) Secretaría Xeral da Igualdade; 2) Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar; 3) Secretaría Xeral de Política Social; 4) Cermi Galicia; 5) Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Realizouse tamén o seguimento da actuación 2.4.4, programada para 2011, e non executada nesta anualidade.

Ademais, polo carácter transversal dalgunha das actuacións, concretamente da actuación 2.1.1 (*Incorporar a perspectiva de xénero nas actuacións formativas que se leven a cabo no marco deste plan, de maneira que toda a formación específica en materia de discapacidade se imparta con perspectiva de xénero e establecer os mecanismos de control para que sexa efectivo*) e 2.1.2 (*Darlles prioridade ás mulleres con discapacidade nos programas/actuacións dirixidas ás persoas con discapacidade que se desenvolvan no marco deste plan*), participan en maior ou menor medida outros departamentos.

A táboa que segue resume os datos relativos aos indicadores de realización e/ou de resultados das medidas programadas na área 2, "Igualdade de xénero e transversalidade", para o exercicio 2012.

## ÁREA 2. IGUALDADE DE XÉNERO E TRANSVERSALIDADE

**Obxectivo específico 1. Establecer os mecanismos para facer posible a transversalidade de xénero na implantación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia.**

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>2.1.1.</b> Incorporar a perspectiva de xénero nas actuacións formativas que se leven a cabo no marco deste plan, de maneira que toda a formación específica en materia de discapacidade se imparta con perspectiva de xénero e establecer os mecanismos de control para que sexa efectivo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Todos os organismos implicados na execución do plan</li> </ul>	<p><b>N.º de actividades formativas, en materia de discapacidade, nas que se incorporou a perspectiva de xénero.</b></p> <p>Dado que esta actuación ten carácter transversal, a continuación sinálase o número de actividades formativas con perspectiva de xénero segundo o departamento responsable e en función da información facilitada por estes:</p> <p><b>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado:</b> 5 accións formativas (cun orzamento de 14.050 €):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- As tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC), no ámbito da diversidade funcional, orientadas á empregabilidade no tempo libre.</li> <li>- Contextos de intervención no tempo libre: discapacidade e terceira idade.</li> <li>- Ocio e tempo libre de calidade. Atención á diversidade.</li> <li>- Tempo libre e intervención social: familia, condutas disruptivas, discapacidade e terceira idade.</li> <li>- Xogos e técnicas adaptadas para o traballo dende o tempo libre con persoas con discapacidade intelectual.</li> </ul> <p><b>Secretaría Xeral de Medios:</b></p> <p>Non se levaron a cabo actuacións específicas con perspectiva de xénero no marco deste plan. Non obstante, en dous convenios de colaboración coas entidades La Voz de Galicia, SA e Editorial Compostela, SA recóllese, na cláusula quinta do convenio, que a entidade colaboradora incorporará progresivamente a perspectiva de xénero, e con relación á plena integración das persoas con discapacidade, a entidade colaboradora prestaralle especial atención á promoción de actitudes e condutas positivas para conseguir unha visualización axeitada das persoas con discapacidade e a reforzar a súa imaxe e contribución á sociedade (o orzamento destes convenios foi de 110.000 € e 95.000 €, respectivamente).</p> <p>A acción formativa que se levou a cabo no exercicio 2012 foi un seminario sobre lectura fácil, pero non consta información sobre a incorporación da perspectiva de xénero nesta actuación ou noutras similares.</p> <p><b>SX da Igualdade:</b> 1 acción formativa. Curso en liña Xénero e discapacidade, dirixido ao persoal dos centros de información á muller e dos servizos sociais dos concellos (orzamento: 9.000 €).</p> <p><b>SXT da Consellería de Traballo e Benestar-Unidade de Igualdade no Traballo:</b> sen dato.</p> <p><b>SX de Política Social:</b> 1 acción formativa. Curso de capacitación para o desempeño da función de</p>



Continuación...

**2.1.1.** Incorporar a perspectiva de xénero nas actuacións formativas que se leven a cabo no marco deste plan, de maneira que toda a formación específica en materia de discapacidade se imparta con perspectiva de xénero e establecer os mecanismos de control para que sexa efectivo.

- ✱ Todos os organismos implicados na execución do plan

inspección de servizos sociais. Inclúe un módulo específico de igualdade e téntase que o material incorpore unha linguaxe inclusiva. O curso foi organizado pola Secretaría Xeral Técnica, e coordinado dende a Secretaría Xeral de Política Social. (Orzamento: 2.800 €)

**DX de Administración Local:** 26 accións formativas, realizadas en colaboración coa EGAP e coa Fegamp, ao abeiro dun convenio de colaboración asinado entre os tres organismos, que se financiaron con cargo ao orzamento da Fegamp.

**Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria – Fegas:** 1. Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (1.800 €).

**Dirección de Asistencia Sanitaria.** Sen datos.

**UDC:** as actividades formativas en materia de diversidade non se orientaron especificamente con perspectiva de xénero.

**USC:** non se coñecen datos.

**Amtega:** 17 accións formativas (sen custos directos):

- Acción grupal de técnicas de busca de emprego para persoas con discapacidade do concello do Barco.
- Xornada Asociación Albores.
- Curso de voluntariado: Acompañamento de persoas con discapacidade.
- Curso de voluntariado: Lingua de signos.
- Curso de voluntariado para acompañamento de persoas
- 10 Xornadas Asociación Avelaíña.
- Acompañamento a persoas maiores, infancia e con discapacidade.
- Curso de lingua de signos española.

**Axega:** 4 accións formativas (sen custos directos) sobre a divulgación das tecnoloxías que facilitan os sistemas de acceso ao 112 para persoas xordas.

**Fundación galega para o impulso da autonomía persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia – Funga:** 4. En todas as accións formativas mencionadas na actuación 1.1.4, tívose en conta a perspectiva de xénero:

- Xornadas sobre protección xurídica e discapacidade.
- Xornada de modificación da capacidade.
- Charla técnica sobre incapacitación.
- V Xornadas para familiares de persoas con alzhéimer e outras demencias.

**Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos:** 0

**Dirección Xeral de Función Pública:** este órgano directivo non ten atribuídas competencias en materia de formación (están atribuídas a Escola Galega de Administración Pública, organismo autónomo adscrito á Vicepresidencia e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).



<p><b>3.3.5.</b> Continuar co proceso de adaptación das páxinas web da Xunta de Galicia e organismos adscritos para garantir a accesibilidade, cumprindo o previsto no artigo 4 da Lei 56/2007, do 28 de decembro, que posibilita que todas as persoas poidan acceder aos recursos da web, calquera que sexa a súa infraestrutura de rede ou as súas aptitudes físicas ou mentais.</p> <p>* Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - Amtega</p>	<p><b>N.º de espazos web adaptados en 2012:</b> 15</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Portal corporativo da Xunta de Galicia.</li> <li>- Portal da sede electrónica.</li> <li>- Abert@s.</li> <li>- Portal Open Data.</li> <li>- Portal da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI).</li> <li>- Portal do cambio climático de Galicia (CMATI).</li> <li>- Portal do transporte público de Galicia (CMATI).</li> <li>- Portal da calidade do aire de Galicia (CMATI).</li> <li>- Portal do sistema de información ambiental de Galicia (CMATI).</li> <li>- Portal do Sistema de información de residuos de Galicia (CMATI).</li> <li>- Portal da Axencia de Innovación.</li> <li>- Portal de Turgalicia.</li> <li>- Portal do Catálogo de paisaxe do Deza.</li> <li>- Portal da eleccións ao Parlamento de Galicia do ano 2012.</li> <li>- Oetic - Obxectivo Emprendemento do sector TIC.</li> <li>- Portal do canon da Auga.</li> </ul> <p>Segundo os criterios de accesibilidade vixentes e que se aplicaron durante as revisións do 2012, a porcentaxe de portais que cumprían o nivel AA no momento da súa publicación era do 49 %, e un 89 % presentaban un grao A de accesibilidade. Estas revisións de accesibilidade sempre se realizan sobre conxuntos aleatorios de páxinas, e parte da análise efectúase con ferramentas automáticas, polo que resulta imposible garantir un cumprimento íntegro dos criterios. Ademais, unha vez publicados os portais, o contido engadido no día a día tamén esta suxeito aos criterios de accesibilidade, o que pode provocar variacións na clasificación.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 386.516 €</p>
<p><b>3.3.6.</b> Elaborar un documento-proposta de recomendacións para presentar ao Consello Coordinador de Publicacións, coa finalidade de determinar as medidas que se van implementar para proceder á adaptación progresiva das publicacións da Xunta de Galicia a braille e lectura fácil.</p> <p>* Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>Documento elaborado:</b> non Inclúese como previsión para 2013.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>



<p><b>3.3.8.</b> Realizar estudos para establecer as posibilidades reais coas que conta a canle autonómica de TV para adaptar os seus contidos á incorporación progresiva da subtitulación e audiodescrición de contidos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Compañía de Radio Televisión de Galicia - CRTVG</li> </ul>	<p><b>N.º de estudos realizados:</b> 2</p> <p><b>N.º de adaptacións realizadas:</b> 6</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 40.000 €</p>
<p><b>3.3.9.</b> Adquirir infraestrutura técnica para ofrecer a subtitulación na TVG.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Compañía de Radio Televisión de Galicia - CRTVG</li> </ul> <p><i>Nota: Só programada para 2010 e 2011, pero continuouse en 2012.</i></p>	<p><b>Equipos de verificación e xeración de subtítulos:</b> si</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 80.000 €</p>
<p><b>3.3.10.</b> Desenvolver espazos de lectura fácil nos espazos de comunicación da Xunta de Galicia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral de Medios</li> </ul>	<p><b>N.º de espazos/novas de lectura fácil:</b> 0</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>3.3.11.</b> Fomentar iniciativas que introduzan espazos de lectura fácil nos xornais e nos demais medios de comunicación escrita.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral de Medios</li> </ul>	<p><b>N.º de xornais que incorporan espazos de lectura fácil:</b> 0</p> <p><b>N.º doutros medios de comunicación escrita que incorporan espazos de lectura fácil:</b> 0</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>3.3.12.</b> Introducir criterios de valoración que teñan en conta o cumprimento dos requisitos de accesibilidade e/ou formación/experiencia do persoal técnico en materia de discapacidade e accesibilidade, nos concursos de licitación en materia multimedia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral de Medios</li> <li>Compañía de Radio Televisión de Galicia - CRTVG</li> </ul>	<p><b>N.º de concursos nos que se introducen estes criterios:</b></p> <p><b>Criterios introducidos por concurso:</b></p> <p><b>SX de Medios:</b> 1</p> <p>Prego de prescricións técnicas para a contratación, polo procedemento aberto e trámite anticipado de gasto, dun servizo para dinamizar a Rede de centros para a modernización e a inclusión de tecnoloxía (Rede CeMIT). Seis lotes.</p> <p>Dos seis lotes do concurso, en catro tivéronse en conta na valoración das propostas técnicas presentadas as medidas adoptadas para lles facer accesible a actividade ás persoas con algunha discapacidade.</p> <p><b>CRTVG:</b> 2</p> <p>Concurso de dobraxe. Inclúe unha cláusula na que os provedores teñen que enviar o documento de texto, como material para posibles subtítulos. Por outra parte, os contratos de produción externa esixen, dende 2010, producións subtítuladas.</p> <p>Descrición dos criterios recollidos:</p> <p>Aplicación dos criterios de recoñecemento do tratamento da discapacidade establecidos na Resolución da Dirección Xeral do 28-6-2011, na Comisión técnica de programación de TVG. Nos criterios de selección de proxectos audiovisuais de interese, inclúese a sección: "Proposta de accesibilidade das persoas con discapacidade á obra audiovisual presentada".</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p> <p><b>SX de Medios:</b> 126.550 € (o mesmo ca na 3.3.2)</p> <p><b>CRTVG:</b> 500 €</p>

<p><b>3.3.13.</b> Promover a introdución de criterios de valoración que teñan en conta o cumprimento dos requisitos de accesibilidade nas convocatorias públicas en relación co desenvolvemento da sociedade da información.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✿ Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - Amtega</li> </ul>	<p><b>N.º de convocatorias nas que se introducen estes criterios e criterios introducidos por convocatoria:</b> O criterio de valoración aplicase nas convocatorias de axudas (en 2012 non existiu liña de axudas). Nas contratacións reguladas polo TRLCSP, un requirimento non pode ser obxecto de valoración. Por iso, nas contratacións relacionadas co desenvolvemento web requírese o cumprimento das directrices de accesibilidade de acordo co Decreto 201/2011. Nos contratos que teñen como obxecto un desenvolvemento web esíxense as directrices de accesibilidade WAI e W3C. Este punto non se inclúe como criterio, senón como requisito.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen dato.</p>
<p><b>3.3.14.</b> Realizar as adaptacións necesarias no Teléfono da muller para facelo accesible ás persoas con discapacidade auditiva.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✿ Secretaría Xeral da Igualdade</li> </ul>	<p><b>N.º de atencións efectuadas nesta modalidade: 0</b> O teléfono 900 400 273 está preparado para a atención a persoas con discapacidade auditiva (servizo Telesor), pero non se realizaron atencións nesta modalidade en 2012.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>3.3.15.</b> Mellorar a accesibilidade do centro de xestión de emerxencias 112 para persoas con discapacidade auditiva.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✿ Axencia Galega de Emerxencias - Axega</li> </ul>	<p><b>N.º total de persoas con discapacidade auditiva atendidas: 70</b> <b>Mulleres: 38</b> <b>Homes: 32</b> Trátase de chamadas de proba do proxecto REACH 112, e motivadas tamén pola celebración do Workshop final do proxecto europeo, celebrado en Santiago de Compostela en xuño de 2012.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> Executada con medios propios</p>
<p><b>3.3.17.</b> Fomentar a implantación de internet de banda larga no medio rural de Galicia, de maneira que as persoas con discapacidade terán máis facilidade de acceso á información, a través de axudas para a extensión de redes de acceso de nova xeración e para a extensión de redes de transporte de alta capacidade en poboación con maior demanda desatendida.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✿ Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - Amtega</li> </ul> <p><i>Amtega propón un cambio de redacción: Fomentar a implantación de internet de banda larga no medio rural de Galicia, de maneira que as persoas con discapacidade terán máis facilidade de acceso á información, a través de axudas para a extensión de redes de acceso de banda larga sen fíos na contorna rural e para a extensión de redes de transporte de alta capacidade en poboacións con maior demanda desatendidas.</i></p>	<p><b>N.º de núcleos de poboación adheridos a banda larga:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>A Coruña:</b> 2.071</li> <li>- <b>Lugo:</b> 1.615</li> <li>- <b>Ourense:</b> 605</li> <li>- <b>Pontevedra:</b> 254</li> </ul> <p><b>Orzamento destinado:</b> 18.000.000 €</p>
<p><b>3.3.18.</b> Implantar un sistema de videointerpretación para persoas xordas na Administración autonómica.</p>	<p><b>N.º de puntos de acceso presenciais: 9</b> <b>N.º de chamadas realizadas: 717</b></p>



<ul style="list-style-type: none"> <li>Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - Amtega</li> </ul>	<b>Orzamento destinado:</b> 36.361 €
<p><b>Actuación (de nova incorporación) 3.3.19.</b> Darlle continuidade á emisión diaria dun informativo en lingua de signos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Compañía de Radio Televisión de Galicia - CRTVG</li> </ul> <p>Esta actuación garda relación coa actuación 3.3.7 do plan programada para 2011 e xa executada.</p>	<b>N.º de programas emitidos:</b> 250 <b>Persoas destinatarias:</b> persoas xordas de Galicia Estímase unha audiencia media diaria de <b>7600 persoas</b> xordas (calculada a partir do número de persoas con discapacidade auditiva de máis do 33 % entre 18 e 90 anos rexistradas no censo de discapacidade –máis de 21.000 persoas– e supón unha porcentaxe do 36 %). <b>Orzamento destinado:</b> 108.000 €

**Obxectivo específico 4. Promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, ao medio urbano e ao transporte das persoas con discapacidade.**

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>3.4.1.</b> Cofinanciar obras de accesibilidade que leven a cabo os concellos nos edificios públicos municipais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Administración Local</li> </ul>	<b>N.º de axudas concedidas:</b> <b>Obras nas que se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille...</b> Por un lado, cóntase coa <i>Orde do 29 de marzo 2010 (DOG do 7 de abril de 2010)</i> pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras e equipamentos para a prestación de servizos municipais nos concellos e nas entidades locais menores de Galicia. Esta orde é do ano 2010, pero ten carácter plurianual, aínda que resulta complexo determinar que proxectos inciden nestas materias. Por outro lado, a <i>Orde de 4 de maio de 2012</i> pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida da liña de concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma Galicia do Fondo de Compensación Ambiental: pode que algún concello realizase algunha obra nalgún edificio de uso público que incidise na accesibilidade, pero resulta de complexa determinación. 1. Nas liñas de subvención que xestiona a Dirección Xeral de Administración Local non hai ningunha destinada especificamente a obras de accesibilidade. Nalgúns casos, as obras inclúen melloras de accesibilidade en edificios ou espazos de uso público, pero integradas no conxunto da obra, sen que se destinen partidas específicas con tal denominación ou destino. A configuración dos orzamentos das obras non permite individualizar as partidas que teñen tal destino, polo cal non se pode estimar a cuantificación en termos absolutos ou porcentuais e de cada partida que repercute directamente sobre aquelas partes do proxecto que integrarían o concepto “mellora de accesibilidade”. 2. As observacións realizadas dende o Grupo coordinador de seguimento e avaliación do plan poñen de manifesto estas circunstancias, porque así se lle indicou dende o órgano directivo responsable da medida, dende onde se afirma que

	<p>non se produciu ningunha variación en tales circunstancias. Polo tanto, o argumento segue a ser válido.</p> <p>3. A posibilidade de concretar a información no tocante á inclusión de obras para a mellora da accesibilidade nos proxectos subvencionados e xestionados pola Dirección Xeral de Administración Local, e a cuantificación das partidas destinadas para tal fin, pasaría por enviarlles aos concellos unha enquisa.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>3.4.2.</b> Manter a convocatoria anual de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais que inclúe investimentos de capital para accesibilidade e eliminación de barreiras por parte das corporacións locais.</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de subvencións concedidas para accesibilidade e eliminación de barreiras:</b></p> <p><b>Obras nas que se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille...</b></p> <p>O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e o seu financiamento, que substitúe a orde anual de subvencións de servizos sociais comunitarios, recolle no artigo 41.6 transferencias de capital para o financiamento de proxectos de investimento destinados a garantir a eliminación de barreiras e a accesibilidade aos programas e servizos públicos e instalacións de titularidade municipal.</p> <p>Non obstante, a disposición transitoria segunda deste decreto indica que non será de aplicación este punto en tanto non se aprobe o Mapa galego de servizos sociais e o Plan estratéxico de servizos sociais, pero tamén indica que ata esta aprobación estes investimentos poderán seguir financiándose mediante a concesión de subvencións e/ou a formalización de convenios de colaboración.</p> <p>A pesar do establecido nesta disposición, no ano 2012 non se levou a cabo ningún investimento recollido nesta actuación por falta de orzamento.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>3.4.3.</b> Darlles prioridade, no programa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dirixido á mellora de contornas urbanas, aos proxectos que impliquen unha mellora cualificada das condicións de accesibilidade (é dicir, priorizar aqueles proxectos nos que se detecta un maior índice de barreiras arquitectónicas cara á súa eliminación).</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo</p>	<p><b>N.º de proxectos executados con eliminación de barreiras existentes: 2</b></p> <p>Humanización da travesía de Sabaris-Fase I Obra do proxecto construtivo Área de usos recreativos PS-5 do Campus Científico Tecnolóxico do Mar na ETEA, Vigo.</p> <p><b>N.º de proxectos nos que, ademais, se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille... 0</b></p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 1.879.005 €</p>
<p><b>3.4.4.</b> Establecer subvencións para a adaptación de restaurantes en edificios singulares, núcleos históricos, paraxes e paisaxes naturais aos que non lles sexa de aplicación a normativa actual por contar con licenza de actividade previa.</p>	<p><b>N.º convocatorias de axudas: 1</b></p> <p>Resolución do 22 de xuño de 2012, da Secretaría Xeral para o Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das subvencións para a potenciación do turismo mediante a mellora de establecementos restaurantes e, se procede, a</p>



<ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral para o Turismo</li> </ul>	<p>súa convocatoria para o ano 2012.</p> <p><b>N.º de axudas concedidas:</b> 2</p> <p><b>Casos nos que se ten en conta a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille...</b> Sen dato.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 2.925,00 € (un dos proxectos subvencionados renuncia á subvención: orzamento de 762,28 €)</p>
<p><b>3.4.5.</b> Establecer subvencións para a adaptación de equipamentos comerciais cara a eliminar as barreiras que limitan o acceso para as persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Comercio</li> </ul>	<p><b>N.º de axudas concedidas para adaptación de locais comerciais:</b> 0</p> <p><b>N.º de casos nos que se ten en conta tamén a accesibilidade na comunicación: sistemas alternativos e aumentativos da comunicación, sistema pictográfico de signos, braille...</b> 0</p> <p>En 2012, realizouse unha convocatoria de axudas ao téxtil e ás asociacións, pero non se recolleu nada con relación á accesibilidade.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>3.4.6.</b> Diseñar un sistema tecnolóxico de información do sistema de transportes de Galicia que ofrezca información en tempo real da oferta de transporte, co requirimento de adaptabilidade no desenvolvemento deste sistema (información sobre as condicións de accesibilidade das infraestruturas e medios de transporte público regular de uso xeral).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Mobilidade</li> </ul>	<p>A situación económica actual, determinante dunha evidente necesidade de optimizar os recursos dos que dispoñen as administracións públicas, así como dunha especial e delicada situación pola que atravesan as empresas en xeral e, de modo específico, as dedicadas á actividade de transporte público, e de cambios nos padróns de mobilidade da poboación, provoca a necesidade de realizar unha análise en profundidade deste proxecto e de adaptalo a estas novas circunstancias, polo que a Dirección Xeral de Mobilidade xunto coa Amtega están a realizar unha revisión do seu alcance e programación temporal.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>3.4.7.</b> Diseñar un modelo de familia de mobiliario urbano para o transporte público (marquesiñas e postes de parada) plenamente accesibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Mobilidade</li> </ul>	<p>Aínda que a Dirección Xeral de Mobilidade mantén a iniciativa de deseño dun novo modelo de mobiliario urbano para o transporte público que resulte plenamente accesible, estima preciso adecuar este deseño á propia programación de dotacións, así como ás tendencias orzamentarias que resulten previsibles.</p> <p>Polo tanto, dado que non se prevé a curto prazo o incremento de dotacións neste ámbito, estímase máis adecuado pospoñer esta actuación, co que se acadará unha mellor coordinación coa situación económica xeral.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>3.4.8.</b> Poner en marcha actuacións de revisión das infraestruturas "maiores" auxiliares do transporte (estacións de autobuses) para garantir as condicións básicas de accesibilidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Mobilidade</li> </ul>	<p><b>N.º de estacións de autobuses revisadas e adaptadas:</b> Ante a situación do sistema de infraestruturas maiores "auxiliares" do transporte, basicamente estacións de autobuses, a Dirección Xeral de Mobilidade está deseñando un plan de actuación, denominado Plan Renove de estacións de autobuses, no escenario 2013/2016, no marco do cal se</p>



	<p>incluirán actuacións de modernización destas instalacións. Este plan está actualmente en fase de elaboración, e espérase contar no período indicado cun orzamento duns 4,4 millóns de euros, e nel priorizaranse as actuacións tendentes á plena accesibilidade destas instalacións.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>3.4.9.</b> Poñer en marcha un plan de revisión de infraestruturas auxiliares de transportes (marquesiñas, zonas de acceso...) que incorpore como actuación preferente a consecución de infraestruturas accesibles para as persoas con discapacidade.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Mobilidade</p>	<p>Logo das inspeccións e controis realizados na rede de estacións de autobuses da comunidade autónoma, e das necesidades detectadas nestas, a Dirección Xeral de Mobilidade considera prioritaria a actuación directa sobre as estacións, dado que constitúen os principais centros de atracción de persoas usuarias, polo que na programación actual se agarda pospoñer as actuacións referentes a outras infraestruturas "menores" para a fase posterior á execución daquel plan.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>3.4.10.</b> Esixir a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida de calquera vehículo que se adscriba por primeira vez á concesións de transporte público de persoas por estrada de uso xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Mobilidade</p>	<p><b>N.º de vehículos adscritos en 2011:</b> 51*</p> <p><b>N.º de vehículos adscritos en 2012:</b> 14</p> <p>*Inclúese o dato de 2011, xa que non consta no informe de seguimento do ano 2011.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p> <p>Esta actuación enmárcase nas previsións do Plan de modernización das concesións de transporte público e, dentro deste, nas obrigas de renovación de frota de vehículos adscritos ás concesións. Polo tanto, non supón un custo directo para a Administración.</p>
<p><b>3.4.11.</b> Adaptar a sinalización dos vehículos (<i>displays</i> frontais, laterais...) á normativa vixente en materia de accesibilidade.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Mobilidade</p>	<p><b>N.º de vehículos adaptados:</b></p> <p>Esta actuación enmárcase no plan de modernización das concesións de transporte público.</p> <p>A necesidade de optimizar os medios humanos e técnicos de seguimento e inspección dos que dispón a Administración pública determina que o seguimento desta actuación se leve a cabo nos próximos exercicios no marco das funcións de control e inspección xerais atribuídas á Administración, polo que non é factible establecer neste momento indicadores de seguimento.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>3.4.12.</b> Obrigar a que as empresas lles presten asistencia ás persoas con discapacidade para o acceso e o abandono dos vehículos, conforme ao que estableza a lexislación aplicable vixente en cada momento.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Mobilidade</p>	<p><b>N.º de queixas de persoas usuarias admitidas:</b> 0</p> <p>Ao longo do ano 2012, non se tivo coñecemento de queixas formuladas por persoas usuarias demandantes deste tipo de servizos.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p> <p>Esta actuación é obrigada para as empresas polo Plan de modernización das concesións, de acordo coas esixencias previstas na lexislación vixente en cada momento, polo que non existe un orzamento público dirixido especificamente a tal finalidade.</p>



## RESUMO:

- Segundo a información recollida e exposta no cadro anterior, rexistrouse actividade en 22 das 33 medidas programadas para 2012 na área de “Accesibilidade”. Ao ter en conta que non se contabiliza para os cálculos estatísticos de execución a actuación da que non se dispón de datos (a 3.2.11), isto implica actividade no **68,8 %** das actuacións (22 de 32 actuacións).
- As **actuacións sen actividade** son a 3.2.6, 3.2.7, 3.3.10, 3.3.11, 3.4.1, 3.4.2, 3.4.5, 3.4.6, 3.4.9 e 3.4.11.
- Se se consideran as dúas actuacións de 2011 que se incluíron no seguimento de 2012, co obxectivo de comprobar a súa posible execución (actuacións 3.3.6 e 3.4.7), ao non rexistrar tampouco actividade en 2012, a porcentaxe de actividade antes sinalada baixaría a un 64,7 % (é dicir, 22 dun total de 34).
- Pero hai que contar en positivo a agregación da actuación 3.3.9, que continuou en 2012 a CRTVG (sen que estivese programada), así como a actuación 3.3.19 de nova incorporación. Neste caso, a porcentaxe de actividade subiría ata un 66,7 % (é dicir, 24 actuacións con actividade dun total de 36).

Gráfico 3. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 3<sup>4</sup>



Fonte: Elaboración propia.

<sup>4</sup> Non se está contabilizando para os cálculos do grao de actividade a actuación 3.2.11 por non dispoñer de datos das universidades.

#### 4.4. ÁREA 4. PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL

A área 4 ten como obxectivo básico promover a autonomía das persoas con discapacidade e asegurar a súa plena inclusión na vida comunitaria.

Segundo o número de actuacións, ocupa o terceiro posto das áreas de intervención con maior peso, despois da área 3 –“Accesibilidade”– e da área 6 – Formación e emprego–. Conta cun total de 34 medidas, que constitúen o 11,1 % do conxunto de medidas do plan.



As actuacións definidas nesta área diríxense á consecución dos seguintes obxectivos específicos:

1. Facilitar o acceso á vivenda das persoas con discapacidade.
2. Potenciar os recursos que permitan un maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu contorno habitual.
3. Informar e concienciar a sociedade galega sobre a importancia da autonomía persoal das persoas con discapacidade.
4. Promover e desenvolver a asistencia persoal.

Para o **exercicio 2012**, programáronse 30 actuacións do total establecido no período 2010-2013 nesta área, que debían ser executadas polos seguintes organismos: 1) Secretaría Xeral de Política Social; 2) Universidades; 3) Instituto Galego de Vivenda e Solo; 4) Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado; 5) Secretaría Xeral de Medios; 6) Compañía de Radio Televisión de Galicia; 7) Dirección Xeral de Formación e Colocación; 8) Axencia Galega de Innovación; 9) Cermi Galicia.

No cadro que segue, infórmase dos resultados acadados para cada unha das actuacións previstas con actividade en 2012.

**ÁREA 4. PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL****Obxectivo específico 1. Facilitar o acceso á vivenda das persoas con discapacidade.**

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>4.1.1.</b> Responder ás necesidades de eliminar as barreiras arquitectónicas na obra existente no Sistema Universitario de Galicia (SUG), segundo a dispoñibilidade orzamentaria.</p> <p>✱ Universidades</p>	<p><b>UDC</b></p> <p><b>N.º de adaptacións realizadas: 8</b></p> <p><b>Descrición das adaptacións arquitectónicas realizadas e do edificio no que se levou a cabo:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Ramplas de acceso nos edificios das Facultades de Informática, Ciencias da Saúde, Escola Universitaria Politécnica, Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos e na Reitoría.</li> <li>2. Obras de accesibilidade no SAPE (Servizo de Atención e Promoción do Estudante).</li> <li>3. Adaptación de baños na Facultade de Filoloxía.</li> <li>4. Obras de mellora e adaptación á normativa da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica.</li> <li>5. Mellora da accesibilidade no aparcadoiro da Facultade de Informática.</li> <li>6. Elevador portátil vertical para mellorar a accesibilidade aos espazos elevados nas salas con alzadeiro no estrado.</li> <li>7. Mesas adaptadas para a Facultade de Informática.</li> <li>8. Ramplas de acceso á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.</li> </ol> <p><b>USC</b></p> <p>Non se coñecen datos con relación á eliminación de barreiras en obra antiga durante 2012. A obra nova realízase baixo os criterios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas.</p> <p><b>Uvigo:</b></p> <p><b>N.º de adaptacións realizadas: 3</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Adaptación dunha das aulas para persoas con discapacidade. Edificio Isaac Newton.</li> <li>2. Instalación de dúas portas automáticas no acceso dende a pasarela ao pavillón C da Facultade de Filoloxía e Tradución, o que facilita o acceso das persoas de mobilidade reducida.</li> <li>3. Ampliación da rampla de acceso e incorporación da varanda de apoio. Anexo Peritos. Campus Histórico.</li> </ol> <p><b>Orzamento destinado:</b></p> <p>UDC: 15.273.361 €</p> <p>Uvigo: non existe orzamento específico destinado á eliminación de barreiras, só un orzamento xeral para obras, e aí impútanse tamén os gastos de obras de adaptación.</p>
<p><b>4.1.2.</b> Adecuar o número de cuartos accesibles no Sistema Universitario de Residencias (SUR) á demanda existente.</p> <p>✱ Universidades</p>	<p><b>USC:</b></p> <p><b>N.º de cuartos adaptados dispoñibles: 9</b></p> <p><b>N.º de estudantes con discapacidade solicitantes de cuarto adaptado durante 2012: 9</b></p> <p><b>Mulleres: 6</b></p>

	<p>Homes: 3  <b>N.º de estudantes con discapacidade solicitantes aos que se lles concedeu un cuarto adaptado: 9</b>  Mulleres: 6  Homes: 3  <b>N.º total de estudantes con discapacidade residentes: 23</b>  Mulleres: 20  Homes: 3  <i>Nota: Non todos/as estudantes con discapacidade precisan de cuarto adaptado; é dicir, 14 estudantes con discapacidade dispoñen de cuarto no SUR, pero non están nun cuarto adaptado por que non o precisan.</i></p> <p><b>Para as universidades <u>sen</u> sistema residencial propio:</b>  UDC  <b>N.º de cuartos adaptados dispoñibles: 5</b>  <b>N.º de estudantes con discapacidade solicitantes de cuarto adaptado durante 2012: 1</b>  Mulleres:  Homes: 1  <b>N.º de estudantes con discapacidade solicitantes aos que se lles concedeu: 1</b>  Mulleres:  Homes: 1</p> <p><b>Uvigo:</b>  Sen datos.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b>  UDC: 3997,50 €</p>
<p><b>4.1.3.</b> Aprobar, poñer en marcha e manter un novo programa de alugamento de vivendas na comunidade autónoma, no que as persoas con discapacidade se consideren entre os colectivos prioritarios e os colectivos cualificados.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)</li> </ul>	<p><b>N.º de persoas con discapacidade solicitantes: 296</b>  Mulleres: 162  Homes: 134</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b>  898.929,11 €</p>
<p><b>4.1.5.</b> Elevar á comisión bilateral constituída polo Ministerio de Vivenda e o Instituto Galego de Vivenda e Solo a valoración da posibilidade de que as axudas directas para alugamento sexan acumulables á renda básica de emancipación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)</li> </ul>	<p>Actuación non executada. Non se eleva á comisión bilateral xa que a renda básica de emancipación se está a extinguir.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>4.1.7.</b> Establecer mecanismos que posibiliten a cesión de vivendas (do IGVS) a entidades ou asociacións de colectivos con necesidades especiais ou con finalidades de interese público ou social.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)</li> </ul>	<p><b>N.º total de vivendas cedidas a entidades: 0</b>  Non houbo vivendas cedidas no ano 2012 porque non se solicitaron directamente e por iso non se contabiliza como "non executada".</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>



**Obxectivo específico 2. Potenciar os recursos que permitan un maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu contorno habitual.**

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>4.2.1.</b> Recoñecer academicamente (coa concesión de créditos) a colaboración nas aulas dos/as estudantes compañeiros/as de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, seguindo un protocolo único para o Sistema Universitario de Galicia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Universidades</li> </ul>	<p><b>UDC</b>  <b>N.º total de alumnas e alumnos que solicitan ese apoio: 1</b>  <b>Mulleres:</b>  <b>Homes: 1</b>  <b>N.º de casos resolto:</b>  <b>N.º total de alumnas e alumnos que colaboran: sen dato.</b>  <b>Mulleres: Homes:</b>  <b>N.º de créditos concedidos:</b> non se conceden créditos. O alumnado voluntario son compañeiros/as de clase que realizan labores colaborativos de recollida de apuntamentos.</p> <p><b>USC</b>  Non houbo solicitude de apoio de estudante para este tipo de cuestións (quizais por que se trata dun indicador do grao de “normalización” da situación das aulas).</p> <p><b>Uvigo</b>  <b>N.º total de alumnas e alumnos que solicitan ese apoio: 1</b>  <b>Mulleres:</b>  <b>Homes: 1</b>  <b>N.º de casos resolto:</b> 1  <b>N.º total de alumnas e alumnos que colaboran: 2</b>  <b>Mulleres: 1</b>  <b>Homes: 1</b>  <b>N.º de créditos concedidos: 0</b>  En canto ao recoñecemento de créditos, este alumnado ten a posibilidade de recoñecer créditos, 1 ECTS ou 2 de libre elección por cada 30 horas de actividade voluntaria. Realizaron 12 horas (muller) e 20 horas (home).</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  Sen custos directos.</p>
<p><b>4.2.2.</b> Poñer en marcha un servizo de préstamo de axudas técnicas no ámbito social, baseado na coordinación e na complementariedade co servizo de préstamos existente no sistema sanitario público.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>Servizo de préstamos implantado:</b> non</p> <p>Actuación non executada. Non consta a posta en marcha dun servizo de préstamo de axudas técnicas e produtos de apoio durante 2012, pero está prevista a implantación dunha web de soporte a este servizo durante 2013 (en proceso no momento en que se redacta este documento).</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>4.2.3.</b> Ampliar o servizo de teleasistencia para chegar a un maior número de persoas usuarias e facelo extensible ás residencias universitarias e aos centros residenciais docentes.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>N.º previsto de novos dispositivos: 0</b>  <b>N.º de novos dispositivos creados: 0</b>  <b>N.º de novos servizos de teleasistencia demandados: 55</b>  <b>N.º de novos servizos de teleasistencia atendidos: 27</b>  <b>N.º total de servizos de teleasistencia prestados: 1.090</b></p>

	<p><b>Orzamento destinado:</b> Sen dato.</p>
<p><b>4.2.4.</b> Manter e, se é o caso, aumentar o número de unidades do servizo galego de transporte adaptado 065 como servizo programado non urgente.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º previsto de novas unidades:</b> 2</p> <p><b>N.º de unidades creadas:</b> 2</p> <p><b>N.º de servizos demandados do 065 en 2012:</b> 969.000</p> <p><b>N.º de servizos prestados durante esa anualidade:</b> 592.000</p> <p>A medida das demandas atendidas foi do 61 %, porcentaxe inferior á acadada no ano anterior, aínda que se prestaron máis servizos, concretamente 109.144 máis.</p> <p><b>N.º total de persoas que teñen recoñecida a súa condición de usuarias:</b> 7.589</p> <p><b>Mulleres:</b> 4.444</p> <p><b>Homes:</b> 3.145</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 13.000.000 €</p>
<p><b>4.2.5.</b> Darlle continuidade ao programa Xantar na casa.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de servizos demandados:</b> 1.262</p> <p><b>N.º de servizos prestados:</b> 1.262</p> <p><b>N.º de persoas con discapacidade demandantes en 2012:</b> 128</p> <p><b>N.º de persoas con discapacidade ás que se lles prestou o servizo:</b> 128</p> <p><b>N.º medio mensual de persoas usuarias con discapacidade:</b> 11</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 333.113,00 €</p>
<p><b>4.2.6.</b> Darlle continuidade ao programa de pisos tutelados (vivendas con apoio).</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de novas persoas con discapacidade solicitantes:</b> 11</p> <p><b>N.º de novas persoas con discapacidade admitidas:</b> 0</p> <p><b>N.º total de persoas usuarias con discapacidade en 2012:</b> 60</p> <p><b>Mulleres:</b> 39</p> <p><b>Homes:</b> 21</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 422.378,54 € (as 11 solicitudes de 2012 non se puideron atender por falta de prazas).</p>
<p><b>4.2.8.</b> Manter o programa de acollemento familiar para facilitar a integración de persoas con discapacidade no seo dunha familia.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de solicitudes realizadas en 2012:</b> 89</p> <p><b>N.º de acollementos xestionados en 2012:</b> 101</p> <p>O motivo polo que non coincide o número de solicitudes co de acollementos xestionados é que se xestionaron as prórrogas dos expedientes.</p> <p><b>N.º total de persoas con discapacidade acollidas:</b> 27</p> <p><b>Mulleres:</b> 22</p> <p><b>Homes:</b> 5</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 93.288 €</p>



<p><b>4.2.9.</b> Aumentar o número de prazas en centros de atención diúrna (centros ocupacionais e centros de día) nos que se imparte formación e habilitación para acadar unha inclusión social e potenciar a autonomía das persoas usuarias.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º total de prazas en centros de día 2012:</b> 974</p> <p><b>N.º total de prazas en centros de día 2011:</b> 982</p> <p><b>Incremento anual en prazas de centros de día:</b> -0,8 %</p> <p><b>N.º total de persoas con discapacidade usuarias de centros de día:</b> 837</p> <p><b>Mulleres:</b> 358</p> <p><b>Homes:</b> 479</p> <p><b>N.º total de prazas en centros ocupacionais 2012:</b> 1.800</p> <p><b>N.º total de prazas en centros ocupacionais 2011:</b> 1.804</p> <p><b>Incremento anual de prazas nestes centros:</b> -0,2 %</p> <p><b>N.º total de persoas con discapacidade usuarias de centros ocupacionais:</b> 1.660</p> <p><b>Mulleres:</b> 683</p> <p><b>Homes:</b> 977</p> <p>A diminución de prazas de atención diúrna (centro de día e centro ocupacional) débese á reconversión destas. Nos casos en que se detectou falta de demanda destas prazas, modificáronse as contratacións de referencia para a súa eliminación e posterior creación de prazas residenciais. A maior abastanza, nalgúns casos o número de prazas públicas coas que conta algún centro de titularidade pública son notablemente superiores á demanda rexistrada, polo que, neste caso (centros propios), se recolle a reformulación de parte do servizo.</p> <p><b>N.º total de accións formativas para o emprego impartidos nos centros ocupacionais:</b> 134</p> <p><b>N.º de horas lectivas das accións formativas:</b> 50.077</p> <p><b>Porcentaxe de horas prácticas en centros de traballo:</b> 14,5</p> <p><b>Porcentaxe de persoas con discapacidade usuarias cun plan individualizado de inclusión socio-laboral:</b> 44,0</p> <p><b>Porcentaxe anual de incorporacións ao mercado de traballo (específico para os centros ocupacionais):</b> 1,9</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 17.878.846,67 €</p>
<p><b>4.2.10.</b> Proporcionar recursos económicos suficientes para contribuír á cobertura dos gastos relacionados coa permanencia no domicilio habitual.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de persoas beneficiarias da libranza por grao e nivel de dependencia:</b> 13.828</p> <p><b>TOTAL M H</b></p> <p><b>Grao/nivel: III-2</b> 4.682 3.102 1.580</p> <p><b>Grao/nivel: III-1</b> 5.218 3.444 1.774</p> <p><b>Grao/nivel: II-2</b> 2.764 1.693 1.071</p> <p><b>Grao/nivel: II-1</b> 1.043 630 413</p> <p><b>Grao/nivel: I-2</b> 49 30 19</p> <p><b>TOTAL</b> 13.756 8.899 4.857</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 71.631.436 €</p>



<p><b>4.2.11.</b> Poñer en marcha de maneira progresiva os servizos do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi).</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p>Actuación non executada. Trasládase a 2013.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>4.2.12.</b> Promover cursos en materia afectivo-sexual dirixidos a profesionais, en coordinación cos que imparten as entidades para as persoas con discapacidade e as súas familias.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p> <p>✿ Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</p>	<p><b>N.º de cursos previstos:</b> 1</p> <p><b>N.º de cursos realizados:</b> 1</p> <p><b>Nome e descrición dos cursos realizados.</b> Programa de afectividade e autoconecemento, realizado por Feafes.</p> <p><b>N.º de profesionais participantes:</b> 23</p> <p><b>Mulleres:</b> 18</p> <p><b>Homes:</b> 5</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> En colaboración co centro Quérote, que financiou o profesorado.</p>
<p><b>4.2.13.</b> Reforzar a formación continuada do persoal dos equipos de valoración.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de accións formativas previstas:</b> 4</p> <p><b>N.º de accións formativas realizadas:</b> 4</p> <p>Xornadas formativas sobre a valoración da situación de dependencia en relación co Real decreto 174/2011: aplicación do baremo de valoración de dependencia (BVD) e da escala de valoración específica (EVE). Análise funcional da aplicación de mobilidade para persoas valoradoras.</p> <p><b>N.º total de horas lectivas:</b> 60 horas (xornadas de 15 horas).</p> <p><b>N.º total de persoas formadas:</b> 148</p> <p><b>Mulleres:</b> 124</p> <p><b>Homes:</b> 24</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen custo engadido.</p>
<p><b>4.2.14.</b> Incorporar un servizo de promoción da autonomía persoal como servizo ao que optar dentro da carteira de servizos de atención ás persoas con discapacidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>Incorporación dun servizo de promoción da autonomía persoal na carteira de servizos:</b> O proxecto de decreto polo que se regula a nova carteira de servizos para a promoción da autonomía persoal e da atención ás persoas en situación de dependencia recolle ata un total de 38 servizos diferenciados de promoción da autonomía dos que poderán gozar as persoas con discapacidade.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen custo engadido.</p>
<p><b>4.2.15.</b> Promover que a valoración do contorno nos procesos de valoración da dependencia inclúa tamén a valoración do grao de autonomía, de xeito que poidan establecerse nos programas individuais de atención (PIA) os servizos específicos de promoción da autonomía que favorezan a permanencia da persoa no seu contorno, tal e como se prevé na normativa.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de servizos de promoción de autonomía incluídos en PIA:</b> 6</p> <p><b>Descrición dos servizos incluídos:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Servizo de habilitación e terapia ocupacional</li> <li>2. Servizo de atención temperá</li> <li>3. Servizo de estimulación cognitiva</li> <li>4. Servizo de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional</li> <li>5. Servizo de habilitación psicosocial para persoas con enfermidade mental ou discapacidade intelectual</li> </ol>



	<p>6. Servizo de apoios persoais e coidados en equipamentos especiais</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 1.281.763 €</p>
<p><b>4.2.16.</b> Considerar nas axudas á investigación convocadas no marco do Plan de I+D+i unha liña específica de actuación relativa á innovación en materias relacionadas coa promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade, para o que se terá en conta a perspectiva de xénero.</p> <p>✱ Axencia Galega de Innovación</p>	<p><b>Liñas de investigación relacionadas coa promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade para o que se terá en conta a perspectiva de xénero:</b></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. <u>Liña de actuación 8.1.</u> Saúde. Servizos sociais e dependencia do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (I2C): co obxecto de desenvolver un sistema galego de servizos sociais capaz de responder ás demandas da sociedade e de mellorar a calidade de vida das persoas en situación de dependencia, é preciso favorecer e motivar os distintos axentes deste sector para que fagan unha aposta decidida pola intensificación da innovación na súa actividade, tanto no que se refire á prestación dos servizos asistenciais principais como, e de xeito moi especial, nos sectores de apoio (como poden ser produtos nutricionais, mobiliario, equipamento técnico, aplicacións telemáticas, sistemas de transporte adaptado, ortopedia etc.).</li><li>2. <u>Liña de actuación 8.3.</u> Tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (I2C). Investigación sobre aplicacións en: sanidade, inclusión e e-inclusión, lecer, transporte, emerxencias, Administración pública, apoio á creatividade e ao desenvolvemento persoal, creación e xestión de contidos, mellora de procesos e colaboración empresarial, seguridade e confianza, turismo, medio natural, xestión enerxética e desenvolvemento sustentable.</li><li>3. <u>Liña de actuación 8.7.</u> Transporte do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (I2C). O principal obxectivo desta prioridade temática é o desenvolvemento de sistemas integrados de transporte máis seguros, ecolóxicos e intelixentes en beneficio da sociedade e da política climática, e que respecten o medio e os recursos naturais. Aspectos fundamentais son a descarbonización dos sistemas de transporte, o aumento da eficiencia e da seguridade dende unha perspectiva integral (vehículos, infraestruturas, sistemas e usuarios) e a competitividade da industria. Mobilidade urbana sustentable, que inclúe a organización do transporte, dos vehículos, das infraestruturas de comunicacións e a relación co desenvolvemento urbanístico.</li></ol> <p><b>Proxectos de investigación financiados en 2012 en relación a esta temática:</b></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Servizos e dispositivos adaptados a persoas con discapacidade para a busca e o fomento do emprego. Convocatoria: 2010. Programa sectorial: Sociedade da</li></ol>

	<p>información. Entidade: Gradient.</p> <p>2. Future-Hda: internet do futuro no fogar dixital asistencial. Convocatoria: Interconecta 2012. Entidades: Aldaba Servicios Profesionales, SL; Bahia Software, SL; Egatel, SL; Level Telecom, SL; R Cable y Telecomunicaciones Galicia, SA; Sanatorio Quirúrgico Modelo, SL; 2 Mares Demil, SL.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b>          Proxecto 1: 40.797,62 €          Proxecto 2:          Fondo tecnolóxico xestionado por CDTI: 1.172.484,32 €          Fondos Comunidade Autónoma de Galicia: 293.121,08 €</p>																
<p><b>4.2.17.</b> Promover o voluntariado entre as persoas con discapacidade para que, ademais de receptoras, sexan tamén prestadoras da acción voluntaria.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✿ Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>✿ Cermi</li> </ul>	<p><b>N.º de acordos de colaboración con entidades do ámbito da discapacidade:</b>          DX de Xuventude e Voluntariado: 1          Cermi: 5</p> <p><b>N.º de persoas voluntarias participantes con discapacidade:</b> 14 (DX de Xuventude e Voluntariado; non facilitan datos desagregados por sexo); 23 Cermi</p> <p><b>TOTAL Cermi: 23</b></p> <table border="1" data-bbox="788 954 1409 994"> <tr> <td><b>Mulleres:</b></td> <td>8</td> <td><b>Homes:</b></td> <td>15</td> </tr> </table> <p>Down Galicia: 11*</p> <table border="1" data-bbox="788 1025 1409 1066"> <tr> <td><b>Mulleres:</b></td> <td>4</td> <td><b>Homes:</b></td> <td>7</td> </tr> </table> <p>FAXPG: 9</p> <table border="1" data-bbox="788 1097 1409 1137"> <tr> <td><b>Mulleres:</b></td> <td>4</td> <td><b>Homes:</b></td> <td>5</td> </tr> </table> <p>Fegadace: 3**</p> <table border="1" data-bbox="788 1169 1409 1209"> <tr> <td><b>Mulleres:</b></td> <td>0</td> <td><b>Homes:</b></td> <td>3</td> </tr> </table> <p>* Tan só nunha entidade (Down Pontevedra-Xuntos) existen 5 convenios de colaboración coas entidades nas que son voluntarias tres das súas persoas usuarias. Por outra banda, hai entidades nas que as persoas usuarias son voluntarias dalgunha entidade, pero non existen convenios de colaboración entre esta entidade e a entidade membro de Down Galicia.</p> <p>** O voluntariado entre as persoas con discapacidade nas entidades é incipiente. Trátase de casos puntuais ou circunstanciais. Hai persoas con discapacidade afectadas con dano cerebral na xunta directiva dalgunha entidade.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b>          2.000 € (DX de Xuventude e Voluntariado).</p>	<b>Mulleres:</b>	8	<b>Homes:</b>	15	<b>Mulleres:</b>	4	<b>Homes:</b>	7	<b>Mulleres:</b>	4	<b>Homes:</b>	5	<b>Mulleres:</b>	0	<b>Homes:</b>	3
<b>Mulleres:</b>	8	<b>Homes:</b>	15														
<b>Mulleres:</b>	4	<b>Homes:</b>	7														
<b>Mulleres:</b>	4	<b>Homes:</b>	5														
<b>Mulleres:</b>	0	<b>Homes:</b>	3														
<p><b>4.2.18.</b> Darlle continuidade á convocatoria anual de axudas individuais destinadas á mellora da accesibilidade das vivendas e á adquisición de produtos de apoio e axudas técnicas e estender o prazo de solicitudes.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✿ Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p>Actuación non executada en 2012 porque non se realizou a convocatoria.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>																

**Obxectivo específico 3. Informar e concienciar a sociedade galega sobre a autonomía persoal das persoas con discapacidade.**

Actuación	Resultados segundo indicadores				
<p><b>4.3.1.</b> Fomentar, a través das actuacións propias do departamento administrativo competente en materia de voluntariado (feira de voluntariado, congreso estatal, xornadas, encontros...), as redes sociais entre o propio movemento asociativo cara a reforzar o apoio ás familias das persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>✱ Cermi</li> </ul>	<p><b>N.º de entidades que entran a formar parte da rede social en 2012:</b>  <b>N.º total de entidades que forman parte da rede social:</b> 15 (Cermi)</p> <table border="1" data-bbox="788 479 1402 577"> <tr> <td>Down Galicia</td> <td>8*</td> </tr> <tr> <td>Feafes Galicia</td> <td>7</td> </tr> </table> <p>* En 2012, tan só 5 entidades membros de Down Galicia das 8 totais participaron nalgún acto de voluntariado.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  DX de Xuventude e Voluntariado (non se creou ningunha rede por falta de dispoñibilidade orzamentaria).</p>	Down Galicia	8*	Feafes Galicia	7
Down Galicia	8*				
Feafes Galicia	7				
<p><b>4.3.2.</b> Publicar os datos estatísticos relativos ás persoas usuarias do sistema xerado pola Lei de dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>N.º de estatísticas publicadas na web institucional:</b> 12 publicacións (de carácter mensual).  Na alínea de estatísticas da sección de discapacidade da web da Consellería de Traballo e Benestar, inclúese unha ligazón ao SAAD no que se atopan rexistrados os datos estatísticos sobre as persoas usuarias do sistema xerado pola Lei de dependencia en Galicia.</p> <p><b>N.º de visitas a esa sección:</b>  Estes datos estatísticos proporciónanse a través do portal dominio do Imsero, polo que o dato referido ao número de visitas non está á disposición desta comunidade autónoma para poder facilitalo.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  Sen custos directos.</p>				
<p><b>4.3.3.</b> Incluír contidos sobre a importancia da autonomía persoal nas actuacións de sensibilización social sobre persoas con discapacidade que se inclúan neste plan e contribuír a promover un cambio de paradigma na discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Secretaría Xeral de Política Social</li> <li>✱ Secretaría Xeral de Medios</li> <li>✱ Compañía de Radio Televisión de Galicia -CRTVG</li> </ul>	<p><b>Contidos/espazos incluídos:</b>  <b>Secretaría Xeral de Política Social:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Informar sobre medidas de protección, sensibilizar e colaborar sobre temas de interese para o mundo da discapacidade intelectual, participar en charlas e encontros (Fundación Sálvora).</li> <li>2. Actividade Coñécenos (Aspanas).</li> <li>3. Divulgación social e adquisición de bibliografía (Raiolas Lugo).</li> <li>4. Comunicación e sensibilización social (Feafes).</li> <li>5. Actividades de sensibilización dentro dos seguintes programas: Programa de atención a persoas con discapacidade en áreas urbanas de Galicia e Programa de atención a persoas con discapacidade en áreas rurais de Galicia (Cogami).</li> <li>6. Programa autoxestores: grupos de persoas con discapacidade intelectual que se reúnen periodicamente para defender os seus dereitos e para abordar temas sobre o seu interese como colectivo. Programa apoio á vida independente: dirixido a persoas adultas con discapacidade intelectual que viven soas ou que desexan vivir de forma independente, soas ou en</li> </ol>				

parella, ou con familiares de avanzada idade que precisan dos seus cuidados. Formación para o emprego (Sfore): formación para o emprego de persoas con discapacidade intelectual. Realizáronse talleres de manexo do euro. Formación prelaboral: apoio persoal no proceso de busca de emprego (Fademga).

7. Difusión e sensibilización (FAXPG).

**CRTVG:**

1. Xogos de Londres (tvG2). Con motivo dos Xogos Paralímpicos de Londres 2012, ofrecéronse reportaxes de cinco minutos individualizadas sobre os/as seguintes deportistas: Juan Antonio Saavedra (tiro olímpico), José Enrique Porto (ciclismo), Gustavo Nieves (atletismo), David Mouriz (baloncesto), Bernabé Costas (baloncesto) e Chano Rodríguez (natación).
2. Deporte Extra. Cunha media de cinco pases por reportaxe na tvG2, achegou os seguintes temas: Manuel Ríos, copiloto (unha vontade de ferro), resumo tenis persoas con discapacidade, taekwondista con cegueira, resumo Xogos Paralímpicos de Londres 2012, comentarista invidente dos partidos do Córdoba CF, tenis en cadeira de rodas no II Open Internacional Cidade da Coruña, entre outros.  
Maniotas. Programa que incidía nos valores e nos beneficios da práctica deportiva e que achegou na súa estrea a historia de Manolo Tesouro, un ourensán de mediana idade que, malia que perdeu unha perna, nunca pensou en deixar o deporte e que, grazas ao seu imparable ímpeto deportivo, chegou a ser un dos membros máis importantes da selección galega de baloncesto en cadeira de rodas.
3. Reporteiros, nunha reportaxe que levaba por título "Vivir con parálise cerebral", deu a coñecer a Eliseo e a Toni, dous virtuosos de internet; descubriu as habilidades deportivas de Javier e Nacho; viuse como traballa Verónica nunha ITV e escoitouse Os Gatos, un programa de radio con guionistas coma Chus e Jorge. Todas estas persoas teñen en común a súa parálise cerebral. Neste documento amosouse como, día a día, é posible a inclusión social e laboral.
4. A Revista Fin de Semana achegou máis dunha ducia de reportaxes; entre elas, a colección de roupa de Quero Ser (Aspanas); Martín Varela, o campión de España de tenis en cadeira de rodas; clases de música para persoas con cegueira; teatro cun grupo de persoas con síndrome de Down (Apsnais); unha empresaria con discapacidade crea o primeiro club da calceta de Vigo; Nós, why not?, primeira axencia profesional de fotógrafos con discapacidade intelectual; primeiro Campionato de Baristas para mozos con síndrome de Down, no pazo de Lestrove.
5. ZigZag Diario, entrevista a Fran Estévez, de Hipotálamo



	<p>Films, pola súa película documental <i>Idiotas</i>, sobre a historia de superación do protagonista, unha persoa con discapacidade.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>6. A Solaina, entrevista no Día Mundial da Visión a Ramón Estévez Pérez, licenciado en xornalismo, ten 23 anos e é unha persoa con cegueira.</li> <li>7. Casamos! amosou dende Boiro a historia de Davinia, en cadeira de rodas, e Sergio, unha parella marcada polo espírito de superación.</li> <li>8. Emisión de anuncio gratuito da asociación Down Galicia durante datas próximas ao día mundial do colectivo.</li> </ol> <p><b>Orzamento destinado:</b> SX de Política Social: 35.421,10 € CRTVG: 105.000 €</p>
<p><b>4.3.4.</b> Destinar recursos a financiar programas orientados a traballar coas familias das persoas con discapacidade, de xeito que estas apoiem e impulsen a promoción da autonomía persoal dos seus fillos e das súas fillas, e darlles continuidade ás intervencións iniciadas polos programas de atención temperá.</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de programas de traballo coas familias financiados:</b> 20</p> <p><b>Descrición de todos os programas financiados e entidades beneficiarias:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Feafes, 5 programas: asesoramento e apoio xurídico especializado; fomento da autonomía persoal e atención a domicilio no rural; formación para profesionais e persoas coidadoras non profesionais; mantemento, coordinación, representación e interlocución institucional.</li> <li>2. Aspace, 1 programa: respiro familiar.</li> <li>3. Aspanas, 2 programas: respiro familiar e atención ás familias.</li> <li>4. Cogami, 1 programa: respiro familiar.</li> <li>5. Down, 1 programa: apoio familiar.</li> <li>6. Fademga, 1 programa: apoio familiar.</li> <li>7. FAXPG, 1 programa: servizo integral a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva.</li> <li>8. Fegadace, 1 programa: programa de rehabilitación funcional e inserción social e familiar de persoas con dano cerebral adquirido.</li> <li>9. Fegerec, 1: programa: apoio psicolóxico ás persoas cunha enfermidade rara e/ou crónica e ás súas familias.</li> <li>10. Sálvora, 1 programa: información e asesoramento personalizado a familias de tutelados pola fundación.</li> <li>11. Raiolas, 4 programas: información e apoio a familias; escola de familias; autonomía persoal e social; apoio psicopedagóxico e seguimento escolar.</li> </ol> <p><b>N.º de persoas beneficiarias:</b> 27.597 <b>Mulleres:</b> 14.836 <b>Homes:</b> 12.761</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 636.415 €</p>

<p><b>4.3.5.</b> Promover no medio universitario accións formativas e proxectos de fin de grao relacionados co trato ás persoas con discapacidade, dende a perspectiva da importancia da súa propia autonomía persoal.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Universidades</li> </ul>	<p><b>N.º de accións formativas (relacionadas coa autonomía persoal e o trato):</b> sen dato.  <b>N.º de persoas formadas, por sexo:</b> sen dato.  <b>N.º de xornadas ou semellantes:</b> sen dato.</p> <p><b>UDC</b>  <b>N.º de proxectos de fin de grao:</b> 3 (mulleres)  Tres alumnas realizaron proxectos de fin de grao relacionados con temáticas que gardan relación coa promoción da autonomía persoal en persoas con discapacidade.  Datos provisionais (seguen en proceso de recompilación).</p> <p><b>USC</b>  Non existe un rexistro informatizado dos traballos de fin de grao. Estase traballando na súa elaboración para recoller de forma estandarizada este tipo de información.</p> <p><b>Uvigo</b>  Sen resposta nesta actuación.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<b>Obxectivo específico 4. Promover e desenvolver a asistencia persoal.</b>	
<b>Actuación</b>	<b>Resultados segundo indicadores</b>
<p><b>4.4.1.</b> Darlle continuidade á prestación para contribuír á cobertura dos gastos derivados da contratación dun/dunha asistente persoal que facilite o acceso á educación e/ou ao traballo, así como promover unha maior autonomía no exercicio das actividades da vida diaria ás persoas en situación de gran dependencia (prestación do sistema para a autonomía e atención á dependencia).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>N.º de persoas solicitantes da libranza en 2012:</b> 107  <b>N.º de libranzas concedidas:</b> 8  <b>N.º total de persoas beneficiarias da libranza de asistente persoal:</b> 55  <b>Mulleres:</b> 28  <b>Homes:</b> 27</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  791.484 €</p>
<p><b>4.4.2.</b> Estender a figura do/a asistente persoal ao grao II.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>N.º de solicitudes realizadas en 2012:</b> 22  <b>N.º de solicitudes concedidas en 2012 (de persoas en situación de dependencia grao II e que accederon ao servizo):</b> 6  <b>Mulleres:</b> 3  <b>Homes:</b> 3  <b>N.º total acumulado de persoas que teñen recoñecida a situación de dependencia no grao II e que accederon ao servizo de asistencia persoal:</b> 17  <b>Mulleres:</b> 9  <b>Homes:</b> 8</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  244.630 €</p>



**4.4.4.** Potenciar as convocatorias para o recoñecemento, avaliación, acreditación e certificación da competencia profesional nas cualificacións da familia profesional vinculada coa atención sociosanitaria a persoas no domicilio (asistente persoal, cuidador/a, xerocultor/a ou semellante, auxiliar de axuda domicilio).

\* Dirección Xeral de Formación e Colocación

**N.º de prazas convocadas:** 1.000

**N.º total de persoas acreditadas:** 929

**Mulleres:** 921

**Homes:** 8

**Orzamento destinado:**

240.444,41 €

## RESUMO:

\* Segundo a información recollida e exposta no cadro anterior, rexistrouse actividade en 26 das 30 medidas programadas para 2012 na área 4 –Promoción da autonomía persoal–, o que supón actividade no **86,7 %** das actuacións.

\* As **actuacións sen actividade** foron as seguintes: 4.1.5, 4.2.2, 4.2.11 e 4.2.18.

**Gráfico 4. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 4**



Fonte: Elaboración propia.



## 4.5. ÁREA 5. EDUCACIÓN

A área 5 –“Educación”– deseñouse coa finalidade de garantir unha educación infantil, primaria, secundaria e postobligatoria de calidade nun marco integrador e normalizador e de favorecer a súa calidade e o seu carácter público. Este obxectivo levou a que se deseñasen diversas medidas para conseguir os seguintes obxectivos de carácter máis específico:

1. Revisar, adaptar e garantir a aplicación da normativa existente en materia de educación cara a unha efectiva inclusión escolar das persoas con discapacidade.
2. Facilitar a coordinación efectiva entre todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
3. Formar e capacitar os/as profesionais do sistema educativo para unha atención normalizadora e inclusiva-integradora do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
4. Garantirle un ensino básico ao alumnado con necesidades específicas derivadas de discapacidade e de trastornos graves de conduta, nas mesmas condicións de igualdade ca o resto do alumnado.
5. Procurar unha educación postobligatoria que prepare para a vida e para a incorporación ao mundo laboral.
6. Facilitarles ás persoas adultas con necesidades derivadas de discapacidade e trastornos graves de conduta unha educación permanente de calidade, que responda ás súas necesidades de inclusión na comunidade e que facilite a súa vida autónoma.



Esta área recolle un total de 28 medidas para o período 2010-2013, das que **23 tiñan actividade programada para 2012**. A estas súmase para o seguimento 2012 a actuación **5.3.4, programada para 2011 pero con continuidade en 2012 (por non finalizar en 2011)**.

Os departamentos responsables das actuacións son os seguintes: 1) Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa; 2) Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos; 3) Universidades.

Sobre os resultados infórmase na seguinte táboa resumo, elaborada a partir da información facilitada polos departamentos antes mencionados, respecto da súa actividade durante 2012 e con base nos indicadores de realización e de resultados recollidos no Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.



## ÁREA 5. EDUCACIÓN

**Obxectivo específico 1. Revisar, adaptar e garantir a aplicación da normativa existente en materia de educación cara a unha efectiva inclusión escolar das persoas con discapacidade.**

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>5.1.2.</b> Elaborar e publicar unha nova normativa sobre a organización e o funcionamento dos centros de educación infantil, primaria e secundaria (actualización e adaptación á LOE dos decretos 324/1996, 374/1996 e 7/1999).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos</li> </ul>	<p>Actuación non executada. Reitérase o indicado no informe de 2011 en canto a que, por razóns de oportunidade, durante o ano 2011 non se realizasen trámites para a modificación da normativa vixente e non existía a previsión de modificala en 2012 (a previsión de execución desta actuación era 2011-2012).</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>5.1.3.</b> Elaborar e publicar o currículo das ensinanzas de formación profesional de forma que se considere a accesibilidade universal nestas ensinanzas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul>	<p><b>N.º de currículos publicados:</b> 15</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 45.000 €</p>

**Obxectivo específico 2. Facilitar a coordinación efectiva entre todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.**

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>5.2.1.</b> Deseñar e establecer protocolos de actuación/colaboración entre o ensino obrigatorio e postobrigatorio e universitario que posibilite unha actuación coordinada de todos os axentes implicados no proceso educativo do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> <li>✱ Universidades</li> </ul>	<p><b>Protocolos elaborados e implementados:</b> si</p> <p>Tal e como se sinalou no informe 2011, elaborouse un escrito por parte do grupo interuniversitario creado no marco do plan que se remitiu o 15 de decembro de 2011 á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e quedou pendente a súa remisión aos centros educativos para principios de 2012.</p> <p><b>N.º de centros aos que se lles remitiu o escrito dende a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa:</b> 253</p> <p><b>USC.</b> Participación nas xornadas "A ponte entre o ensino medio e a universidade".</p> <p><b>Centros que responderon ao escrito remitido dende a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa:</b> IES Leixa (Ferrol) IES Gonzalo Torrente Ballester IES San Clemente IES Fernando Esquíu (Neda)</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>5.2.2.</b> Crear un portal web sobre orientación adaptado ás persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul>	<p><b>Posta en marcha do portal:</b> si</p> <p><b>Describir os avances realizados durante 2012 respecto desta actuación:</b> A finais de xaneiro de 2012 púxose á disposición da comunidade educativa. Ao longo desta anualidade, fóronse incorporando novos contidos relacionados coa atención á diversidade e orientación. Ligazón: <a href="http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion">http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion</a></p>

	<b>Orzamento destinado:</b>
<p><b>5.2.3.</b> Establecer convenios con entidades que participan na atención ao alumnado con determinadas discapacidades ou trastornos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul>	<p><b>N.º de convenios inicialmente previstos:</b> 3  <b>N.º de convenios establecidos:</b> 3</p> <p>Mantívose o convenio de colaboración coa ONCE e o acordo con Down Galicia e asináronse protocolos de colaboración coa USC:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Convenio de colaboración en materia educativa entre a Consellería de Educación e OU e a ONCE para o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas con discapacidade visual.</li> <li>– Acordo de colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e OU, e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) para favorecer a atención educativa ao alumnado con síndrome de Down ou con discapacidade intelectual.</li> <li>– Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e OU e a USC para optimizar a atención ao alumnado con alta capacidade intelectual da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> </ul> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>5.2.4.</b> Crear un grupo de traballo interuniversitario que se ocupe do deseño, da posta en marcha e do seguimento de accións en materia de discapacidade/diversidade/accesibilidade tanto daquelas especificamente dirixidas ao alumnado con discapacidade e ao propio persoal docente, como as relacionadas coa investigación e co coñecemento neste ámbito.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Universidades</li> </ul>	<p>A creación do grupo tivo lugar en 2011 e, e agás o escrito-protocolo sinalado na actuación 5.2.1, non houbo máis intentos de traballo, polo que esta actuación non tivo actividade en 2012. Polo tanto, esta actuación dáse como realizada en 2011 coa creación do grupo de traballo, pero non así a consecución que mide un dos seus indicadores: “Actuacións deseñadas e aplicadas, por ano”.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>Obxectivo específico 3. Formar e capacitar os/as profesionais do sistema educativo para unha atención normalizadora, inclusiva-integradora, do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.</b></p>	
<b>Actuación</b>	<b>Resultados segundo indicadores</b>
<p><b>5.3.1.</b> Incluír contidos relativos á educación para a diversidade e á educación inclusiva do alumnado, baseados nos principios da Lei orgánica de educación (LOE) e da Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, así como a elaboración de materiais accesibles, nos plans de formación dirixidos a toda a comunidade educativa profesional.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul>	<p><b>N.º de cursos/módulos incluídos:</b> 9</p> <p><b>N.º total de horas lectivas:</b> 119</p> <p><b>N.º total de persoas participantes:</b> 1.293</p> <p><b>Mulleres:</b> 905</p> <p><b>Homes:</b> 388</p> <p><b>Relación de cursos/módulos con contidos sobre a diversidade e educación inclusiva:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Os programas europeos como motor de inclusión social de persoas con discapacidade.</li> <li>2. A tecnoloxía e a atención á diversidade (A Coruña).</li> <li>3. A tecnoloxía e a atención á diversidade (Ferrol).</li> <li>4. A tecnoloxía e a atención á diversidade (Santiago de Compostela).</li> <li>5. I Encontro de atención á diversidade dende os departamentos de orientación e o equipo de orientación específico (A Coruña).</li> </ol>



	<p>6. I Encontro de atención á diversidade dende os departamentos de orientación e o equipo de orientación específico (Ferrol).</p> <p>7. I Encontro de atención á diversidade dende os departamentos de orientación e o equipo de orientación específico (Santiago de Compostela).</p> <p>8. I Xornada de formación e sensibilización sobre a atención á diversidade (A Coruña).</p> <p>9. I Xornada de formación e sensibilización sobre a atención á diversidade (Santiago de Compostela).</p> <p><b>Perfil do profesorado que impartiu estes cursos/módulos:</b> sen dato.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 9.932 €</p>
<p><b>5.3.2.</b> Potenciar actividades formativas (grupos de traballo, seminarios permanentes e proxectos de formación e asesoramento en centros) que aborden temáticas relacionadas coa escola inclusiva na formación en centros, o que inclúe a elaboración de materiais accesibles.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li></ul>	<p><b>N.º total de actividades formativas:</b> 20</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Grupos de traballo: 16</li><li>- Seminarios permanentes: 1</li><li>- Proxectos de formación e asesoramento en centros: 3</li></ul> <p><b>N.º total de horas lectivas:</b> 965</p> <p><b>N.º total de persoas participantes:</b> 237</p> <p><b>Mulleres:</b> 166</p> <p><b>Homes:</b> 71</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 12.595 €</p>
<p><b>5.3.3.</b> Considerar como un criterio máis de valoración nos concursos de méritos de persoal docente a formación e a capacitación do profesorado sobre inclusión educativa.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos</li></ul>	<p><b>N.º total de concursos na anualidade de referencia:</b> 1</p> <p><b>N.º de concursos que inclúe este criterio:</b> 1</p> <p>Orde do 24 de outubro de 2012 pola que se convoca un concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (DOG n.º 206 do 29 de outubro).</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>5.3.4.</b> Crear un manual de boas prácticas docentes para o profesorado universitario de cara a optimizar a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Universidades</li></ul> <p><i>Actuación programada para 2011, contabilizada como executada, aínda que se recolle novamente neste informe, dado que o manual da UDC e de Uvigo estaban en proceso de elaboración no momento en que se pechou o seguimento 2011.</i></p>	<p>No momento en que se realiza a recollida de información correspondente a 2012, a UDC ten finalizado este manual, pendente tan só da súa publicación.</p> <p>O manual inclúe tamén información sobre como elaborar materiais formativos accesibles para contornos inclusivos (obxecto da seguinte actuación).</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen dato.</p>

<p><b>5.3.5.</b> Deseñar un manual para a elaboración de materiais formativos accesibles para contornos inclusivos e difundilo entre o profesorado universitario.</p> <p>✿ Universidades</p> <p><i>Actuación programada para 2011, contabilizada como executada. Recóllese novamente neste informe, dado que o manual da UDC e de Uvigo estaban en proceso de elaboración no momento en que se pechou o seguimento 2011.</i></p>	<p><b>UDC:</b> No momento en que se realiza a recollida de información correspondente a 2012, a UDC ten finalizado este manual, pendente tan só da súa publicación.</p> <p><b>USC:</b> O manual está elaborado e pendente de editar por problema de fondos.</p> <p><b>Uvigo:</b> <b>Manual editado:</b> si</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen dato.</p>
<p><b>Obxectivo específico 4. Garantirle un ensino básico ao alumnado con necesidades específicas derivadas de discapacidade e de trastornos graves de conduta, nas mesmas condicións de igualdade ca o resto do alumnado.</b></p>	
<p><b>Actuación</b></p>	<p><b>Resultados segundo indicadores</b></p>
<p><b>5.4.1.</b> Realizar as adaptacións pertinentes para que o alumnado con discapacidade poida realizar as probas da avaliación de diagnóstico.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p><b>Adaptacións realizadas:</b> si</p> <p><b>N.º total de alumnos/as con discapacidade que realizan as probas, por sexo:</b> sen dato.</p> <p><b>Porcentaxe de alumnado con discapacidade sobre o total do alumnado rexistrado:</b> sen dato.</p> <p><b>N.º de alumnos/as con discapacidade que realizan as probas e que precisaron adaptacións:</b> 6</p> <p><b>Mulleres:</b> sen dato.</p> <p><b>Homes:</b> sen dato.</p> <p>Ver a resolución do 30 de novembro ( DOG do 13 de decembro de 2011: <a href="http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111213/AnuncioC3F1-021211-9469_gl.html">http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111213/AnuncioC3F1-021211-9469_gl.html</a></p> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen dato.</p>
<p><b>5.4.2.</b> Darlles continuidade aos premios extraordinarios da educación secundaria obrigatoria, especialmente na modalidade de premio extraordinario ao esforzo e superación persoal de alumnado.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p><b>N.º total de premios concedidos:</b> 20</p> <p><b>N.º de alumnos e de alumnas con discapacidade premiados, por sexo:</b> sen dato.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 15.000 €</p>
<p><b>5.4.3.</b> Manter a convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos</p>	<p><b>N.º de axudas concedidas para esta finalidade a alumnado matriculado en educación especial na anualidade de referencia:</b> 1.485</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 371.250,00 €</p>



<p><b>5.4.4.</b> Manter a convocatoria de axudas a centros privados concertados para a atención a alumnado con necesidades educativas especiais.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos</p>	<p>N.º total de axudas concedidas para esta finalidade, na anualidade de referencia: <b>78</b></p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 300.000 €</p>
<p><b>5.4.5.</b> Darlle continuidade ao concerto educativo cos centros concertados específicos de atención específica de alumnado con necesidades educativas especiais e cos centros ordinarios con unidades escolares específicas para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos</p>	<p><b>N.º de concertos con centros específicos de educación especial: 22</b></p> <p><b>N.º de concertos con centros que contan con aulas concertadas de educación especial: 37</b></p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 10.570.599,00 €</p>
<p><b>5.4.6.</b> Promover que o profesorado sexa o máis permanente posible nos centros nos que se escolarice alumnado con necesidade específica de apoio educativo.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos</p>	<p><b>N.º de docentes que levan un mínimo de dous anos en centros nos que hai alumnado con necesidade específica de apoio educativo: 52</b></p> <p><b>N.º de docentes que levan tres anos ou máis anos en centros nos que hai alumnado con necesidade específica de apoio educativo: sen dato.</b></p> <p><b>N.º total de docentes en centros nos que hai alumnado con necesidade específica de apoio educativo: sen dato.</b></p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen custos directos</p>
<p><b>Obxectivo específico 5. Procurar unha educación postobrigatoria que prepare para a vida e para a incorporación ao mundo laboral.</b></p>	
<p><b>Actuación</b></p>	<p><b>Resultados segundo indicadores</b></p>
<p><b>5.5.1.</b> Diseñar ofertas específicas de programas de cualificación profesional inicial (PCPI) para facilitar a integración social e laboral do alumnado con necesidades educativas especiais.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p><b>N.º de demandas de ofertas específicas de PCPI: 62</b> Mulleres: 22 Homes: 40</p> <p><b>N.º de ofertas específicas de PCPI deseñadas para alumnado con necesidades educativas especiais: 128</b> Mulleres: sen dato. Homes: sen dato.</p> <p><b>Centros/áreas de influencia nos que se deseñaron as ofertas PCPI para alumnado con NEE:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. CEE Terra de Ferrol</li> <li>2. CEE Manuel López Navalón</li> <li>3. CEE Santa María</li> <li>4. CEE Infanta Elena</li> <li>5. CEE Saladino Cortizo</li> </ol> <p>Áreas de influencia: Ferrol, Santiago, Lugo, Monforte e Vigo</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen dato.</p>
<p><b>5.5.2.</b> Continuar e reforzar os traballos para garantir a accesibilidade dos contidos e servizos ofrecidos pola universidade.</p> <p>✱ Universidades</p>	<p><b>USC</b></p> <p><b>N.º total de consultas atendidas de maneira presencial: 806</b> <b>N.º total de consultas atendidas por teléfono:</b> <b>N.º total de consultas Web: 36</b></p> <p>A UDC informa que non toman nota do número de consultas que se realizan.</p>

	<b>Orzamento destinado:</b>
<p><b>5.5.3.</b> Darlles continuidade e reforzar os programas de apoio personalizado dentro da universidade, vinculados a un programa de obxectivos tamén personalizado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>* Universidades</li> </ul>	<p><b>UDC</b>  <b>N.º de estudantes beneficiarios/as de programas de apoio personalizado:</b> 13  <b>Mulleres:</b> 6  <b>Homes:</b> 7  <b>N.º total de estudantes que demandan servizos de apoio:</b> 13  <b>Mulleres:</b> 6  <b>Homes:</b> 7</p> <p><b>Uvigo</b>  <b>N.º de estudantes beneficiarios/as de programas de apoio personalizado:</b> 2  <b>Mulleres:</b> 1  <b>Homes:</b> 1  <b>N.º total de estudantes que demandan servizos de apoio:</b> 1  <b>Mulleres:</b> 1  <b>Homes:</b> 1</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  UDC: 52.901,30 €  Uvigo: 6.650 €</p>
<p><b>5.5.4.</b> Continuar e estender ás tres universidades o programa de prácticas laborais para persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>* Universidades</li> </ul>	<p><b>Uvigo</b>  <b>N.º total de persoas que realizan prácticas laborais:</b> 3  <b>Mulleres:</b>  <b>Homes:</b> 3  <b>N.º de persoas formadas que responden ao perfil de postos ofrecidos polas universidades:</b> 3  <b>Mulleres:</b>  <b>Homes:</b> 3</p> <p><b>USC:</b>  <b>N.º total de persoas que realizan prácticas laborais:</b> 1  <b>Mulleres:</b>  <b>Homes:</b> 1</p> <p>En relación co programa de prácticas da ONCE, un alumno desenvolveu as súas prácticas como auxiliar de bedel no Campus de Lugo.</p> <p>Estívose a traballar na sinatura dun novo convenio para o desenvolvemento de prácticas laborais coa Fundación ONCE. Oito estudantes, todas mulleres, apuntáronse ao programa, vinculadas a distintas titulacións do Campus de Santiago de Compostela.</p> <p>Sen información neste actuación no caso da UDC.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  Sen custos directos</p>
<p><b>Actuación (de nova incorporación) 5.5.5.</b> Formación do profesorado universitario para a atención de persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>* Universidades (UDC)</li> </ul>	<p><b>N.º de cursos realizados:</b> 2  <b>N.º de docentes participantes:</b> 54 docentes  <b>Mulleres:</b> 38  <b>Homes:</b> 16</p> <p><b>Cursos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Atención á diversidade e inclusión educativa nas aulas</li> </ul>



	<p>universitarias (10 horas) (participaron 14 mulleres e 4 homes)</p> <p>– Diversidade e ensino superior (60 horas) (participaron 24 mulleres e 12 homes).</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 5.600 €</p>
<p><b>Actuación (de nova incorporación) 5.5.6.</b> Renovación do software para estudantes con dislexia no medio universitario</p> <p>✱ Universidades (UDC)</p>	<p>Dirixido a estudantes e a docentes da UDC.</p> <p>Outorgáronse licenzas de uso para toda a comunidade universitaria.</p> <p>Compráronse arredor de 3.000 licenzas, pero non se usan todas e non se conta co rexistro exacto de a que número de alumnado e docentes chega.</p> <p>A denominación do programa é ClaroRead (tamén aplicado para persoas que precisan un conversor de textos a voz).</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 4.248 €</p>

**Obxectivo específico 6. Facilitarlles ás persoas adultas con necesidades derivadas de discapacidade e trastornos graves de conduta unha educación permanente de calidade que responda ás súas necesidades de inclusión na comunidade e que facilite a súa vida autónoma.**

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>5.6.1.</b> Adaptar os materiais didácticos e recursos para o logro dos obxectivos educativos.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p><b>N.º total de persoas usuarias dos centros de educación de persoas adultas que requiren adaptación: 39</b> Mulleres: 20 Homes: 19</p> <p><b>Descrición das adaptacións requiridas:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Desenvolvemento das clases en aulas con maior accesibilidade.</li> <li>2. Realización de exames orais.</li> <li>3. Realización dos exames nun espazo distinto, con atención individualizada.</li> <li>4. Ampliación do tempo destinado aos exames.</li> <li>5. Simplificación das probas escritas.</li> <li>6. Adaptación do tamaño de letra dos materiais e das probas nos casos de discapacidade visual.</li> <li>7. Realización de exames a través do ordenador.</li> <li>8. Selección dos contidos fundamentais en cada ámbito de coñecemento.</li> </ol> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen dato.</p>
<p><b>5.6.2.</b> Darlle continuidade, e reforzar se procede, ao cumprimento de adaptación das probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas que presenten necesidades educativas especiais e que o soliciten.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p><b>N.º de persoas con discapacidade que acceden ás probas: 12</b> Mulleres: 8 Homes: 4</p> <p><b>N.º de persoas que solicitaron a adaptación das probas: 12</b> Mulleres: 8 Homes: 4</p> <p><b>N.º de persoas que solicitaron a adaptación das probas e ás que se lles aplicou a adaptación: 12</b> Mulleres: 8 Homes: 4</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen dato.</p>



<p><b>5.6.3.</b> Darlle continuidade á autorización para cursar ensinanzas de persoas adultas ao alumnado menor de 18 anos por necesidades educativas especiais.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p><b>N.º de persoas solicitantes: 1</b>  <b>Mulleres: 0</b>  <b>Homes: 1</b></p> <p><b>N.º de persoas autorizadas: 1</b>  <b>Mulleres: 0</b>  <b>Homes: 1</b></p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b>  Sen dato.</p>
<p><b>5.6.4.</b> Apoiar a realización de actividades de alfabetización das persoas con necesidades educativas especiais, a través da convocatoria de axudas.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p><b>N.º de axudas solicitadas: 4</b></p> <p><b>N.º de axudas concedidas con esa finalidade: 2</b></p> <p><b>N.º de persoas con discapacidade beneficiarias: 42</b>  <b>Mulleres: 19</b>  <b>Homes: 23</b></p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b>  9.000 €</p>

## RESUMO:

- ✱ Segundo a información recollida e exposta no cadro anterior, na área 5 do plan rexistrouse actividade en 21 das 23 medidas programadas para 2012. Isto implica actividade no **91,3 %** das actuacións. As **actuacións sen actividade** son só dúas: a 5.1.2 e a 5.2.4.
- ✱ Se se ten en conta o traslado das actuacións 5.3.4 e 5.3.5 tamén a 2012, entón estase a falar dunha porcentaxe de actividade de 92 % (é dicir, 23 medidas de 25).
- ✱ Pero hai que ter en conta que, tras a recollida de datos, resultaron dúas novas actuacións relacionadas con esta área e non previstas no plan, identificadas cos códigos 5.5.5 e 5.5.6. Neste caso, pasarían a ser un total de 27 medidas en 2012 e con actividade en 25 delas; o que supón **unha porcentaxe de actividade do 92,6 %**.

**Gráfico 5. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 5**



Fonte: Elaboración propia.

## 4.6. ÁREA 6. FORMACIÓN E EMPREGO

A área 6 –“Formación e emprego”– ten dous obxectivos xerais, que se centran nas dúas vertentes que figuran no nome da área: formación e emprego.

Respecto da formación, o obxectivo final é formar as persoas con discapacidade para a súa axeitada incorporación ao mercado laboral. Para iso, trabállase cara a:

1. Favorecer unha formación de calidade adaptada ás necesidades reais de formación das persoas con discapacidade e ao mercado laboral.
2. Promover as prácticas de carácter non laboral na empresa ordinaria.



Respecto do emprego, o obxectivo é mellorar a empregabilidade e a calidade do emprego das persoas con discapacidade e combater activamente a súa discriminación. As actuacións que se pretenden desenvolver perseguirán os seguintes obxectivos específicos:

1. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector público.
2. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector privado.
3. Apoiar o emprego protexido, especialmente dende a Administración pública.



Cun total de 47 actuacións, esta área de intervención contén o 15,6 % de medidas do plan considerado no seu conxunto (a segunda área en volume de actuacións, despois da área de accesibilidade). Destas, **33 medidas** estaban **programadas para 2012**.

Os departamentos directamente implicados durante esta anualidade son os seguintes: 1) Dirección Xeral de Formación e Colocación; 2) Dirección Xeral de Promoción do Emprego; 3) Dirección Xeral de Relacións Laborais; 4) Secretaría Xeral de Política Social; 5) Escola Galega de Administración Pública-EGAP, 6) Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria-Fegas; 7) Dirección Xeral de Xustiza; 8) Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde; 9) Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa; 10) Dirección Xeral de Función Pública.

Aos departamentos citados hai que engadir o resto de departamentos da Xunta de Galicia (incluídas as secretarías xerais técnicas de todas as consellerías), dado que dúas das actuacións desta área afectan a toda a Administración galega:

- ✿ A actuación 6.4.6: Incluir medidas de fomento de inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

- A actuación 6.5.5: Reservar entre o 3 % e o 5 % dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.

Estas son as dúas medidas transversais máis destacadas, en canto que todos os departamentos son responsables executores. No primeiro caso, a actuación responde ao acordo do Consello do Goberno da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010: Acordo polo que se determina a inclusión de medidas de fomento de inserción laboral de discapacitados e outros colectivos nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. No segundo caso, apóiase na Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (publicada no DOG n.º 250 do 30 de decembro de 2010) en cuxo artigo 35 –“Reserva de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción sociolaboral– sinala que “os órganos de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e os demais entes do sector público dela dependentes poderanlles reservar a participación en determinados procedementos de adxudicación de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral, sempre que a súa finalidade ou a súa actividade, de acordo coas súas normas reguladoras, estatutos ou regras fundacionais, teña relación directa co obxecto do contrato”.

Sobre os resultados acadados nesta área, infórmase na seguinte táboa resumo elaborada a partir da información facilitada polos departamentos antes mencionados, respecto da súa actividade durante 2012, para o que se tomaron como referencia os indicadores de realización recollidos no plan de acción.

ÁREA 6. FORMACIÓN E EMPREGO	
Obxectivo específico 1. Favorecer unha formación de calidade adaptada ás necesidades reais de formación das persoas con discapacidade e ao mercado laboral.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>6.1.1.</b> Darles continuidade ás liñas de axudas para a formación de persoas con discapacidade desenvolvidas a través de convenios coas entidades do movemento asociativo de discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>N.º de convenios:</b> 3</p> <p><b>Nome oficial completo e descrición dos convenios:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Institucións para a síndrome de Down Galicia para o financiamento do Programa de mantemento da federación e promoción das actividades ás persoas con síndrome de Down en Galicia.</li> <li>2. Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami).</li> <li>3. Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e Feafes.</li> </ol> <p><b>N.º total de persoas con discapacidade beneficiarias:</b> 598</p> <p><b>N.º de persoas beneficiarias no convenio 1:</b> 212</p> <p><b>Mulleres:</b> 106</p> <p><b>Homes:</b> 106</p> <p><b>N.º de persoas beneficiarias no convenio 2:</b> 337</p> <p><b>Mulleres:</b> 136</p> <p><b>Homes:</b> 201</p>



	<p><b>N.º de persoas beneficiarias no convenio 3: 49</b> <b>Mulleres: 19</b> <b>Homes: 30</b></p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado</b> 282.023 €</p>
<p><b>6.1.2.</b> Fixar como un dos colectivos prioritarios en todas as ordes de subvención as persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>◆ Dirección Xeral de Formación e Colocación</li></ul>	<p><b>N.º (total) de ordes de subvencións: 2</b></p> <p><b>N.º de ordes de subvencións nas que as persoas con discapacidade son colectivo prioritario: 2</b></p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 49.000.000 €</p>
<p><b>6.1.3.</b> Dotar os centros propios de formación da Consellería de Traballo e Benestar de equipamento adaptado ás persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>◆ Dirección Xeral de Formación e Colocación</li></ul>	<p>Actuación non executada (aínda que sen resposta do departamento competente).</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>6.1.6.</b> Manter a prioridade das persoas con discapacidade como participantes nos programas mixtos de formación e emprego.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>◆ Dirección Xeral de Promoción do Emprego</li></ul>	<p><b>N.º de persoas con discapacidade participantes: 17</b> <b>Mulleres: 9</b> <b>Homes: 8</b></p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 83.000 €</p>
<p><b>6.1.9.</b> Levar a cabo o mantemento evolutivo da aplicación informática de orientación laboral e crear canles de comunicación entre profesionais de orientación do Servizo Público de Emprego de Galicia cara á inclusión de melloras relacionadas coa derivación de persoas usuarias entre entidades especializadas en atención a determinados colectivos, preferentemente con discapacidade físicas, psíquicas ou sensoriais e os demais servizos existentes.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>◆ Dirección Xeral de Formación e Colocación</li></ul>	<p><b>N.º de novas funcionalidades desenvolvidas: 1</b> <b>N.º de melloras das funcionalidades existentes: 1</b></p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen dato.</p>
<p><b>6.1.10.</b> Asignar unha contía superior no caso da inserción laboral de persoas con discapacidade en situación de desemprego na orde de programas integrados para o emprego, como compensación ao esforzo engadido que supón a inserción.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>◆ Dirección Xeral de Formación e Colocación</li></ul>	<p><b>Incorporación nas ordes de axudas anuais dunha asignación superior en caso de inserción de persoas con discapacidade: si</b></p> <p><b>Describir o/s novo/s criterio/s incorporado/s:</b> A inserción laboral das persoas con discapacidade considerouse, en virtude do funcionamento actual do mercado de traballo, a partir do 25 % da xornada.</p> <p><b>Persoas con discapacidade participantes no programa: 147</b> <b>Mulleres: 88</b> <b>Homes: 59</b></p> <p><b>Persoas con discapacidade inseridas no mercado laboral: 0</b></p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 140.146 €</p>
<p><b>6.1.11.</b> Impulsar os programas de teleformación e a distancia nos plans de formación profesional ocupacional existentes para favorecer, sobre todo, as</p>	<p><b>N.º de cursos de teleformación e a distancia previstos:</b> <b>N.º de cursos de teleformación e a distancia realizados:</b> <b>N.º total de persoas con discapacidade formadas nesta modalidade, por sexo:</b></p>

<p>persoas con dificultades para acceder na modalidade presencial.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Formación e Colocación</li> </ul>	<p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>6.1.12.</b> Darlle continuidade ao programa de accións formativas para persoas desempregadas (AFD), de forma que se axusten á realidade das persoas con discapacidade para posibilitarles a súa realización efectiva.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Formación e Colocación</li> </ul>	<p><b>N.º de cursos de AFD nos que participan persoas con discapacidade (de grao igual ou superior ao 33 %):</b> 179</p> <p><b>N.º total de persoas con discapacidade inscritas:</b> 512  <b>Mulleres:</b> 243  <b>Homes:</b> 269</p> <p><b>N.º total de persoas con discapacidade formadas:</b> 387  <b>Mulleres:</b> 189  <b>Homes:</b> 198</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  2.039.674 €</p>
<p><b>6.1.14.</b> Reforzar a realización de cursos de formación con compromiso de contratación das persoas formadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Formación e Colocación</li> </ul>	<p><b>N.º de accións formativas con compromiso de contratación:</b> 75</p> <p><b>N.º de persoas con discapacidade formadas:</b> 11  <b>Mulleres:</b> 2  <b>Homes:</b> 9</p> <p><b>N.º de persoas con discapacidade contratadas:</b> 6  <b>Mulleres:</b> 1  <b>Homes:</b> 5</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  21.656 €</p>
<p><b>6.1.15.</b> Potenciar a avaliación e a acreditación da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, como posibles fórmulas de integración no mercado laboral das persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> <li>• Dirección Xeral de Formación e Colocación</li> </ul>	<p><b><u>DX de Formación e Colocación</u></b></p> <p><b>N.º de prazas convocadas:</b> 1.500 (300 en 2011)  <b>N.º total de persoas acreditadas:</b> 1.258 (284 en 2011)  <b>Mulleres:</b> 1.101  <b>Homes:</b> 157  <b>N.º total de persoas con discapacidade acreditadas:</b> sen dato.</p> <p><b><u>DX de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</u></b></p> <p><b>N.º de prazas convocadas:</b> 3.233  <b>N.º total de persoas acreditadas:</b> 1.699  <b>Mulleres:</b> 627  <b>Homes:</b> 1.072  <b>N.º total de persoas con discapacidade acreditadas:</b> Non se facilitan datos de persoas con discapacidade apelando ao segredo estatístico, pois cando se desagrega entre homes e mulleres o número é tan baixo que as persoas poderían quedar identificadas.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  <b><u>DX de Formación e Colocación:</u></b> 450.810,41 €  <b><u>DX de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa:</u></b> non implica orzamento engadido sobre o empregado na acción xeral.</p>



**Obxectivo específico 3. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector público.**

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>6.3.1.</b> Elaborar e publicar un decreto regulador do acceso, promoción interna e provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade no ámbito da Administración autonómica galega.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✿ Dirección Xeral de Función Pública</li> </ul>	<p>O artigo 3 do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro e o artigo 23 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 prohibiron a incorporación de novo persoal funcionario e laboral fixo con limitadas excepcións. Consecuentemente, no ano 2012 a oferta de emprego público para a Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 262/2012, do 20 de decembro) foi extremadamente reducida. Doutra banda, a normativa vixente (disp. adic. sétima da Lei da función pública de Galicia) mellora notablemente a lexislación básica estatal e constitúe o marco no que se acadou e superou amplamente o obxectivo do 2 %. Finalmente, a demora na modificación da Lei da función pública para regular o acceso á función pública das persoas con discapacidade intelectual privaba de referencia na materia ao desenvolvemento regulamentario.</p> <p>Con base no anterior e á vista dos restantes proxectos pendentes de execución, pospúxose a elaboración do decreto prevista para o exercicio 2012.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>6.3.4.</b> Manter a cota do 5 % dos postos de cada lista para persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 % para o nomeamento do persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✿ Dirección Xeral de Xustiza</li> </ul>	<p><b>N.º total de persoas contratadas:</b> 532  <b>Mulleres:</b> 448  <b>Homes:</b> 84</p> <p><b>N.º total de persoas con discapacidade contratadas:</b> 10  <b>Mulleres:</b> 5  <b>Homes:</b> 5</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  Sen custos directos</p>
<p><b>6.3.9.</b> Realizar un estudo da tipoloxía de postos de traballo no Servizo Galego de Saúde e establecer as súas tarefas fundamentais e as condicións mínimas para o seu desempeño. Tomarase como referencia nun primeiro momento un centro que se determine.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✿ Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde</li> </ul>	<p><b>Estudo realizado:</b></p> <p><b>En caso de non ter finalizado o estudo, describir as tarefas realizadas:</b></p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>6.3.10.</b> Impartir accións formativas para o persoal da Administración que, ou ben forme parte da contorna organizativa das persoas con discapacidade, ou ben teña responsabilidade sobre as persoas traballadoras con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✿ Secretaría Xeral de Política Social</li> <li>✿ Fegas</li> <li>✿ Escola Galega de Administración Pública (EGAP)</li> </ul>	<p>Para a SX de Política Social esta actuación entendeuse, inicialmente, como formación dirixida a todo o persoal dos centros de discapacidade, polo que non se programou nin se executou ningunha acción no sentido que recolle a nota aclaratoria dirixida ao persoal da Administración en cuxa contorna organizativa haxa algún posto de traballo ocupado por persoas con discapacidade para ter coñecemento sobre as súas características.</p> <p><b>Fegas:</b> sen datos.</p> <p><b>EGAP</b> (non lle remitiu o formulario, pero si información puntual, á SX de Política Social).</p> <p><b>N.º de accións formativas realizadas:</b> 13</p>



	<p><b>Nome e descrición das accións formativas realizadas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A xestión por procesos. Proceso de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sigad.</li> <li>- Curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais.</li> <li>- Mediación familiar na atención ás persoas en situación de dependencia.</li> <li>- O coidado do alumnado con inadaptación escolar por trastornos de conduta.</li> <li>- Técnicas de xestión e actuacións de mellora enfocadas á eficiencia en centros residenciais.</li> <li>- Violencia contra as mulleres con discapacidade.</li> <li>- Xornadas sobre protección xurídica e discapacidade.</li> </ul> <p><b>N.º de persoas formadas: 548</b>  <b>Mulleres: 479</b>  <b>Homes: 69</b></p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>Actuación (de nova incorporación) 6.3.11.</b>  Axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito da colaboración con órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Promoción do Emprego</p>	<p>Contratáronse 383 persoas traballadoras desempregadas para a atención de persoas con discapacidade.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  Sen dato.</p>
<p><b>Información complementaria relacionada co obxectivo específicos 6.3.</b></p>	<p>A <b>Dirección Xeral de Administración Local</b> tramitou dous procesos selectivos para o acceso á subescala secretaría categoría superior e para o acceso á subescala de intervención-tesourería categoría superior. Nestes procedementos presentáronse varias persoas opositoras con discapacidade e superou o proceso selectivo de intervención superior unha delas.</p> <p>Resolución do 15 de xuño de 2012, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se nomean funcionarios/as de carreira, categoría superior da subescala de secretaría, da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o acceso á citada categoría e subescala convocada mediante a Resolución do 5 de agosto de 2010 (DOG do 3 de xullo de 2012).</p> <p>Resolución do 4 de xullo de 2012, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se nomean funcionarios/as de carreira, categoría superior da subescala de intervención-tesourería, da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o acceso á citada categoría e subescala convocada mediante a Resolución do 6 de agosto de 2010 (DOG do 17 de xullo de 2012).</p> <p>O orzamento ascendeu, para os dous procesos selectivos no exercicio 2012, a 1.036 €.</p>



**Obxectivo específico 4. Promover o acceso e mellorar a empregabilidade e a adaptación do posto de traballo das persoas con discapacidade no sector privado.**

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>6.4.1.</b> Darlle continuidade ao programa de fomento da contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria, mediante o que se incentivan as empresas pola contratación de traballadores e traballadoras con discapacidade, coa finalidade de fomentar e de favorecer a súa integración no sistema ordinario de traballo.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Promoción do Emprego</p>	<p><b>N.º de empresas beneficiarias:</b> 195</p> <p><b>N.º de persoas con discapacidade beneficiarias:</b> 264</p> <p><b>Mulleres:</b> 122</p> <p><b>Homes:</b> 142</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 911.212 €</p>
<p><b>6.4.2.</b> Darlle continuidade ao programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, a través do que se subvenciona a promotores de proxectos con apoio para financiar os custos laborais e de Seguridade Social das e dos preparadores laborais que se contraten para levar a cabo accións de apoio ás persoas con discapacidade severa con maiores dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Promoción do Emprego</p>	<p><b>N.º de entidades beneficiarias do programa:</b> 10</p> <p><b>N.º de preparadoras/es contratados subvencionados:</b> 22</p> <p><b>N.º de empresas beneficiarias:</b> 51</p> <p><b>N.º de persoas con discapacidade beneficiarias:</b> 68</p> <p><b>Mulleres:</b> 35</p> <p><b>Homes:</b> 33</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 112.493 €</p>
<p><b>6.4.3.</b> Considerar de maneira explícita as persoas con discapacidade como colectivo beneficiario en todas as accións informativas relativas a cooperativas e incidir nas vantaxes das cooperativas de integración social.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Relacións Laborais</p>	<p><b>N.º de accións informativas que consideren explicitamente as persoas con discapacidade:</b> 2</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Realizouse unha xornada explicativa das ordes de axudas da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social na que se explicaron, entre outros aspectos, as axudas de apoio ás cooperativas que presten servizos de natureza social e á comunidade.</li> <li>2. Tamén se abordou a temática da integración social e laboral de persoas con discapacidade física e mental no marco do Encontro Internacional Cooperativo.</li> </ol> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>6.4.4.</b> Potenciar os contratos para a formación como vía de incorporación ao mercado de traballo das persoas con discapacidade sen experiencia laboral previa.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Promoción do Emprego</p> <p><i>(Datos a través de Dirección Xeral de Formación e Colocación, Servizo Público de Emprego de Galicia)</i></p>	<p><b>N.º total de contratos para a formación realizados:</b> 0</p> <p><b>N.º total de persoas con discapacidade que se acollen a esta modalidade:</b> 0</p> <p>A orde do ano 2012 para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria subvenciona a contratación temporal de persoas con discapacidade, sempre que a duración do contrato sexa de polo menos 12 meses.</p> <p>Os resultados están computados no obxectivo 6.4.1 e foron os seguintes:</p> <p><b>N.º total de persoas con discapacidade contratadas con contrato temporal:</b> 125 (non consta ningún contrato temporal coa modalidade de contrato de formación).</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>



**6.4.5.** Levar a cabo o mantemento evolutivo do Portal virtual de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

- Dirección Xeral de Formación e Colocación

**Novos servizos implementados:**

O Portal de emprego da Consellería de Traballo de Benestar incrementou o seu nivel de accesibilidade. Actualmente, ten unha accesibilidade AAA-WAI 1.0.

**Orzamento destinado:**

Sen dato.

**6.4.6.** Incluír medidas de fomento de inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

*Nota: A esta actuación responde o Acordo do Consello do Goberno da Xunta de Galicia, do 8 de abril de 2010, polo que se determina a inclusión de medidas de fomento de inserción laboral de discapacitados e outros colectivos nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.*

- Interveñen todos os organismos/departamentos/entidades implicadas no desenvolvemento do plan

**N.º de expedientes de contratación que inclúen medidas deste tipo:**

**SXT da Consellería de Traballo e Benestar:** 26

**Secretaría Xeral de Política Social:** 2

**Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado:** non se redactaron PPAP no ano 2012 como consecuencia de contratacións bianuais efectuadas no 2011. Inclusión destas medidas nos PPAP da campaña de verán para o 2013.

**Consellería de Economía e Industria:** 3

**Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:** 34

**Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos:** 3

**Consellería do Medio Rural e do Mar:** 53

Considérase o total de expedientes de contratación tramitados no ano 2012, por procedemento aberto ou negociado (non sempre adxudicados).

Todos os expedientes de contratación tramitados inclúen nos pregos a previsión de ter en conta a porcentaxe de persoas con discapacidade, para dirimir desempates, no caso de producirse empates na valoración de proposicións.

A actuación executouse, mais non tivo incidencia á hora de mellorar a situación laboral das persoas con discapacidade.

-Os dous contratos reservados foron asinados con Aspas Emprego, SL. Un deles é un servizo adxudicado por procedemento negociado sen publicidade "servizo para a conservación, o mantemento e a xestión do centro de razas equinas autóctonas de Galicia en Sergude-Boqueixón (A Coruña), cofinanciado con fondos Feader nun 57,56 %, eixe prioritario 2, subeixe 2.1, submedia 2.1.4.2.1" e o outro é un contrato menor de subministración.

**SXT da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:** 143 (inclúe as da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Axencia Galega de Infraestruturas, a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Sociedade Pública de Investimentos e a Axencia da Protección da Legalidade Urbanística.

**Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS):** 12 (todos os expedientes recollen, nos seus pregos de cláusulas administrativas, como criterio de valoración para o desempate a inclusión no cadro de persoal do licitador de persoas traballadoras con discapacidade.

**Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:** 22

**Dirección Xeral de Xustiza:** 13 (a iniciativa deste centro directivo, a Secretaría Xeral Técnica da consellería tramitou 13 contratos nos que se inclúe a cláusula acorde á lexislación de contratos para o fomento da contratación de persoas con

discapacidade).

**Axencia Galega de Emerxencias (Axega): 4**

**Secretaría Xeral da Igualdade: 5**

**Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega): 38** ("Se varias empresas licitadoras ou candidatas das que empatasen en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador ou candidato que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal (disposición adicional cuarta do TRLCSP)").

**Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG): 1.** Non se refire exactamente ao que indica a actuación, pero garda relación importante co emprego de persoas con discapacidade: no proceso selectivo extraordinario de consolidación de emprego, a CRTVG reservou o 7 % ou 14 prazas a persoas con discapacidade, das que 12 persoas obtiveron praza.

**Secretaría Xeral para o Turismo: 8.** Nos pregos tipo a Secretaría Xeral para o Turismo inclúe a seguinte cláusula: "No caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2 %. No caso de que varias empresas se atopen nas circunstancias expresadas no punto anterior, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal". Nos 8 expedientes que en 2012 se licitaron con pregos que contiñan esa cláusula, ningunha das empresas adxudicatarias incluíu persoal nesa situación.

**Dirección de Asistencia Sanitaria.** En dúas ordes de concorrência competitiva para entidades sen ánimo de lucro (socio sanitaria e vivendas en trastornos aditivos), promovidas pola Subdirección xeral de Xestión Socio sanitaria e Saúde Mental, prevese en caso de empate a discriminación positiva para aquelas que conten no seu persoal con persoas traballadoras con discapacidade.

**Orzamento destinado:**

**SXT da Consellería de Traballo e Benestar: 17.606.326,49**

**Secretaría Xeral de Política Social: 461.541,83 €**

**Consellería de Economía e Industria: 1.162.647 €**

**Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.** En relación cos expedientes de contratación que inclúen medidas da actuación 6.4.6 indícase que o orzamento destinado foi "0" porque en ningún destes expedientes se fixo uso da cláusula por "empate" de propostas; é dicir, non houbo oportunidade de valorar un número de traballadores/as con discapacidade superior ao 2 %, ou de valorar a dispoñibilidade dun maior número de persoas con discapacidade etc.

**Consellería do Medio Rural e do Mar: 60.677.034 €**



	<p><b>Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:</b> 62.404.505,56 €</p> <p><b>Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:</b> 13.672.754 €</p> <p><b>Dirección Xeral de Xustiza:</b> 977.104,41 €</p> <p><b>Secretaría Xeral da Igualdade:</b> 262.811 €</p> <p><b>Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega):</b> 14.466.161,79 €</p> <p><b>Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG):</b> 60.0000 €</p>
<p><b>6.4.7.</b> Promover que nas entidades beneficiarias de axudas para a contratación de 50 ou máis traballadores e traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, ao abeiro das diferentes ordes de convocatoria dos programas de cooperación da Consellería de Traballo e Benestar, cando menos, o 5 % das persoas seleccionadas sexan persoas con discapacidade.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Promoción do Emprego</p>	<p>Actuación non executada. O número máximo de contratacións autorizadas por entidade, segundo a orde de convocatoria, son 15. Este límite máximo poderá exceptuarse no suposto de entidades de atención a persoas con discapacidade, pero dado o orzamento e tendo en conta que son subvencións en réxime de concorrencia competitiva, en ningún caso se podería chegar á cifra de 50 persoas traballadoras.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>6.4.8.</b> Fomentar a participación das persoas demandantes de emprego nas políticas activas de emprego e considerar as circunstancias de quen ten algunha discapacidade.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Formación e Colocación</p>	<p><b>N.º de orientacións laborais realizadas:</b> 164.839</p> <p><b>Mulleres:</b> 79.337</p> <p><b>Homes:</b> 85.502</p> <p><b>N.º de orientacións laborais dirixidas a persoas con discapacidade:</b> 14.759</p> <p><b>Mulleres:</b> 6.544</p> <p><b>Homes:</b> 8.215</p> <p><b>Taxa de inactividade na poboación xeral en 2011:</b> 17,4 %</p> <p><b>Taxa de inactividade da poboación con discapacidade, en 2011:</b> non consta</p> <p><b>Orzamento anual destinado aos centros específicos que atenden este colectivo:</b> 1.610.396 €</p>
<p><b>6.4.9.</b> Visibilizar a través das accións de fomento da responsabilidade social empresarial (RSE) da Xunta de Galicia (xornadas, encontros, informacións dixitais...) a capacidade das persoas con discapacidade e concienciar sobre a súa contratación, ao tempo que se facilita información sobre as axudas técnicas e persoais e sobre o cumprimento voluntario da cota do 2 % no cadro de persoal de traballadores ou traballadoras que teñen algunha discapacidade.</p> <p>✱ Dirección Xeral de Relacións Laborais</p>	<p><b>N.º de accións previstas de fomento da RSE nas que se visibilicen as persoas con discapacidade:</b></p> <p><b>N.º total de accións de fomento da RSE efectivamente realizadas:</b></p> <p><b>N.º de accións de fomento da RSE realizadas nas que efectivamente se visibilicen as persoas con discapacidade:</b></p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>

<p><b>6.4.12.</b> Establecer, normativamente, vías de comunicación entre persoal técnico de servizos sociais e de formación e colocación, cara á optimización de recursos no ámbito da inserción laboral das persoas con discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral de Política Social</li> <li>Dirección Xeral de Formación e Colocación</li> </ul>	<p><b>Actuación non executada. Inclúese como previsión para 2013, segundo información da SX de Política Social.</b></p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>Actuación (de nova incorporación) 6.4.13.</b> Promover a incorporación das persoas con discapacidade ao emprego por conta propia a través do Programa de promoción do emprego autónomo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Promoción do Emprego</li> </ul>	<p>Dirixida a persoas con discapacidade desempregadas que se constitúan como traballadoras autónomas por conta propia.</p> <p><b>N.º de persoas con discapacidade beneficiarias:</b> 60 Mulleres: 19 Homes: 41</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 560.032,26 €</p>
<p><b>Actuación (de nova incorporación) 6.4.14.</b> Convocar axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito da colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a prórroga da subvención para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Promoción do Emprego</li> </ul>	<p>Contratáronse 38 axentes de emprego/unidades de apoio para atención de persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.</p>
<b>Obxectivo específico 5. Apoiar o emprego protexido, especialmente dende a Administración pública.</b>	
<b>Actuación</b>	<b>Resultados segundo indicadores</b>
<p><b>6.5.1.</b> Darlle continuidade ao programa de apoio á creación, ampliación e mantemento de centros especiais de emprego.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Promoción do Emprego</li> </ul>	<p><b>N.º de centros especiais de emprego beneficiarios:</b> 112 <b>N.º de persoas con discapacidade beneficiarias:</b> 1.812 <b>Mulleres:</b> 716 <b>Homes:</b> 1.096</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 6.848.558 €</p>
<p><b>6.5.2.</b> Darlle continuidade ao programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Promoción do Emprego</li> </ul>	<p><b>N.º de centros especiais de emprego beneficiarios:</b> 16 <b>N.º de persoas con discapacidade beneficiarias:</b> 408 <b>Mulleres:</b> 147 <b>Homes:</b> 261</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 329.299 €</p>
<p><b>6.5.4.</b> Crear un ficheiro coordinado entre o Servizo Público de Emprego de Galicia e os centros especiais de emprego.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Formación e Colocación</li> </ul>	<p><b>Creación do ficheiro:</b> <b>N.º de altas de demandantes de emprego:</b> <b>Mulleres:</b> <b>Homes:</b> <b>N.º de insercións no mercado ordinario:</b> <b>Mulleres:</b> <b>Homes:</b></p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>



**6.5.5.** Reservar entre o 3 % e o 5 % dos contratos da Administración da Xunta de Galicia aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.

- Intervenien todos os organismos/departamentos/entidades implicadas no desenvolvemento do plan

**N.º de contratos con centros especiais de emprego sen ánimo de lucro:**

**Secretaría Xeral de Política Social:** 1

**Consellería de Economía e Industria:** 0. Nos expedientes de contratación tramitados no 2012 non participou ningunha empresa que se identificase como centro especial de emprego sen ánimo de lucro.

**Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:** 1. A Fundación Cidade da Cultura de Galicia mantén un contrato con Cogami Reciclado de Galicia, SL (Coregal, SL), que ten por obxecto a xestión de residuos (Código LER: 150101 Papel e Cartón).

**Consellería do Medio Rural e do Mar:** 2

**Dirección Xeral de Mobilidade.** O volume de licitación promovida pola Dirección Xeral de Mobilidade no ano 2012, xunto coa especialidade técnica desta (centrada en asistencias técnicas especializadas en materia de transporte), non permitiu nin que se acadase un volume de contratos que se situase nesas porcentaxes, nin tampouco que algún dos que foron obxecto de licitación entrase no ámbito de actuación de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.

**Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).** Non se fixeron as reservas nos contratos que se realizaron polo IGVS no ano 2012. Terase en conta nos contratos do 2013.

**Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza:** 1

**Secretaría Xeral da Igualdade:** 8

**Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).** A adxudicación dos contratos regúlase polo TRLCSP e cúmprese co principio de igualdade e transparencia que se establece no artigo 139: "Os órganos de contratación daranlles aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación ao principio de transparencia".

**Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG).** Os contratos realízanse a través dunhas listaxes de contratación.

**Importe total contratado con centros especiais de emprego sen ánimo de lucro:**

**Secretaría Xeral de Política Social:** 10.850 €

**Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:** facturación por servizo prestado.

**Consellería do Medio Rural e do Mar:** 70.157 €

**Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza:** 3.941 €

**Secretaría Xeral da Igualdade:** 818 €

**RESUMO:**

- Segundo os datos expostos no cadro anterior, na área 6 do plan rexistrouse actividade en 23 das 33 medidas programadas para 2012. Pero non se dispón de datos en seis das medidas (6.1.11, 6.1.16, 6.2.2, 6.3.8, 6.4.9, 6.5.4), que non computan polo tanto para calcular os graos de actividade. Así, pois, pódese falar de actividade no **85,2 %** das actuacións (é dicir, en 23 de 27 actuacións). As **actuacións sen actividade** son catro: a 6.1.3, a 6.3.1, 6.4.7 e a 6.4.12.
- Cómpre sinalar como novidade a incorporación de tres novas actuacións: 6.3.11, 6.4.13 e 6.4.14. Se se teñen en conta no cómputo global, estaríase a falar dun total de 36 actuacións na anualidade 2012, das que non hai datos en seis delas, e con actividade 26. Deste xeito, a porcentaxe de actividade sitúase no **86,7 %**.

**Gráfico 6. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 6<sup>5</sup>**

Fonte: Elaboración propia.

<sup>5</sup> Non se están contabilizando para os cálculos do grao de actividade as seis actuacións sinaladas no cadro resumo por non dispoñibilidade de datos.



### 4.7. ÁREA 7. RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS

A área de recursos no ámbito dos servizos sociais ten como obxectivo mellorar o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións para as persoas con discapacidade e as súas familias.

Para iso deseñáronse un total de 30 medidas, que constitúen o 9,8 % do conxunto de actuacións do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013.

As actuacións ideáronse sobre a necesidade de consecución de tres obxectivos específicos:



1. Desenvolver a normativa relativa a intervencións, programas, servizos e prestacións no ámbito da discapacidade.



2. Diseñar procesos que garanten unha intervención efectiva centrada na persoa e na atención á diversidade.

3. Ampliar e consolidar a rede de recursos sociais para as persoas con discapacidade.

A continuación, descríbese a información relativa a esta área durante o exercicio 2012, anualidade na que se programaron 20 das actuacións de área, case na súa totalidade a cargo da Secretaría Xeral de Política Social, con competencia nunha delas da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e coa colaboración de Cermi Galicia noutra das actuacións.

### ÁREA 7. RECURSOS NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS

#### Obxectivo específico 1. Desenvolver a normativa relativa a intervencións, programas, servizos e prestacións no ámbito da discapacidade.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>7.1.4.</b> Actualizar a normativa reguladora do procedemento de acceso aos recursos dirixidos ás persoas con discapacidade: Orde do 26 de febreiro de 1996, pola que se regula o procedemento de ingresos e traslados en centros propios, concertados e con reserva de prazas.</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>Normativa actualizada publicada:</b> No momento en que se facilita a información, estase a tramitar o proxecto de orde pola que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados en centros propios ou concertados no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal. Non se puido comezar a tramitar antes debido a que a redacción final estaba condicionada pola tamén redacción final do decreto da carteira de servizos.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> Non ten orzamento destinado.</p>

#### Obxectivo específico 2. Diseñar procesos que garantan unha intervención efectiva centrada na persoa e na atención á diversidade.



Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>7.2.2.</b> Mellorar as vías de coordinación entre os equipos con funcións de valoración e intervención social da Consellería de Traballo e Benestar e os equipos de orientación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Secretaría Xeral de Política Social</li> <li>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul>	<p><b>Mecanismos/protocolos de coordinación establecidos:</b> Actuación non executada. Segundo a información da SX de Política Social, inclúese como previsión para 2013.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>7.2.5.</b> Elaborar un modelo único que garanta a unificación de criterios á hora de definir os contidos do Programa de atención individualizada.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>Modelo elaborado de Programa de atención individualizada:</b> En proceso de elaboración ao remate do 2012, previsión de finalización en maio de 2013.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 21.138 €</p>
<p><b>7.2.6.</b> Crear e poñer en marcha grupos de traballo para instrumentalizar os criterios de calidade e das condicións que garantan unha intervención efectiva e especializada: soporte documental, formación especializada, perfís profesionais, cadros de persoal recomendables etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>N.º de grupos creados: 5</b> Os grupos de traballo creáronse nas anualidades anteriores (2010 e 2011) con motivo dos traballos de elaboración da carteira de servizos da dependencia (nos que entidades vinculadas ao Cermi participaron activamente), pero continuaron en 2012. Os grupos creados foron os seguintes</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Grupo 1. Atención de maiores.</li> <li>2. Grupo 2. Atención á discapacidade física, dano e parálise cerebral.</li> <li>3. Grupo 3. Atención á discapacidade intelectual, autismo, alzhéimer e enfermidade mental.</li> <li>4. Grupo 4. Prevención da dependencia, promoción da autonomía persoal, teleasistencia e axuda a domicilio.</li> <li>5. Grupo 5. Grupo interno da Consellería de Traballo e Benestar, integrado por representantes da Unidade de Equipamentos e Servizos para Persoas Maiores e con Discapacidades, Inspección e Dependencia.</li> </ol> <p><b>N.º total de xuntanzas: 32</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Grupo 1: 3</li> <li>• Grupo 2: 3</li> <li>• Grupo 3: 3</li> <li>• Grupo 4: 3</li> <li>• Grupo 5: 20</li> </ul> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen custos directos.</p>
<p><b>7.2.7.</b> Potenciar a través das ordes de subvencións o desenvolvemento de programas que favorezan a intervención coa persoa con discapacidade no seu contorno habitual persoal (programas de atención ambulatoria, titorías, escolas de pais e nais etc.), cara a mellorar a súa autonomía.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>Actuación non executada.</b> Non se convocaron subvencións por restricións orzamentarias.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>



<p><b>7.2.8.</b> Promover o deseño e a implementación de protocolos locais de actuación para servizos sociais municipais, unificando os diversos procedementos que se utilizan na actualidade. <i>(A elaboración dos protocolos require dun traballo de equipo do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios e da Consellería de Traballo e Benestar; así pódense propoñer dende a Administración autonómica para que a súa utilización se estenda a todos os servizos sociais comunitarios de Galicia).</i></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral de Política Social</li></ul>	<p><b>N.º de protocolos de actuación implementados:</b> Elaboración do documento do informe social unificado (ISU) para os efectos de unificar criterios nas áreas de dependencia, discapacidade e maiores.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 15.000 €</p>
<p><b>7.2.9.</b> Fomentar a implantación e a mellora de protocolos previstos nos contratos de concerto de prazas que redunden en melloras organizativas e na atención á persoa usuaria.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral de Política Social</li></ul>	<p><b>N.º de protocolos establecidos: 17</b></p> <p><b>Nome e descrición dos protocolos establecidos e entidades implicadas:</b></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Preingreso.</li><li>2. Acolida e adaptación ao centro.</li><li>3. Caídas.</li><li>4. Medidas de suxeición.</li><li>5. Hixiene persoal.</li><li>6. Medicación.</li><li>7. Atragoamento.</li><li>8. Prevención e tratamento de úlceras por presión.</li><li>9. Transferencia e mobilizacións.</li><li>10. Control de constantes.</li><li>11. Emerxencia sanitaria.</li><li>12. Control de errantes.</li><li>13. Detección e intervención en caso de malos tratos.</li><li>14. Suxestións, queixas e reclamacións.</li><li>15. Coidados ao final da vida.</li><li>16. Baixa no centro.</li><li>17. Regulamento de réxime interno.</li></ol> <p>As entidades son todas aquelas que teñen contratacións con esta consellería. Co obxecto de facilitar a súa implantación, trabállase na elaboración de modelos.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen custos directos.</p>
<p><b>7.2.10.</b> Identificar e promover boas prácticas innovadoras e excelentes sobre procesos de intervención no ámbito da discapacidade.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral de Política Social</li><li>• Cermi</li></ul>	<p><b>N.º de boas prácticas identificadas e descrición:</b></p> <p>Autismo Galicia: 2</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Manual do preparador laboral especialista nos TEA.</li><li>- Formación en habilidades sociolaborais para persoas con TEA.</li></ul> <p>Down Galicia: 10</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Aprendizaxe cooperativa: como metodoloxía prioritaria no desenvolvemento das sesións de grupo dos programas que forman parte do Servizo de Promoción da Autonomía Persoal das entidades membro, cunha dobre finalidade: a autoavaliación do traballo realizado e a potenciación da axuda mutua.</li><li>2. Apoio na aula: apoio por parte de profesionais da entidade Down a mestres/as, ao alumnado en xeral e ao alumnado coa síndrome de Down (sD) dentro da aula e do centro</li></ol>

educativo. Así, téntase coñecer a realidade escolar dos alumnos e alumnas con sD e/ou discapacidade intelectual para responder ás necesidades e ás demandas que xurdan e que favorezan e melloren a inclusión educativa das persoas usuarias da entidade.

3. Coordinación con centros educativos: formación e información ao persoal docente e aos centros educativos aos que asisten as persoas usuarias da entidade.

4. Formación con apoio: programa inclusivo baseado nas ofertas comunitarias normalizadas que lles facilita a preparación para o mundo do traballo a mozos e mozas coa sD.

5. Emprego con apoio: metodoloxía para lograr a inserción laboral de persoas en risco de exclusión en empresas ordinarias.

6. Programa de autonomía: a autonomía urbana e os desprazamentos pola cidade e polos concellos limítrofes faise a través do uso do transporte público e o adestramento nestes itinerarios a mozos e mozas e a persoas adultas coa sD. Igualmente, trátase de que melloren no seu nivel de inclusión social a través do uso dos recursos normalizados da comunidade.

7. Programa de autoxestión: todas as persoas adultas coa sD teñen a oportunidade de medrar no proceso de autoxestionar cada vez máis aspectos da súa vida. Medrar na autoxestión é un dereito e, polo tanto, debe ser accesible a todos e a todas.

8. Vida independente: facilitáanse os recursos e os apoios necesarios para que as persoas coa síndrome de Down poidan levar unha vida o máis independente posible.

9. Lectura fácil: proxectos de lectura fácil como medida de accesibilidade do colectivo á información.

10. Guía de orientación académica e profesional: para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, como unha ferramenta que lles axude tanto ás persoas usuarias, coma ás súas familias e profesionais implicados nos procesos de orientación do colectivo, a encamiñar o itinerario académico e profesional da persoa con discapacidade.

Ademais, cómpre engadir multitude de iniciativas levadas a cabo no ano 2012 e que se poderían considerar boas prácticas: inclusión das novas tecnoloxías/tablet, pizarra dixital como recurso no desenvolvemento de programas, elaboración do manual de prospectores laborais, formación do profesorado homologada pola Xunta de Galicia...

Fademga: 12

1. Aplicación de grupos de mellora para a toma de decisións na xestión e organización interna.

2. Servizo de Emprego. Proceso de inserción laboral en hoteis.

3. Aplicación de criterios de planificación centrada na persoa no desenvolvemento de programas de intervención para persoas adultas con autismo: un cambio na estrutura do



	<p>traballo en equipo.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>4. Proxecto Independentes.</li> <li>5. Impacto do proxecto Calidade-Feaps (medición de calidade de vida, calidade na xestión e na ética).</li> <li>6. Unidade de apoio ambulatorio.</li> <li>7. Manuais de prevención de riscos laborais adaptados para persoas adultas con txd e/ou discapacidade intelectual</li> <li>8. Escola de irmáns.</li> <li>9. Aplicación informática: INEP (instrumento de avaliación de intereses e vocacións profesionais para persoas con TEA e/ou con discapacidade intelectual).</li> <li>10. Rede de vivendas con apoio para persoas con autismo: un cambio de paradigma no deseño de servizos para persoas con necesidades de apoio xeneralizado.</li> <li>11. Unha voz para todos/as.</li> <li>12. Integra-2: normalizando co teatro.</li> </ol> <p>Ademais, entre as actividades ordinarias que se realizan, pódese falar dalgunhas que se poderían considerar tamén boas prácticas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Proceso de apoios na preparación de prazas para persoas con discapacidade intelectual na Administración pública.</li> <li>- Proceso de formación para persoas con discapacidade intelectual no exame de competencias clave.</li> <li>- Proceso de formación práctica previa ao emprego con apoio.</li> <li>- Achegamento da discapacidade intelectual á sociedade mediante charlas en colexios.</li> <li>- Participación de persoas con discapacidade intelectual na abordaxe de temas que lles afectan tanto a elas como á federación (UDS familias, reunións de programación de quendas de ocio e vacacións, xornadas de ocio e deporte, encontros de autoxestores/as...).</li> <li>- Formación de directivos/as na adquisición da capacidade de pensamento estratéxico, de xestión e no compartimento dun mesmo modelo cultural con relación ás persoas con discapacidade intelectual. Preténdese mellorar o liderado e cualificar a toma de decisión nas entidades.</li> </ul> <p>Sen resposta do resto de entidades de Cermi.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen dato.</p>
<p><b>7.2.11.</b> Proceder á reorganización e á especialización da atención socioeducativa nos centros Santiago Apóstolo e Terra de Ferrol.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>Xestións efectuadas:</b></p> <p>Dado que o proceso de reorganización se levou a cabo entre 2010 e 2011, durante o 2012 estívoase a traballar con normalidade a través dos novos modelos establecidos en ambos os dous centros. Unicamente hai que destacar que, no caso do CAPD Coruña (antigo Santiago Apóstolo), se proxectaron e executaron, por parte da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, algunhas obras que permitirán a posta en marcha de prazas de atención diúrna ocupacional.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen orzamento asignado.</p>

<p><b>7.2.12.</b> Revisar os procesos de traballo e as ferramentas tecnolóxicas de apoio no proceso de tramitación dos equipos de valoración.</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>Variación no tempo medio de tramitación anual dos expedientes de valoración da situación de dependencia:</b> -3 %</p> <p><b>Tempo medio de tramitación anual en 2011:</b> 128 días dende a solicitude ata a proposta PIA.</p> <p><b>Tempo medio de tramitación anual en 2012:</b> 123 días dende a solicitude ata a proposta PIA.</p> <p><b>Variación no tempo medio de tramitación anual dos expedientes de valoración de discapacidades:</b> -55 %</p> <p><b>Tempo medio de tramitación anual en 2011:</b> 332.</p> <p><b>Tempo medio de tramitación anual en 2012:</b> 147.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 400.000 €</p>
<p><b>Obxectivo específico 3. Ampliar e consolidar a rede de recursos sociais para as persoas con discapacidade.</b></p>	
<p style="text-align: center;"><b>Actuación</b></p>	<p style="text-align: center;"><b>Resultados segundo indicadores</b></p>
<p><b>7.3.1.</b> Poñer en marcha novos centros de atención e unidades especializadas en centros de servizos sociais autorizados preexistentes.</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Política Social</p> <p><i>Actuación programada e executada en 2011; non foi programada en 2012, pero déuselle continuidade.</i></p>	<p><b>Centros postos en marcha: 2</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Residencia de persoas con discapacidade de Bóveda (prazas para discapacidade física).</li> <li>- Residencia de atención integral APAM (Vigo) (prazas para persoas con parálise cerebral). Data de contrato: 1/11/2012.</li> </ul> <p><b>N.º de novas prazas creadas: 77</b>  <b>N.º de novas prazas novas realmente ocupadas: 46</b>  Mulleres: 15  Homes: 31</p> <p><b>Nota:</b> Datos contabilizados no número total de prazas e de ocupación 2012.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 498.780 € (este é o orzamento total previsto, pero o orzamento real depende das prazas ocupadas).</p>
<p><b>7.3.2.</b> Darlles continuidade ás axudas dirixidas ás persoas con discapacidade no marco das subvencións para o cofinanciamento das prestacións básicas de servizos sociais ás corporacións locais.</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de axudas concedidas: 7</b></p> <p><b>Orzamento destinado: 237.584 €</b>  <b>Porcentaxe destinada no ámbito da discapacidade: 2,12 %</b></p> <p><b>Nota:</b> Calculado sobre o orzamento total de servizos sociais comunitarios, sen ter en conta SAF dependencia nin investimento: 11.228.849,61 €.</p>
<p><b>7.3.3.</b> Procurar unha maior cobertura do programa de axuda no fogar para as persoas con discapacidade e complementalo con outros servizos de proximidade.</p> <p>✱ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de persoas con discapacidade usuarias: 1.105</b> (de entre un total de 11.367 persoas atendidas).  <b>Mulleres: 624</b>  <b>Homes: 481</b></p> <p><b>N.º de persoas en situación de dependencia usuarias: 8.308</b>  <b>Mulleres: 5.665</b>  <b>Homes: 2.643</b></p> <p><b>Orzamento destinado:</b> SAF dependencia: 32.215.711,69 € ( % incremento respecto do exercicio anterior: 1,52 %).</p>

	SAF básica: total 828.605,11 €; destinado a persoas con discapacidade: 80.549,72 € (% incremento respecto do exercicio anterior: - 64,2 %).
<p><b>7.3.5.</b> Manter e, se é o caso, ampliar o volume de prazas residenciais de carácter público para persoas con discapacidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de prazas:</b> 2075</p> <p><b>N.º total de persoas con discapacidade beneficiarias:</b> 1979</p> <p><b>Mulleres:</b> 880</p> <p><b>Homes:</b> 1.099</p> <p><b>N.º de prazas vacantes:</b> 96</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 26.748.812,39 €</p>
<p><b>7.3.6.</b> Incrementar o número de prazas do Programa de respiro familiar, a través do que se lles oferta ás familias un período de descanso con actividades de ocio socializador e integrador das persoas usuarias do programa.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>Nota:</b> O programa de Respiro familiar está xestionado por dúas subdireccións xerais, a de Promoción da Autonomía Persoal e a de Coordinación de Equipamentos e Servizos para Persoas Maiores e con Discapacidade. Os datos sinalados resultan da agregación da información facilitada por ambos os departamentos. As prazas que xestionou a Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal refírese ao número de persoas beneficiarias (poden ser de distintos tipos: quincenais, de fin de semana ou mensual). As prazas de homes e mulleres que xestionou a outra subdirección xeral correspóndese co número de servizos prestados; e dicir, nunha mesma praza beneficiáronse varias persoas ao longo do ano, en períodos de fin de semana, de venres a domingo.</p> <p><b>N.º de prazas en 2012:</b> 130</p> <p>Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal: 72</p> <p>Subdirección Xeral Coordinación de Equipamentos e Servizos para Persoas Maiores e con Discapacidade: 58</p> <p><b>N.º total de persoas con discapacidade usuarias:</b> 4.907</p> <p><b>Mulleres:</b> 1.889</p> <p><b>Homes:</b> 3.018</p> <p>Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal: 2.461 (949 mulleres; 1.512 homes).</p> <p>Subdirección Xeral de Coordinación de Equipamentos e Servizos para Persoas Maiores e con Discapacidade: 2.446 (940 mulleres; 1.506 homes).</p> <p><b>Incremento anual de prazas:</b> 0,80 %</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 1.185.343,70 €</p>
<p><b>7.3.7.</b> Aumentar o número de prazas de estancias temporais en centros que lles dan cobertura a certas situacións de emerxencia social ou descanso familiar, que poden ser paliadas cun ingreso temporal.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de prazas:</b> 26</p> <p><b>Incremento anual de prazas:</b> 13,04 %</p> <p><b>N.º de persoas con discapacidade usuarias:</b> 94</p> <p><b>Mulleres:</b> 30</p> <p><b>Homes:</b> 64</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> 438.769,20 €</p>



<p><b>7.3.8.</b> Promover o desenvolvemento de medidas/programas orientados a atender as necesidades en ámbitos da discapacidade con maior escaseza de recursos.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de medidas/programas implantados en 2012:</b> 1</p> <p><b>Descrición das medidas/programas con indicación dos centros ou entidades:</b>          Posta en marcha dun contrato polo que se concertaron 50 prazas de atención residencial no ámbito da discapacidade física, en Bóveda. Non existía ningún recurso desta natureza na comunidade autónoma.</p> <p><b>N.º de persoas usuarias:</b> 42  <b>Mulleres:</b> 14  <b>Homes:</b> 28</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b>          416.500 €</p>
<p><b>7.3.9.</b> Ampliar os recursos tecnolóxicos dirixidos á poboación de persoas con discapacidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>N.º de persoas con discapacidade usuarias:</b> 1.105  <b>Mulleres:</b> 874  <b>Homes:</b> 231</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b>          14.580 €</p>
<p><b>7.3.11.</b> Deseñar un mapa de recursos e infraestruturas que sinala as carencias para os grandes tipos de discapacidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>Mapa elaborado:</b> si</p> <p><b>Descrición do proceso seguido durante 2012:</b>          Está elaborado o mapa de recursos de atención residencial (2011). Este mapa está presentado e colgado na páxina web da consellería. Elaboraranse mapas parciais no ámbito das atencións diúrnas (centro de día e centro ocupacional). Á marxe do sinalado, tamén se conta co programa de asignación de recursos para detectar carencias ou necesidades en áreas xeográficas e colectivos.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b>          Sen dato.</p>
<p><b>7.3.12.</b> Estudar as necesidades de formación dos e das profesionais que traballan no ámbito dos centros/servizos de atención ás persoas con discapacidade.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>Número e descrición dos estudos realizados:</b> 1</p> <p>Realizouse en 2010 un <i>Diagnóstico de necesidades formativas do persoal adscrito á dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal</i>. Trátase do único estudo de necesidades formativas que se realizou, con carácter integral, e a partir do cal se deseñaron accións formativas concretas para o persoal, tanto dos centros coma dos servizos administrativos deste órgano directivo. A planificación de actividades formativas, en anos posteriores, baseouse nas conclusións deste estudo.</p> <p>A previsión era repetir esta actuación tamén en 2012, pero non se realizou un novo estudo por non consideralo necesario. É dicir, sería unha actuación non executada, pero que non se contabiliza como tal, en canto que non se considerou necesaria a súa execución.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b>          20.416 €</p>



<p><b>7.3.13.</b> Deseñar e executar un programa anual de cursos de formación, en resposta ás necesidades detectadas no estudo previsto na actuación anterior.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>N.º de cursos de formación previstos:</b> 28</p> <p><b>N.º de cursos de formación realizados:</b> 24</p> <p><b>Nome/título dos cursos realizados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>1 curso sobre Técnicas de xestión e actuacións de mellora enfocadas á eficiencia en centros residenciais.</li> <li>23 cursos sobre Formación en hixiene alimentaria en centros residenciais.</li> </ul> <p><b>N.º de participantes:</b> 533</p> <p><b>Mulleres:</b> 480</p> <p><b>Homes:</b> 53</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 3.595 €</p>																																	
<p><b>7.3.14.</b> Crear e manter un espazo web sobre a discapacidade que garanta información actualizada.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>Espazo web creado:</b> si</p> <p><b>Enderezo completo do espazo web:</b> <a href="http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-discapacidade">http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-discapacidade</a></p> <p><b>N.º de visitas anuais a este espazo web:</b> 18.381</p> <p>Año 2011: 5.765</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen custo engadido.</p>																																	
<p><b>Actuación (de nova incorporación) 7.3.15.</b> Prestar información, orientación, recepción e derivación de queixas e presuntas situacións de maltrato dende o teléfono social 900 333 666</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>N.º de consultas atendidas en materia de discapacidade:</b> 547</p> <table border="1" data-bbox="783 1014 1396 1384"> <thead> <tr> <th>Motivo da chamada</th> <th>N.º</th> <th>%</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Grao de discapacidade</td> <td>19</td> <td>3</td> </tr> <tr> <td>Dependencia</td> <td>68</td> <td>12</td> </tr> <tr> <td>Prestación socioeconómica</td> <td>124</td> <td>23</td> </tr> <tr> <td>Programas específicos</td> <td>168</td> <td>31</td> </tr> <tr> <td>Vivenda/centros</td> <td>2</td> <td>0</td> </tr> <tr> <td>Accesibilidade</td> <td>37</td> <td>7</td> </tr> <tr> <td>Información</td> <td>12</td> <td>2</td> </tr> <tr> <td>Denuncia</td> <td>1</td> <td>0</td> </tr> <tr> <td>Outros</td> <td>116</td> <td>21</td> </tr> <tr> <td><b>TOTAL</b></td> <td><b>547</b></td> <td><b>100</b></td> </tr> </tbody> </table> <hr/> <p><b>Orzamento destinado</b> 40.693 € (importe total do contrato para a prestación do servizo).</p>	Motivo da chamada	N.º	%	Grao de discapacidade	19	3	Dependencia	68	12	Prestación socioeconómica	124	23	Programas específicos	168	31	Vivenda/centros	2	0	Accesibilidade	37	7	Información	12	2	Denuncia	1	0	Outros	116	21	<b>TOTAL</b>	<b>547</b>	<b>100</b>
Motivo da chamada	N.º	%																																
Grao de discapacidade	19	3																																
Dependencia	68	12																																
Prestación socioeconómica	124	23																																
Programas específicos	168	31																																
Vivenda/centros	2	0																																
Accesibilidade	37	7																																
Información	12	2																																
Denuncia	1	0																																
Outros	116	21																																
<b>TOTAL</b>	<b>547</b>	<b>100</b>																																

**RESUMO:**

- Durante 2012, a área 7 do plan cursou con actividade en 18 das 20 actuacións programadas, o que supón actividade no **90 %** das actuacións. As actuacións sen actividade son só dúas: a 7.2.2 e a 7.2.7.
- Cómpre sinalar como novidade a incorporación da actuación 7.3.15, non recollida no plan, así como a 7.2.5, prevista para 2011, pero con actividade en 2012 e a actuación 7.3.1, programada e executada en 2011 e á que se lle deu continuidade en 2012. Deste xeito, estaríase a falar de actividade en 21 medidas dun total de 23; polo tanto, cun nivel de execución/actividade do **91,3 %**.



Gráfico 7. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 7



Fonte: Elaboración propia.



## 4.8. ÁREA 8. SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

Co obxectivo xeral de garantir unha prevención, rehabilitación e asistencia sociosanitaria das persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da poboación, configurouse a área de actuación 8, “Saúde e atención sociosanitaria”.

Conta cun total de 22 actuacións na súa versión actual (fronte ás 19 na súa versión orixinal, de 2010), o que implica un 7,2 % (antes 6,3 %) do conxunto do plan. Con estas medidas preténdense alcanzar os seguintes obxectivos:

1. Regular o espazo sociosanitario.
2. Diseñar procesos que garanten unha efectiva atención sociosanitaria a través da coordinación dos departamentos con competencia en sanidade e servizos sociais.
3. Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos servizos sanitarios dende unha perspectiva de atención integral.

Para a anualidade 2012, estaba prevista a execución de **15 das 22 actuacións** programadas para o período 2010-2013.

Os **departamentos responsables** destas medidas son: 1) Dirección de Asistencia Sanitaria; 2) Secretaría Xeral de Política Social; 3) Xerencia do Servizo Galego de Saúde; 4) Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar; 5) Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade; 6) Fegas.

O resultado da intervención en 2012 é o que se reflicte no seguinte cadro.



ÁREA 8. SAÚDE E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA	
Obxectivo específico 1. Regular o espazo sociosanitario.	
Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>8.1.1.</b> Consolidar e darlle continuidade ao departamento administrativo con competencia específica no ámbito sociosanitario.</p> <p>✱ Dirección de Asistencia Sanitaria</p>	<p><b>Permanencia deste departamento:</b> si</p> <p><b>N.º de persoas que o integran:</b> 14</p> <p><b>Mulleres:</b> 9</p> <p><b>Homes:</b> 5</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen custos directos.</p>

<p><b>8.1.2.</b> Darlle continuidade á Comisión Interdepartamental de Coordinación de Atención Sociosanitaria de Galicia, regulada pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Dirección de Asistencia Sanitaria</li> <li>✱ Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>N.º de xuntanzas:</b> 0 Segue en activo a Comisión Interdepartamental, pero non se reuniu en 2012.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>8.1.4.</b> Revisar e, se procede, actualizar a normativa que regula os centros e dispositivos de atención comunitaria en materia de saúde mental.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Dirección de Asistencia Sanitaria</li> </ul>	<p>Actuación non executada. Non se considerou actualizar a normativa.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>Obxectivo específico 2. Diseñar procesos que garantan unha efectiva atención sociosanitaria a través da coordinación dos departamentos con competencia en sanidade e servizos sociais.</b></p>	
<p><b>Actuación</b></p>	<p><b>Resultados segundo indicadores</b></p>
<p><b>8.2.2.</b> Establecer mecanismos para a coordinación dos servizos prestados por Sanidade e Benestar no proceso de atención e nas accións de rehabilitación das persoas usuarias de ambos os sistemas, coa finalidade de establecer a continuidade necesaria entre estes.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Dirección de Asistencia Sanitaria</li> <li>✱ Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>Mecanismos de coordinación deseñados e postos en marcha:</b> si</p> <p><b>Descrición detallada dos mecanismos de coordinación:</b> Mantemento do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Consellería Traballo e Benestar, polo que se establecen liñas de traballo conxuntas de apoio e atención sociosanitaria, a pacientes con trastorno mental de duración prolongada e curso crónico, estabilizados dende o punto de vista sanitario. No marco do convenio referido, realizáronse accións formativas para profesionais cuidadores dos centros adscritos á Consellería de Traballo e Benestar en aspectos de cuidados e atención a enfermos con trastorno mental (o orzamento sinalado refírese a este punto).</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 12.926 € (Dirección de Asistencia Sanitaria)</p>
<p><b>8.2.3.</b> Avanzar na recollida da información máis relevante dos aspectos e actuacións de carácter social do/a paciente na historia clínica informatizada de Sanidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Dirección de Asistencia Sanitaria</li> </ul>	<p><b>Modificación/ampliación do aplicativo IANUS e implementación:</b> si</p> <p><b>Descrición da modificación/ampliación realizada:</b> Pendente de modificación da normativa referida ao acceso de profesionais.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>8.2.4.</b> Elaborar un protocolo marco para simplificar os procedementos de autorización de servizos sanitarios en centros públicos de servizos sociais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Secretaría Xeral de Política Social</li> <li>✱ Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade – Inspección Sanitaria</li> <li>✱ Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar – Inspección de Centros</li> </ul>	<p><b>Elaboración do protocolo:</b> Malia que non foi posible a sinatura do protocolo, a Consellería de Sanidade promoveu unha modificación da súa normativa e, na práctica, adoptáronse acordos concretos que facilitaron o procedemento.</p> <p><b>Nome dos departamentos implicados:</b> Secretaría Xeral de Política Social e Unidade de Inspección da Consellería de Sanidade.</p> <p><b>N.º de servizos autorizados:</b> 6 (correspóndese co número de centros que acadaron esta autorización).</p> <p><b>Nota:</b> Información facilitada pola Secretaría Xeral de Política Social.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen custos directos.</p>



<p><b>8.2.5.</b> Poñer en marcha un acordo de colaboración con carácter xeral cara a mellorar a coordinación da atención a persoas con trastorno mental de duración prolongada e curso crónico.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección de Asistencia Sanitaria</li><li>• Secretaría Xeral de Política Social</li></ul>	<p><b>N.º de persoas atendidas con trastorno mental: 24</b> <b>Mulleres:</b> 8 <b>Homes:</b> 16</p> <p>A sinatura do convenio de colaboración tivo lugar o 12/09/11 entre o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Traballo e Benestar, polo que se establecen liñas de traballo conxuntas de apoio e atención sociosanitaria a pacientes con trastorno mental de duración prolongada e curso crónico, estabilizados dende o punto de vista sanitario. Este convenio ten continuidade no 2012 e 2013.</p> <p><b>Nota:</b> Información facilitada dende a Secretaría Xeral de Política Social.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen orzamento asignado.</p>
<p><b>8.2.6.</b> Incluír no plan formativo da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas) formación específica e transversal en materia de discapacidade, en función das diferentes tipoloxías.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Fegas</li><li>• Xerencia do Servizo Galego de Saúde</li></ul>	<p>Datos Fegas:</p> <p><b>N.º total de cursos/módulos incluídos e impartidos en materia de discapacidade: 12</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- N.º de cursos/módulos impartidos en materia de discapacidade física: 4</li><li>- N.º de cursos/módulos impartidos en materia de discapacidade intelectual: 4</li><li>- N.º de cursos/módulos impartidos en materia de discapacidade sensorial: 4</li><li>- N.º de cursos/módulos impartidos en materia de enfermidade mental: 8</li></ul> <p><b>N.º previsto de persoas participantes por curso:</b> sen dato.</p> <p><b>N.º de persoas formadas:</b> 365 <b>Mulleres:</b> 333 <b>Homes:</b> 32</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 10.022 €</p>
<p><b>8.2.7.</b> Realizar as xestións oportunas para que o persoal sanitario que desenvolve a súa actividade en centros públicos de ámbito sociosanitario poida acceder a determinadas accións formativas da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas).</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Xerencia do Servizo Galego de Saúde</li><li>• Dirección de Asistencia Sanitaria</li></ul>	<p><b>N.º de convocatorias de cursos abertos a persoal sanitario do ámbito sociosanitario: 4</b></p> <p>Os cursos convocados foron os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Aspectos éticos e legais específicos nos doentes de perfil sociosanitario.</li><li>2. Abordaxe sociosanitaria da discapacidade.</li><li>3. Abordaxe sociosanitaria das grandes síndromes xeriátricas dende atención primaria.</li><li>4. Atención sociosanitaria: innovación e novas tecnoloxías.</li></ol> <p><b>Nota:</b> Os cursos 2, 3 e 4 non puideron realizarse, a pesar de estar programados, por insuficiencia orzamentaria da Fegas.</p> <p><b>N.º de persoas formadas do ámbito sociosanitario: 8</b> <b>Mulleres:</b> 8 <b>Homes:</b> 0</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 1.242 €</p>

<p><b>8.2.8.</b> Incorporar o persoal sanitario ás accións formativas promovidas pola Consellería de Traballo e Benestar (na área de Benestar) a través da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>N.º de cursos/módulos impartidos en materia de discapacidade nos que participa persoal sanitario: 2</b>  <b>Nome/título dos cursos/módulos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Curso básico sobre cuidados paliativos.</li> <li>Atención ao trastorno mental grave en réxime residencial.</li> </ul> <p><b>N.º total de persoas formadas: 642</b>  <b>Mulleres: 576</b>  <b>Homes: 66</b></p> <p><b>N.º de persoas do ámbito da sanidade formadas: 642</b>  <b>Mulleres: 576</b>  <b>Homes: 66</b></p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  Sen dato.</p>
<p><b>8.2.11.</b> Coordinar os rexistros de recursos autorizados de servizos sociais e de sanidade no marco da xestión do sistema da dependencia e promoción da autonomía persoal.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade – Inspección Sanitaria</li> <li>Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar – Inspección de Centros</li> </ul>	<p><b>Integración dos rexistros:</b> si, en proceso. O progreso actual é dun 10 % do total.</p> <p>Procedeuse ao exame do contido mostrado da web en REXCE. As categorías dos centros e o seu número de identificación non coinciden en ambos os rexistros. Será necesario crear unha listaxe de correspondencias de centros (pode implicar unha carga de traballo de 180 horas).</p> <p><b>Nota:</b> Información facilitada pola SXT da Consellería de Traballo e Benestar</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  Realízase con medios propios.</p>
<p><b>Obxectivo específico 3. Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos servizos sanitarios dende unha perspectiva de atención integral.</b></p>	
<p><b>Actuación</b></p>	<p><b>Resultados segundo indicadores</b></p>
<p><b>8.3.3.</b> Colaborar na difusión da información accesible (lectura fácil, braille...) sobre os diversos aspectos relacionados coa maternidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Xerencia do Servizo Galego de Saúde</li> <li>Dirección de Asistencia Sanitaria</li> <li>Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><u>Páxina web do Servizo Galego de Saúde:</u>  Existe material, tanto para profesionais coma para a cidadanía, relacionado en xeral co embarazo:</p> <p><b>Información dirixida a profesionais:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Guía preconcepcional: <a href="http://www.sergas.es/gal/Muller/docs/PMG02.pdf">http://www.sergas.es/gal/Muller/docs/PMG02.pdf</a></li> <li>-Guía de embarazo: <a href="http://www.sergas.es/gal/Muller/docs/PMG03.pdf">http://www.sergas.es/gal/Muller/docs/PMG03.pdf</a></li> <li>-Guía de educación maternal pre e posnatal: <a href="http://www.sergas.es/gal/Muller/docs/PMG05.pdf">http://www.sergas.es/gal/Muller/docs/PMG05.pdf</a></li> <li>-Guía de parto e puerperio: <a href="http://www.sergas.es/gal/Muller/docs/G4PartoNat.pdf">http://www.sergas.es/gal/Muller/docs/G4PartoNat.pdf</a></li> </ul> <p>Libro de saúde da embarazada: <a href="http://www.sergas.es/gal/muller/docs/libro_saude_embarazada_%2011-04-2012.pdf">http://www.sergas.es/gal/muller/docs/libro_saude_embarazada_%2011-04-2012.pdf</a></p> <p>Información divulgativa.</p> <p>Pictogramas para facilitar a comunicación coas mulleres embarazadas inmigrantes: <a href="http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T01.aspx?IdPaxina=60489">http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T01.aspx?IdPaxina=60489</a></p> <p>Información dirixida á cidadanía: <a href="http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=50001">http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=50001</a></p> <p><b>Nota:</b> Información facilitada pola Xerencia do Sergas, non remitiu o formulario, pero si información puntual á SX de Política Social.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  Sen dato.</p>



<p><b>8.3.4.</b> Adaptar as cartillas sanitarias das e dos nenos con discapacidade que teñen indicadores de saúde distintos ao resto de nenos e nenas.</p> <p>✿ Dirección de Asistencia Sanitaria</p>	<p>Actuación non executada (con base na información facilitada nesta actuación, xa que fala da tarxeta AA, que en realidade se corresponde coa 8.3.7.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>8.3.6.</b> Darlle continuidade ao Programa de formación na atención integral bucodental a pacientes con discapacidade, no marco do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela sobre a realización de programas de atención odontolóxica no módulo asistencial II.</p> <p>✿ Dirección de Asistencia Sanitaria</p>	<p><b>N.º total de persoas atendidas:</b> 1.473  <b>Mulleres:</b> 734  <b>Homes:</b> 739</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  92.200 €</p>
<p><b>8.3.7.</b> Crear unha tarxeta sanitaria especial para nenos e nenas con trastornos do espectro autista.</p> <p>✿ Xerencia do Servizo Galego de Saúde</p>	<p>Creada en 2011 mediante a Instrución 8/2011, de tarxeta sanitaria a protocolo de acollida de pacientes diagnosticados de trastornos xeneralizados do desenvolvemento espectro autista.</p> <p><b>N.º de tarxetas outorgadas en 2012:</b> 872  <b>Mulleres:</b> 241  <b>Homes:</b> 631</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  Sen dato.</p>
<p><b>Actuación (de nova incorporación) 8.3.8.</b> Crear unha tarxeta sanitaria especial para persoas con alzhéimer.</p> <p>✿ Xerencia do Servizo Galego de Saúde</p>	<p>Creada en 2012 mediante a Instrución 13/2012, de tarxeta sanitaria a protocolo de acollida de pacientes diagnosticados de alzhéimer.</p> <p><b>N.º de tarxetas outorgadas:</b> 628  <b>Mulleres:</b> 440  <b>Homes:</b> 188</p> <p><b>Orzamento destinado:</b>  Sen dato.</p>

**IMPORTANTE:**

O Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia (obxecto da actuación 8.1.3 programada para 2011 e da que se dou conta no Informe de seguimento 2011) prevé a estratificación da poboación subsidiaria de atención sociosanitaria en 5 perfís, dos cales un se dirixe a persoas con discapacidade física, outro a discapacidade intelectual e outro a persoas con discapacidade por enfermidade mental. Unha vez finalizado 2012, segue aínda pendente de aprobación e está prevista para 2013. Dende que entre en vigor, espérase que a Consellería de Sanidade, a través do departamento correspondente, facilite a información relativa a ese perfil de poboación.

**RESUMO:**

- Segundo a información dispoñible, en 2012 rexistrouse actividade en 12 das 15 medidas programadas para 2012 na área 8 –“Saúde e atención sociosanitaria”–, o que implica unha execución do **80 %**.
- As **actuacións non executadas** son a 8.1.2, a 8.1.4 e a 8.3.4.
- Non obstante, cabe engadir unha nova actuación, a 8.3.8. Deste xeito, estase a falar de actividade en 13 actuacións dun total de 16, o que supón un nivel de actividade do 81,3 %.

**Gráfico 8. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 8**

Fonte: Elaboración propia.



## 4.9. ÁREA 9. ATENCIÓN TEMPERÁ

A atención temperá constitúe a materia obxecto da área 9 do plan, que se deseñou co obxectivo xeral de universalizar a atención temperá, mellorando a súa calidade e capacidade de atención, e máis concretamente para:

1. Desenvolver unha normativa específica en materia de atención temperá.
2. Definir accións que garantan unha atención efectiva baseada no modelo de intervención biopsicosocial, a través da coordinación interinstitucional correspondente.
3. Desenvolver unha rede de recursos de atención temperá.



No conxunto do plan, esta área é a de menor peso porcentual se se ten en conta o número de medidas: un total de 16 (5,3 % do conxunto). Non obstante, adquire grande importancia por ser unha materia na que era



preciso incidir xa que se trataba dunha demanda do movemento asociativo dende había anos e conseguíuse que tivese un espazo propio neste plan de acción, cunha área específica.

Neste terceiro ano de vixencia, o número de **actuacións programadas** foi de **nove**. A estas hai que lles sumar dúas actuacións previstas só para 2011, pero que non se executaron por depender da aprobación do decreto regulador da atención temperá (actuación tamén programada para 2011), e cuxo borrador se elaborou en 2011, continuou a súa tramitación en 2012 e segue pendente de aprobación no momento en que se redacta este informe.

Estes son os **organismos responsables** da execución das actuacións desta área: Secretaría Xeral de Política Social, Dirección de Asistencia Sanitaria, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

No cadro que se expón a continuación expóñense os resultados acadados nesta área no exercicio 2012.



## ÁREA 9. ATENCIÓN TEMPERÁ

### Obxectivo específico 1. Desenvolver unha normativa específica en materia de atención temperá.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>9.1.3.</b> Desenvolver a Lei orgánica de educación (LOE) no relativo á normativa sobre atención á diversidade, na que se inclúan disposicións específicas sobre a atención temperá na etapa de educación infantil, especialmente no referido ao alumnado de 0-3 anos, primeiro ciclo da atención educativa de educación infantil.</p> <p>✿ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</p>	<p><b>Inclusión de contidos específicos de atención temperá e educación infantil na normativa e publicación desta.</b></p> <p><b>Artigos con este contido:</b></p> <p>A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria non ten publicada unha normativa específica referida á atención temperá, pero esta atención inclúese en diversa normativa de educación infantil e no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 21 de decembro de 2011).</p> <p><b>Normativa:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio de 2006).</li> <li>– Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG do 21 de decembro de 2011).</li> </ul> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>

### Obxectivo específico 2. Definir accións que garantan unha atención efectiva baseada no modelo de intervención biopsicosocial, a través da coordinación interinstitucional correspondente.

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>9.2.1.</b> Definir, unha vez delimitados os marcos de actuación que estableza o decreto regulador, unha carteira de servizos, protocolos de valoración, atención e derivación e composición recomendable dos equipos de desenvolvemento infantil e de atención temperá no ámbito dos servizos sociais e regularizar as unidades e os equipos dependentes da Administración local, de entidades de iniciativa social ou de iniciativa privada actualmente existentes neste ámbito.</p> <p>✿ Secretaría Xeral de Política Social</p>	<p><b>Elaboración da/s norma/s reguladora/s dos aspectos citados:</b></p> <p>O decreto regulador de atención temperá polo que se crea a Rede galega de atención temperá está pendente de aprobación, á espera da emisión do informe preceptivo por parte da Asesoría Xurídica, polo que o resto das actuacións continúan pendentes de execución, agás a definición da carteira de servizos, que está definida e pendente de aprobación a través de decreto.</p> <p><b>Orzamento destinado</b></p>
<p><b>9.2.3.</b> Avaliar e reorganizar a actividade asistencial dende unha perspectiva de áreas sanitarias con xestión integrada, centrando toda a actividade sobre as necesidades das persoas usuarias, en función da regulación dos principios e dos marcos de actuación que estableza a publicación do novo decreto regulador da atención temperá en Galicia.</p> <p>✿ Dirección de Asistencia Sanitaria</p>	<p>Actuación non executada, pendente da aprobación do decreto regulador da atención temperá.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> Recursos propios.</p>



<p><b>9.2.5.</b> Crear un equipo técnico de asesoramento, coordinación e seguimento das actuacións relacionadas coa atención temperá unha vez se aprobo o decreto regulador.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>* Secretaría Xeral de Política Social</li> <li>* Dirección de Asistencia Sanitaria</li> <li>* Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul>	<p>Actuación non executada, pendente da aprobación do decreto regulador da atención temperá.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>9.2.6.</b> Deseñar un sistema de soportes común a partir de estándares internacionais para integrar as actuacións dos distintos departamentos administrativos implicados en atención temperá.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>* Secretaría Xeral de Política Social</li> <li>* Dirección de Asistencia Sanitaria</li> <li>* Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul>	<p>Actuación non executada, á espera da aprobación do decreto regulador</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado</b></p>
<p><b>9.2.8.</b> Informar a sociedade sobre os recursos destinados á atención temperá existentes en Galicia: localización, horario de atención ao público, servizos que prestan, programas que desenvolven, profesionais...</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>* Secretaría Xeral de Política Social</li> <li>* Dirección de Asistencia Sanitaria</li> <li>* Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul>	<p>Actuación non executada, á espera da aprobación do decreto regulador.</p> <p>Por parte da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a información dispoñible atópase nos seguintes espazos web:</p> <p><a href="http://www.edu.xunta.es/web/">http://www.edu.xunta.es/web/</a>  <a href="http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion">http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion</a>  <a href="http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion/125">http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion/125</a>  <a href="http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion/614">http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion/614</a></p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>Obxectivo específico 3. Desenvolver unha rede de recursos de atención temperá.</b></p>	
<p><b>Actuación</b></p>	<p><b>Resultados segundo indicadores</b></p>
<p><b>9.3.1.</b> Consolidar e reforzar a rede de unidades de desenvolvemento infantil e apoio á familia (UDIAF), coa creación de novas unidades para procurar unha atención temperá integral e de calidade, e poderanse desenvolver concertos/convenios coas entidades de iniciativa social provedoras de servizos sociosanitarios.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>* Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>N.º previsto de unidades ao inicio de 2012:</b> 2</p> <p><b>N.º de unidades reais en funcionamento:</b> 2</p> <p><b>N.º de persoas atendidas na anualidade de referencia:</b> 234</p> <p><b>Mulleres:</b> 93</p> <p><b>Homes:</b> 141</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 200.000 €</p>
<p><b>9.3.2.</b> Consolidar e reforzar os dispositivos existentes no sistema sanitario para procurar unha atención temperá integral e de calidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>* Dirección de Asistencia Sanitaria</li> </ul>	<p><b>Medidas de consolidación e reforzamento:</b> si</p> <p>Os centros están consolidados e mantéñense todos os programas asistencias na actualidade.</p> <p><b>Descrición dos programas asistenciais en activo:</b> Sen dato.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> Recursos propios.</p>

<p><b>9.3.3.</b> Consolidar e reforzar os dispositivos existentes no sistema educativo para procurar unha atención temperá integral e de calidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul>	<p><b>Medidas de consolidación e reforzamento:</b></p> <p>Para a procura dunha atención temperá integral e de calidade cóntase, ademais do persoal docente con atención directa ao alumnado, con profesionais que integran os 398 departamentos de orientación dos centros docentes de educación infantil e primaria de Galicia, xunto cos 4 equipos de orientación específicos provinciais.</p> <p>Estes son os recursos que realizan as principais atencións de prevención e atención temperá a todo o alumnado que o necesite.</p> <p>En Galicia está escolarizado a totalidade do alumnado do 2.º ciclo de educación infantil (3-6 anos), o alumnado con necesidades derivadas de discapacidade e, se o demanda, porque presenta necesidades específicas de apoio educativo, dispón dun ano máis de permanencia nesta etapa educativa.</p> <p>A atención educativa ao alumnado do 2.º ciclo de educación infantil organizase sobre o principio de atención á diversidade do alumnado, co obxecto de adaptar a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e nenas, segundo o seu ritmo e o proceso de maduración e de adoptar as medidas oportunas dirixidas ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo.</p> <p>Os centros deseñan, a través do departamento de orientación, accións e recursos encamiñados á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe.</p> <p>Na etapa de educación infantil, facilitáanse diversas coordinacións entre profesionais que están a intervir na atención deste alumnado.</p> <p><b>Normativa:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2009).</li> <li>– Orde do 25 de xuño de 2009 que regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 10 de xullo de 2009).</li> </ul> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>9.3.4.</b> Planificar e desenvolver un programa de accións formativas específicas por colectivos e/ou integrais, relacionadas co desenvolvemento infantil, coa prevención de necesidades e coa atención temperá.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✱ Secretaría Xeral de Política Social</li> <li>✱ Dirección de Asistencia Sanitaria</li> <li>✱ Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul>	<p><b>N.º de accións formativas previstas pola Dirección de Asistencia Sanitaria:</b> 1</p> <p><b>N.º de accións formativas realizadas pola Dirección de Asistencia Sanitaria:</b> 0</p> <p>O curso programado sobre Abordaxe sociosanitaria da discapacidade non puido executarse por falta de orzamento da Fegas.</p> <p><b>N.º de accións formativas previstas exclusivamente pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa:</b> 9</p> <p><b>N.º de accións formativas realizadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa:</b> 9 cursos (270 horas) e 1 xornada (20 horas)</p>



	<p><b>N.º total de persoas formadas en accións formativas compartidas:</b> 370</p> <p><b>Mulleres:</b> sen dato. <b>Homes:</b> sen dato.</p> <p><b>Temática das accións formativas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– A educación infantil nas aulas de educación infantil e primaria, o uso intelixente das emocións.</li> <li>– A educación visual e plástica na educación infantil.</li> <li>– A pensar tamén se aprende.</li> <li>– Ensino e aprendizaxe da lingua escrita.</li> <li>– Educar nas emocións na educación infantil.</li> <li>– O uso das TIC na educación infantil.</li> <li>– O traballo nunha escola infantil innovadora.</li> <li>– Aprender investigando.</li> </ul> <p>No desenvolvemento das accións sinaladas, desenvólvense contidos referidos á diversidade do alumnado, dende a perspectiva inclusiva e de transversalidade sobre o desenvolvemento infantil, a prevención de necesidades e a atención temperá.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b> Sen dato.</p>
<p><b>9.3.5.</b> Promover accións formativas no ámbito universitario e proxectos de fin de grao sobre materias específicas relacionadas co desenvolvemento infantil, a prevención de necesidades e a atención temperá.</p> <p>✱ Universidades</p>	<p><b>UDC</b> En proceso de recollida de datos.</p> <p><b>USC</b> Non existe un rexistro informatizado dos traballos de fin de grao. Estase traballando na súa elaboración para recoller de forma estandarizada este tipo de información.</p> <p><b>Uvigo</b> Sen resposta nesta actuación.</p> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>

### \*\* Continuación actuación 9.1.3

Séguese os principios e os fins do sistema educativo establecidos para ofrecer unha educación de calidade para todo o alumnado, como son a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación; a concepción da educación ao longo de toda a vida..., dispostos na **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**, no capítulo I do título preliminar. No propio título II da referida lei, está dedicado á equidade na educación e establécese que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos. Igualmente, dispónse que as administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas do alumnado. A atención integral deberá iniciarse dende o momento da identificación e teranse como principios a normalización e a inclusión. Neste sentido, infórmase que en todos os centros de ensino básico existen recursos complementarios ao traballo docente con funcións de prevención, orientación e atención específica, principalmente encomendados aos profesionais que integran os departamentos de orientación dos centros de ensinanza infantil, primaria e secundaria, así como dos equipos de orientación específica provinciais con diversas funcións, entre as que se encontra a de complementar as tarefas dos departamentos de orientación dos centros docentes.

Con relación á prevención, detección e atención temperá do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, no citado **Decreto 299/2011** exprésanse as seguintes disposicións:

- **Artigo 4.** Principios xerais de actuación. 1. A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa. 4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.

- **Artigo 6.** Actuacións dos centros docentes. 2. Deseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.

Ademais da detección e da atención temperá das necesidades do alumnado, os departamentos de orientación e os equipos de orientación específicos provinciais préstanlle atención ao expresado nos artigos 22, 23 e 24 que se citan:

- **Artigo 22.** Absentismo, abandono escolar temperán e desescolarización. Para os efectos deste decreto, entenderase por: 1. Absentismo: ausencia ao centro escolar e sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Esta ausencia ao centro suporá, cando menos, un dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual. 2. Abandono escolar temperán: situación daquel alumnado que, malia que pode seguir escolarizado por idade, abandona o sistema educativo sen a obtención da titulación correspondente. 3. Desescolarización: situación en que persoas en idade de escolarización obrigatoria non se atopan matriculadas en ningún centro educativo.

- **Artigo 23.** Mecanismos de prevención, seguimento e control. 2. Estableceranse mecanismos de coordinación entre as institucións educativas e os poderes públicos con competencias na prevención, detección e intervención ante as situacións de absentismo, desescolarización e abandono escolar temperán, para o cal se adoptarán os protocolos de actuación que correspondan. 3. Os centros educativos establecerán, nas súas normas de organización e funcionamento, os procedementos para a aplicación dos citados protocolos e recollerán, como mínimo, as seguintes actuacións ante situacións de desescolarización, absentismo e/ou abandono escolar temperán: a) Control e rexistro das incidencias na asistencia do alumnado aos centros escolares. b) Información ás nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e intervención ante a detección de casos. c) Se procede, traslado da información á Inspección Educativa por parte da dirección do centro.

- **Artigo 24.** Plan autonómico de promoción da escolarización e da formación. A consellería con competencias en materia de educación impulsará a posta en marcha dun plan autonómico de promoción da escolarización e prevención do absentismo e o abandono escolar temperán, no cal se integren actuacións dos servizos educativos, sociais, de saúde, de emprego e, en xeral, de cantas administracións promovan e desenvolvan actuacións destinadas á redución do absentismo e do abandono escolar do alumnado.

**CAPÍTULO V** Alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- **Artigo 32.** Concepto. Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

- **Artigo 33.** Identificación temperá, avaliación inicial e valoración. 1. A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa procedente constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e os recursos educativos á diversidade. 4. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado e dos resultados desa identificación e valoración, así como, de ser o caso, da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.



## CAPÍTULO VII Participación e coordinación

- **Artigo 40.** Colaboración con entidades, asociacións e outras organizacións relacionadas coa atención á diversidade. A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, e estableceranse protocolos comúns de actuación e favorecerase o intercambio de información e a difusión de boas prácticas.

### RESUMO:

- Segundo a información dispoñible, en 2012 rexistrouse actividade en seis das nove medidas programadas para 2012 na área 9 –“Atención temperá”–. Dado que nunha das medidas non hai dispoñibilidade de datos (a 9.3.5, Competencia das universidades), cómpre sinalar que se rexistrou actividade (en todo ou en parte) no **75 %** das actuacións (é dicir, en seis de oito actividades).
- As actuacións non executadas son a 9.2.1 e a 9.2.6.
- Se se consideran as dúas actuacións reincorporadas á anualidade 2012 (actuacións 9.2.3 e 9.2.5) por non executarse en 2011, e que seguiron sen actividade en 2012, seguiríase a falar de que se rexistrou actividade en seis actuacións dun total de 10 sobre as que se levou a cabo o seguimento 2012 (60 %).

Gráfico 9. GRAO DE EXECUCIÓN/ACTIVIDADE ÁREA 9<sup>6</sup>



Fonte: Elaboración propia.

<sup>6</sup> Non se contabiliza para efectos de cálculos de grao de actividade a actuación 9.3.5 pola non dispoñibilidade de datos por parte das universidades.

#### 4.10. ÁREA 10. CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER

A área de Cultura, Deporte e Tempo de lecer conta cun total de 31 actuacións (10,2 % do conxunto) no período 2010-2013, co que se sitúa entre as cinco áreas do plan con maior número de medidas.

A finalidade das súas actuacións é promover a participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas e recreativas, así como o seu adestramento, formación e recursos en igualdade de condicións que as demais persoas.



De maneira máis concreta, coas actuacións programadas para o período 2010-2013 búscase darlles consecución a tres obxectivos:

1. Optimizar a accesibilidade das persoas con discapacidade ás actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer.
2. Fomentar a participación das persoas con discapacidade en actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer normalizadas.
3. Impulsar a práctica deportiva por parte das persoas con discapacidade.

En 2012, estaba previsto o desenvolvemento de **22 actuacións**, ás que se suma outra prevista para 2011 á que non se lle deu execución nesta anualidade (a 10.1.1).



Os departamentos responsables das actuacións desta segunda anualidade son: 1) Secretaría Xeral de Cultura (antes Dirección Xeral de Libro, Bibliotecas e Arquivos); 2) Secretaría Xeral de Política Social; 3) Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado; 4) Secretaría Xeral para o Turismo; 5) Secretaría Xeral para o Deporte.

Na táboa que segue infórmase dos resultados das actuacións desta área.

**ÁREA 10. CULTURA, DEPORTE E TEMPO DE LECER****Obxectivo específico 1. Optimizar a accesibilidade das persoas con discapacidade ás actividades culturais, deportivas e tempo de lecer.**

Actuación	Resultados segundo indicadores
<p><b>10.1.2.</b> Avaliar as necesidades de adaptación das instalacións destinadas a actividades culturais, deportivas e de tempo libre titularidade da Xunta de Galicia para proceder á eliminación das barreiras arquitectónicas e da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✿ Secretaría Xeral de Política Social</li> <li>✿ Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>✿ Secretaría Xeral de Cultura</li> <li>✿ Secretaría Xeral para o Deporte</li> </ul>	<p><b>DX de Xuventude e Voluntariado:</b> Reitérase o sinalado no seguimento do 2011: non se efectuou unha avaliación neste ámbito, xa que por falta de orzamento non houbo nin se prevén a curto prazo proxectos de obras de adaptación nesta materia. Sen resposta do resto de departamentos.</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>10.1.3.</b> Elaborar un documento de recomendacións para que os departamentos administrativos competentes incorporen criterios de cumprimento de accesibilidade nas convocatorias de axudas dirixidas á actividades culturais, deportivas e de tempo de lecer, así como a priorización ou a atención especial a persoas con discapacidade nos programas que proceda.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✿ Secretaría Xeral de Política Social</li> </ul>	<p><b>Documento de recomendacións elaborado:</b> non</p> <p><b>N.º de departamentos administrativos aos que se remite:</b> 0</p> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b></p>
<p><b>10.1.4.</b> Promover a incorporación de criterios de accesibilidade nas ordes de axudas tanto para obras e instalacións coma para as actividades culturais e de tempo de lecer.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✿ Secretaría Xeral de Cultura</li> <li>✿ Secretaría Xeral para o Deporte</li> <li>✿ Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> </ul>	<p><b>N.º de ordes de axudas que conteñen criterios de accesibilidade:</b> 3 (2 da Secretaría Xeral de Cultura e 1 da DX de Xuventude e Voluntariado).</p> <p><b>Convocatorias e criterios de accesibilidade que inclúen:</b> <u>Secretaría Xeral de Cultura:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Convocatoria 1. Orde 30-05-2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, para o equipamento e a mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo Feder, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (DOG 13-06-2012).</li> <li>– Convocatoria 2. Orde 08-06-2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro, para o equipamento e a mellora dos seus locais, cofinanciadas polo Feder, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (DOG 22-06-2012).</li> </ul> <p><u>DX de Xuventude e Voluntariado:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Orde do 31 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa iniciativa Xove. (DOG n.º 43 do 1 de marzo de 2012).</li> </ul> <hr/> <p><b>Orzamento destinado:</b> 800.000 € (S.X. de Cultura). 430.620 € (DX de Xuventude e Voluntariado).</p>



